



**Concello de Vigo**

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
Sesión do 26 de maio de 2022 (1220/1102)**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen Silva Rego  
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira  
D<sup>a</sup> Elena Espinosa Mangana  
D. Carlos López Font  
D. Abel Losada Álvarez  
D. Jaime Aneiros Pereira  
D<sup>a</sup> Yolanda Aguiar Castro  
D<sup>a</sup> Patricia Rodríguez Calviño

**NON ASISTEN:**

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> José Caride Estévez

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e cinco minutos do día vinte e seis de maio de dous mil vinte e dous e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Aguiar Castro, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria de Admón. Municipal, Sra. Gallardo Fariña, e a xefa de Asesoramento, Sra. García Álvarez.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(384).- APROBACIÓN ACTAS.** Apróbase a acta da sesión ordinaria do 19 de maio e extraordinaria e urxente do 20 de maio de 2022. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde–presidente.

**2(385).- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DAS ESCOLAS DE PRIMEIRA ETAPA DE EDUCACIÓN INFANTIL (23). EXPTE. 2887/500.**

Visto o acordo favorable do Tribunal Económico Administrativo do 13/05/2022 e o informe de fiscalización do 20/05/2022, dáse conta do informe-proposta do 10/05/2022, asinado pola xefa de Inspección de Tributos, a directora de Ingresos e polo concelleiro de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

## **1. NORMATIVA APLICABLE:**

- Constitución española de 27 de decembro de 1978.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do réxime local.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (en adiante, TRLRFL).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.
- Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria (en adiante, LXT).
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (en adiante, LPAC).
- Lei 8/1989, de 13 de abril, de taxas e prezos públicos.
- Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.
- Lei 3/2011, do 30 de xuño, de axuda á familia e á convivencia familiar.
- Lei 7/2019 de 23 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, que modifica á Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia
- Lei 4/2021 de 28 de xaneiro de medidas fiscais e administrativas que modifica a Lei 13/2008 de 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia.
- Lei 18/2021, de 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas (DOG Nº 251 de 31/12/2021) que modifica a Lei 13/2008, de 3 de decembro de servizos sociais de Galicia

## **2. ANTECEDENTES DE FEITO.**

**Primeiro.-** Mediante Acordo plenario de data 31 de marzo de 2021 aprobouse a última modificación das tarifas da ordenanza fiscal reguladora das taxas pola prestación do servizo das escolas de primeira etapa de educación infantil (expediente 2714/500) no que se declaraba a bonificación do 100% nas taxas reguladas na presente ordenanza a un segundo fillo ou filla e sucesivos/as da unidade familiar.

**Segundo.-** Con data 21 de marzo de 2022 o Ser. Concelleiro de Educación solicita a modificación da presente ordenanza coas seguintes finalidades

1. Que de maneira explícita se declare que as cotas do artigo 4 da Ordenanza non terán efectividade para os usuarios e o seu obxecto é a transparencia no cálculo da compensación á que se obriga a Comunidade Autónoma en virtude da modificación da Lei de Servizos Sociais de Galicia (Disposición adicional novena).
2. Que quede constancia expresa de que continúa sendo gratuíta a prestación dos servizos de mantención e de orientación nas Escolas Infantís Municipais.

**Terceiro.-** O Sr. Concelleiro-Delegado da Área de Orzamentos e Facenda ditou orde de inicio de expediente de modificación en data 4/4/2022.

## **3. CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS E XURÍDICAS.**

Os tributos, ademais de ser medios cos que conseguir os recursos para financiar o gasto público, son tamén un instrumento da política económica aínda que esta finalidade



## Concello de Vigo

extrafiscal non pode esquecer a propia finalidade recadatoria, é dicir, a de financiar o gasto público.

A presente modificación da Ordenanza destas taxas realízase no contexto doutras medidas de redución da carga tributaria enmarcadas todas elas en políticas municipais dirixidas á protección da familia, a educación, ou o emprego.

A modificación proposta consiste en incluír un apartado 1 no artigo 3 da Ordenanza do seguinte tenor literal

*“1. Aplicarase unha bonificación do 100% nas taxas reguladas no artigo 4 da presente ordenanza a todas as nenas e nenos que reciban atención educativa nas escolas municipais de primeira etapa de educación infantil. Continúan excluídas das taxas reguladas na presente ordenanza as prestacións consistentes en manutención e orientación”.*

A disposición adicional novena da Lei 13/2008, de tres de decembro, de servizos sociais de Galicia establece entre outros extremos o seguinte:

*“No caso de que as entidades locais teñan implantado para a atención educativa un sistema de copagamento en contía superior á derivada do réxime de prezos establecido pola Xunta de Galicia para as escolas infantís de titularidade autonómica, o importe da compensación regulada no parágrafo anterior só poderá alcanzar unha contía equivalente á derivada do aludido réxime de prezos, sempre que aquelas xustifiquen a aplicación da bonificación do 100 % da contía dos prezos públicos ou contraprestacións pecuniarias que se atopen en cada momento en vigor, e será a cargo das entidades locais a contía da bonificación no que exceda da cantidade compensada pola Administración autonómica, debendo consignarse nos orzamentos da entidade local as dotacións oportunas.*

*Para os efectos do disposto nesta disposición, respecto das entidades locais que opten pola aplicación da bonificación establecida, entenderase que existen razóns de interese público que permiten fixar a contía dos prezos públicos ou contraprestacións pecuniarias por debaixo do límite do custo do servizo.*

Segundo o anterior, tendo en conta que as tarifas establecidas na presente ordenanza non serán de aplicación aos usuarios/as pero sí serán relevantes para o cálculo da compensación que fixa a citada disposición adicional para o concello, figurarán no artigo 4 polo importe idéntico ao vixente nas escolas infantís de titularidade autonómica na data de entrada en vigor da Lei 7/2019 de medidas fiscais e administrativas (DOG 27/12/2019) que modificou a citada Lei de servizos sociais de Galicia. (Os importes constan no presente expediente en documento anexo).

A Consellería competente en materia de servizos sociais compensaría ao concello por importe de **373.785 euros** dos que 259.585 euros corresponderían a aplicación da citada disposición adicional novena da Lei 13/2008 de 3 de decembro de servizos sociais de Galicia e 124.200 euros (13.800 euros por cada escola) recollidos no Plan Concertado da Consellería de Política Social.

Compre deixar constancia de que segundo o estudo económico que obra no expediente, o importe total do custo do servizo de Escolas Infantís supón ao Concello de Vigo no presente

ano 2022 **2.755.303, 10 euros**. En consecuencia a compensación da comunidade autónoma acadaría un 14% do custe do servizo.

A regulación das taxas contidas na presente Ordenanza ten o seu marco legal no disposto nos Artigos 20 a 27 do TRLRFL.

#### **4. INFORME SOBRE REPERCUSIÓN ORZAMENTARIA.**

De conformidade co artigo 129.7 da Lei 39/2015, faise constar a continuación a estimación da repercusión orzamentaria na partida correspondente do orzamento de ingresos do Concello.

A bonificación do 100% prevista na presente modificación da ordenanza, supoñendo a súa entrada en vigor o 1 de setembro reduciría a partida 31200 do presuposto de ingresos do presente ano 2022 en 97.000€ ascendendo a previsión da compensación autonómica a 43.000 euros. En consecuencia a minoración de ingresos no vixente presuposto con motivo do presente expediente ascendería á cantidade de 54.000 euros.

#### **5. INNECESARIEDADE DO TRÁMITE PREVISTO NO ARTIGO 133 DA LEI 39/2015.**

Segundo o apartado 4 do artigo 133 da Lei 39/2015, *“cando a proposta normativa non teña un impacto significativo na actividade económica, non impoña obrigas relevantes aos destinatarios ou regule aspectos parciais dunha materia, poderá omitirse a consulta pública”* a que se refire o apartado 1 do mesmo artigo.

Segundo informe do Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo de data 20.06.17 coincidente co da Dirección Xeral de Tributos de data 10 de xaneiro de 2018: *“o trámite de consulta previa debe substanciarse cando se trata dunha nova ordenanza fiscal, mentres que no caso da modificación dunha ordenanza fiscal aprobada con anterioridade, pode obviarse dito trámite por tratarse dunha regulación parcial da materia”*.

#### **Tramitación da modificación.**

O expediente deberá ser tramitado conforme dispón o artigo 111 da LRBRL, artigos 15 a 19 do RDL 2/2004 de 5 de marzo que aproba o TRLRFL e artigo 137 apartado 1 b) da citada LRBRL.

Segundo informe do TEA do Concello de data 24 de xuño de 2020, *«unha vez incorporados os correspondentes informes xurídicos, técnicos e económicos, será redactado Informe-Proposta e o expediente será remitido á Intervención Xeral. Expresamente se solicitará a dito órgano que “de conformidade co indicado polo TEACV, órgano competente para o Ditame sobre os Proxectos de Ordenanzas Fiscais, deberá informarse sobre o cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, suficiencia financeira e demais restricións orzamentarias que se puideran derivar do acordo proposto”*.



## Concello de Vigo

*Con carácter potestativo poderá solicitarse ao TEACV, como ven sucedendo dende a creación deste, informe previo sobre a legalidade da Proposta de Proxecto que se somete a aprobación da Xunta de Goberno Local, a fin de que, tanto polos órganos políticos como polos administrativos, exista garantía sobre a conformidade no Ditame que será emitido con posterioridade á aprobación, no seu caso, da Proposta de Proxecto pola Xunta de Goberno Local. Así mesmo, e se este órgano así o estima conveniente, complementa o control de legalidade de quen teña atribuída dita función nos asuntos que deban ser sometidos á consideración da Xunta de Goberno Local.*

*Unha vez aprobado o Proxecto pola Xunta de Goberno Local será novamente remitido ao TEACV, quen elaborará o correspondente Ditame. Incorporado o preceptivo Ditame, o expediente, agora xa completo, será remitido á Secretaría do Pleno a fin da súa posta de manifesto aos voceiros dos grupos municipais e para o seu estudio e debate en Comisión Informativa e no Pleno.*

*De producirse transaccións políticas na fase de Propostas de emendas que varíen a redacción do Proxecto, deberá remitirse novamente o texto modificado á Intervención Xeral para o referido informe sobre cumprimento de restricións orzamentarias como previo á aprobación pola Xunta de Goberno Local do texto modificado e sometido a novo Ditame do TEACV.*

*O expediente co texto aprobado pola Xunta de Goberno Local e ditaminado polo TEACV someterase a estudio e aprobación pola Comisión Informativa correspondente e será remitido para a súa aprobación provisional polo Pleno.*

*Producida dita aprobación provisional, exporase ao público por prazo de trinta días a fin de que, por quen teña a condición de interesado, poida ser plantexada a oportuna reclamación.*

*De ser presentadas reclamacións, determinarase previamente a admisibilidade das mesmas e, entre as admitidas, resolverase estimando ou desestimando as mesmas, dándose conta á Xunta de Goberno Local e remitíndose ao Pleno para aprobación definitiva. No caso de non presentarse reclamacións ou incorrer todas as presentadas en causa de inadmisibilidade, entenderase aprobado o texto sen necesidade de remisión ao Pleno para a súa aprobación definitiva.*

*No caso de ser presentadas reclamacións admisibles contra o acordo de aprobación provisional, sexan estimadas ou non, procederá a remisión ao Pleno aos efectos da aprobación definitiva. No caso de que pola estimación de reclamación contra o Acordo de aprobación provisional se modificase este, o texto da Ordenanza será remitido previamente ao TEACV para novo Ditame».*

Á vista do anterior, esta Dirección de Ingresos propón á Xunta de Goberno local a adopción do seguinte,

### **ACORDO:**

**PRIMEIRO.-** Aprobar o seguinte Proxecto de Modificación da Ordenanza Fiscal:

**ORDENANZA N° 23:**

## **MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DAS ESCOLAS DE PRIMEIRA ETAPA DE EDUCACIÓN INFANTIL.**

### **ARTIGO 3.- EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS**

1. Aplicarase unha bonificación do 100% nas taxas reguladas no artigo 4 da presente ordenanza a todas as nenas e nenos que reciban atención educativa nas escolas municipais de primeira etapa de educación infantil. Continúan excluídas das taxas reguladas na presente ordenanza as prestacións consistentes en manutención e orientación.

2. Para a aplicación da compensación que corresponde ao Concello a cargo da consellería competente en materia de servizos sociais prevista na disposición adicional novena apartados 2 e 7 da Lei 13/2008 de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, establécese o mesmo baremo que a Comunidade Autónoma para a determinación dos supostos de exención:

Estarán exentos/as os nenos e nenas pertencentes a familias con renda per cápita da unidade familiar inferior ao 50% do Indicador público de renda de efectos múltiples IPREM (Decreto 49/2012, de 19 xaneiro da Consellería de Traballo e Benestar, polo que se aproba o réxime de prezos das escolas infantís 0-3 dependentes desta consellería, modificado por Decreto 91/2014, de 17 de xullo)

3 (suprímese)

4 (suprímese)

### **ARTIGO 4.- COTAS**

As cotas tributarias relacionadas no presente artigo non serán de aplicación ás persoas usuarias pois segundo o disposto no artigo 3 anterior todas as nenas e nenos que reciban atención educativa nas escolas infantís municipais gozaran de bonificación do 100%

Por outro lado, continua sendo gratuíta a prestación dos servizos de manutención e de orientación nas escolas infantís municipais.

Non obstante o anterior, para a aplicación da compensación que corresponde ao Concello a cargo da consellería competente en materia de servizos sociais prevista, na disposición adicional novena apartados 2 e 7 da Lei 13/2008 de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, establécese as mesmas contías para atención educativa que as vixentes nas escolas infantís de titularidade autonómica na data de entrada en vigor da Lei 7/2019 de medidas fiscais e administrativas (DOG de 27/12/2019) que modificou a citada Lei de servizos sociais de Galicia:

Nenas e nenos pertencentes a familias con renda per cápita da unidade familiar

Entre o 50% do IPREM e inferiores ao 75% 34,91 €

Entre o 75% do IPREM e inferiores ao 100% 69,81 €

Entre o 100% do IPREM e inferiores ao 125% 112,13 €

Entre o 125% do IPREM e inferiores ao 150% 133,29 €



**Concello de Vigo**

Entre o 150% do IPREM e o 200% 147,05 €

Superiores ao 200% do IPREM 169,26 €

**ARTIGO 5.- DEVENGO E INGRESO (suprímese)**

**ARTIGO 6.- INFRACCIÓNS E SANCIÓNNS (suprímese)**

### **DISPOSICIÓNS FINAIS**

2ª. Esta modificación entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no BOP permanecendo vixente ata a súa modificación ou derogación expresa.

**SEGUNDO** Propoñer ao Pleno, previos Ditames do Tribunal Económico-Administrativo do Concello de Vigo e da Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda a adopción do seguinte **ACORDO**

**1º) Aprobar inicialmente a “MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DAS ESCOLAS DE PRIMEIRA ETAPA DE EDUCACIÓN INFANTIL” (23).**

### **ARTIGO 3.- EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS**

1. Aplicarase unha bonificación do 100% nas taxas reguladas no artigo 4 da presente ordenanza a todas as nenas e nenos que reciban atención educativa nas escolas municipais de primeira etapa de educación infantil. Continúan excluídas das taxas reguladas na presente ordenanza as prestacións consistentes en manutención e orientación.

2. Para a aplicación da compensación que corresponde ao Concello a cargo da consellería competente en materia de servizos sociais prevista na disposición adicional novena apartados 2 e 7 da Lei 13/2008 de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, establécese o mesmo baremo que a Comunidade Autónoma para a determinación dos supostos de exención:

Estarán exentos/as os nenos e nenas pertencentes a familias con renda per cápita da unidade familiar inferior ao 50% do Indicador público de renda de efectos múltiples IPREM (Decreto 49/2012, de 19 xaneiro da Consellería de Traballo e Benestar, polo que se aproba o réxime de prezos das escolas infantís 0-3 dependentes desta consellería, modificado por Decreto 91/2014, de 17 de xullo)

3 (suprímese)

4 (suprímese)

### **ARTIGO 4.- COTAS**

As cotas tributarias relacionadas no presente artigo non serán de aplicación ás persoas usuarias pois segundo o disposto no artigo 3 anterior todas as nenas e nenos que reciban atención educativa nas escolas infantís municipais gozaran de bonificación do 100%

Por outro lado, continua sendo gratuíta a prestación dos servizos de manutención e de orientación nas escolas infantís municipais.

Non obstante o anterior, para a aplicación da compensación que corresponde ao Concello a cargo da consellería competente en materia de servizos sociais prevista, na disposición adicional novena apartados 2 e 7 da Lei 13/2008 de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, establécense as mesmas contías para atención educativa que as vixentes nas escolas infantís de titularidade autonómica na data de entrada en vigor da Lei 7/2019 de medidas fiscais e administrativas (DOG de 27/12/2019) que modificou a citada Lei de servizos sociais de Galicia:

Nenas e nenos pertencentes a familias con renda per cápita da unidade familiar

Entre o 50% do IPREM e inferiores ao 75%	34,91 €
Entre o 75% do IPREM e inferiores ao 100%	69,81 €
Entre o 100% do IPREM e inferiores ao 125%	112,13 €
Entre o 125% do IPREM e inferiores ao 150%	133,29 €
Entre o 150% do IPREM e o 200%	147,05 €
Superiores ao 200% do IPREM	169,26 €

**ARTIGO 5.- DEVENGO E INGRESO (suprímese)**

**ARTIGO 6.- INFRACCIÓNS E SANCIÓNNS (suprímese)**

### **DISPOSICIÓNS FINAIS**

2ª. Esta modificación entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no BOP permanecendo vixente ata a súa modificación ou derogación expresa.

2º) Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no Boletín oficial da provincia, taboleiro do Concello e prensa local para exame e reclamacións.

3º) Para o caso de non presentarse reclamacións entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

Publicarase o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.

Facúltase á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.





**Concello de Vigo**

**3(386).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS PARA A XESTIÓN SUSTENTABLE E INTEGRADA DOS RESIDUOS MUNICIPAIS DE VIGO E A SÚA VALORIZACIÓN DENTRO DO MARCO EUROPEO DA ESTRATEXIA DA ECONOMÍA CIRCULAR . EXPTE. 7645/252.**

Visto o informe de fiscalización do 20/05/2022, dáse conta da proposta da Mesa de Contratación realizada o 19/05/2022, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

b) Procedemento aberto para a contratación dos servizos para a xestión sustentable e integrada dos residuos municipais de Vigo e a súa valorización dentro do marco europeo da estratexia da economía circular (7.645-252)

**LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación dos servizos para a xestión sustentable e integrada dos residuos municipais de Vigo e a súa valorización dentro do marco europeo da estratexia da economía circular (7.645-252)

**ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Con data do 23 de decembro de 2021 a Xunta de Goberno local, acordou:

“Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria dos SERVIZOS PARA A XESTIÓN SUSTENTABLE E INTEGRADA DOS RESIDUOS MUNICIPAIS DE VIGO E A SÚA VALORIZACIÓN DENTRO DO MARCO EUROPEO DA ESTRATEXIA DA ECONOMÍA CIRCULAR.

Segundo.- Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas asinado polos Enxeñeiros municipais do Concello de Vigo en data 28/10/2021 e os seus anexos (do nº1 ao nº 61) asinados con datas 29/09/2021 e 30/09/2021.

Terceiro.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola Xefa do Servizo de contratación en data do 13/12/2021.

Cuarto.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de 421.892.156,35 euros, sendo o importe correspondente ao IVE de 38.449.750,44 euros.

S.ord. 26/05/2022

Para o seu financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo, na aplicación orzamentaria 1622.227.99.01 “xestión-valorización integral do servizo de residuos”, de acordo coas seguintes anualidades:

		Total orzamento sen IVE	IVE	total con IVE
Ano 1 (*)	2022	24.957.602,19 €	2.502.921,86 €	27.460.524,05 €
ano 2	2023	34.793.562,36 €	3.488.821,97 €	38.282.384,33 €
ano3	2024	36.595.321,94 €	3.669.586,39 €	40.264.908,33 €
ano 4	2025	39.225.828,10 €	3.932.951,10 €	43.158.779,20 €
ano 5	2026	39.915.139,12 €	4.002.364,95 €	43.917.504,07 €
ano 6	2027	40.448.692,34 €	4.055.902,73 €	44.504.595,07 €
ano 7	2028	41.003.026,92 €	4.111.376,77 €	45.114.403,69 €
ano 8	2029	41.575.408,30 €	4.169.168,60 €	45.744.576,90 €
ano 9	2030	42.161.157,80 €	4.227.761,44 €	46.388.919,24 €
ano 10	2031	42.766.666,84 €	4.288.894,63 €	47.055.561,47 €
		383.442.405,91 €	38.449.750,44 €	421.892.156,35 €

(\*) Tendo en conta a previsión para o inicio do contrato, o importe do ano 1 atópase calculado para o período 1 de abril ao 31 de decembro do ano 2022 (9 meses).

As diferentes anualidades imputaranse aos exercicios orzamentarios detallados, quedando o gasto subordinado ao crédito que para cada exercicio se consigne no orzamento, segundo o disposto no artigo 117.2 LCSP.

Quinto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”.

**Segundo.-** A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 5 de maio de 2022 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación dos servizos para a xestión sustentable e integrada dos residuos municipais de Vigo e a súa valorización dentro do marco europeo da estratexia da economía circular (7.645-252) na seguinte orde descendente:



<b>Orde</b>	<b>Licitadores</b>	<b>Puntuación total</b>
1	FCC MEDIO AMBIENTE, S.A.U.	89,75
2	UTE S.A. DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA, S.A. DE GESTIÓN DE SERVICIOS Y CONSERVACIÓN GESECO Y ESPINA OBRAS HIDRÁULICAS, S.A.U.	78,41

*Segundo.-* Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, FCC MEDIO AMBIENTE, S.A.U. (A-28.541.639), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

**Terceiro.-** Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, FCC MEDIO AMBIENTE, S.A.U., o día 9 de maio de 2022, que presenta a documentación requirida os días 18 e 19, dentro do prazo concedido.

**Cuarto.-** A Mesa de Contratación na sesión do 19 de maio de 2022 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

## **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar FCC MEDIO AMBIENTE, S.A.U., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por FCC MEDIO AMBIENTE, S.A.U., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de datas 19 de abril e 2 de maio de 2022, respectivamente.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*“Adxudicar a FCC MEDIO AMBIENTE, S.A.U. (A-28.541.639) o procedemento aberto para a contratación dos servizos para a xestión sustentable e integrada dos residuos municipais de Vigo e a súa valorización dentro do marco europeo da estratexia da economía circular (7.645-252) coas seguintes condicións:*

*1.- O prezo total do contrato é de 402.970.748,49 euros, sendo o importe correspondente ao IVE de 36.729.622,43 euros co seguinte detalle:*

	Parte fixa	Plan de investimentos do contrato calculado cun financiamento do 3% de tipo fixo	Parte variable	Variable por incentivo	Prezo do contrato
<b>Prezo sen IVE</b>	323.754.427,36	15.180.960,38 €	26.346.558,10 €	959.180,21 €	366.241.126,06 €
<b>Importe IVE</b>	32.375.442,74	1.518.096,04	2.634.655,81	201.427,85	36.729.622,43 €
<b>Tipo impositivo</b>	10%	10%	10%	21%	<b>402.970.748,49 €</b>

*2.- Propón como porcentaxe para o cálculo do custe para a xestión dos residuos da fracción orgánica 70,00%.*

*3.- Propón como porcentaxe única de desconto sobre os prezos unitarios previstos no apartado 3.g desta FEC para determinar o custe dos incrementos sobre os mínimos obrigatorios establecidos no PPTP da recollida separada destes residuos 50,00%.*

*4.- Propón a seguinte porcentaxe única de aplicación para a redución do importe máximo do incentivo sobre a recollida selectiva clásica máis os RAEE 4%.*

*5.- Propón a seguinte porcentaxe de tipo de interese ofertado polo licitador para a determinación do custe financeiro do plan de investimentos 0,01%.*

*6.- Propón a seguinte porcentaxe como incremento de aplicación sobre o indicado na cláusula 4.5 do PPTP cuxo importe consta no Anexo VI deste PCAP,*



## Concello de Vigo

*para determinar o gasto dedicado ás campañas de información, comunicación e concienciación cidadá en relación ao obxecto do contrato 0,40%.*

*7.- Propón como prezo por tonelada a aboar ao Concello de Vigo pola venda do residuo "Papel-Cartón" de acordo coas condicións definidas na cláusula 11.4 do PPTP o de 1,00 euro.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".*

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **4(387).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE EQUIPOS INFORMÁTICOS DE USUARIO (ORDENADORES, MONITORES E ESCÁNERES). EXPTE. 9811/113.**

Visto o informe de fiscalización do 20/05/2022, dáse conta da proposta da Mesa de Contratación realizada o 19/05/2022, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación do subministro de equipos informáticos de usuario (ordenadores, monitores e escáneres) (9.811-113)

### **LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do subministro de equipos informáticos de usuario (ordenadores, monitores e escáneres) (9.811-113)

### **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Con data do 10 de marzo de 2022 a Xunta de Goberno local, acordou:

*“PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto ordinario coa finalidade de realizar a contratación do subministro de equipos informáticos de usuarios (ordenadores, monitores e escáneres)*

*- Informe xustificativo da necesidade e idoneidade asinado polo Xefe de servizo de Administración Electrónica de data 24/01/2022 e co conforme da Concelleira delegada de Xestión Municipal.*

*- Resolución de inicio de expediente de contratación de data 24/01/2022 da concelleira Delegada de Xestión Municipal.*

*- Documento económico sobre a existencia de crédito de data 30/01/2022 asinado pola Dirección Superior Contable e Orzamentaria*

*- Prego de prescricións técnicas particulares (PPTP) de data 15/02/2022 asinado polo xefe de servizo de Administración Electrónica*

*- Memoria xustificativa do contrato de data 15/02/2022, asinada polo xefe de servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira delegada de Xestión Municipal*

*- Informe da Xefa Servizo de Contratación de data 15/02/2022, sobre a comprobación da incorporación ao expediente da documentación necesaria para a tramitación do contrato.*

*- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do servizo polo procedemento aberto , asinado pola Xefa do Servizo de Contratación de data 24/02/2022.*

*SEGUNDO.- Autorizar o gasto de 109.550,00 €, que inclúe un IVE de 19.012,81 €, dende o 1 de Maio de 2022 , segundo o seguinte detalle de partidas e exercicios:*

<i>exercicio</i>	<i>concepto</i>	<i>partida</i>	<i>base</i>	<i>ive</i>	<i>total</i>
<i>2022</i>	<i>EQUIPOS INFORMATICOS</i>	<i>9207.6260000</i>	<i>90.537,19 €</i>	<i>19.012,81 €</i>	<i>109.550,00 €</i>

*TERCEIRO.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista”.*

**Segundo.-** A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 28 de abril de 2022 adoptou a seguinte resolución:

*“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do suministro de equipos informáticos de usuario (ordenadores, monitores e escáneres) (9.811-113) na seguinte orde descendente:*

<b>Orde</b>	<b>Licitador</b>	<b>Puntuación total</b>
<i>1</i>	<i>SOFTWARE Y COMUNICACIONES MARKA INFORMÁTICA S.L.</i>	<i>77,13</i>
<i>2</i>	<i>UNIVERTIA, S.L.</i>	<i>67,15</i>



**Concello de Vigo**

<b>Orde</b>	<b>Licitador</b>	<b>Puntuación total</b>
3	HERBECON SYSTEMS, S.L.	61,64
4	ATI GALICIA, S.L.L.	39,60

*Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, SOFTWARE Y COMUNICACIONES MARKA INFORMÁTICA S.L. (B-36.742.153), para que presente, no prazo de dez días hábiles a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):*

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

**Terceiro.-** Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, SOFTWARE Y COMUNICACIONES MARKA INFORMÁTICA S.L., o día 28 de abril de 2022, que presenta a documentación requirida o 12 de maio, dentro do prazo concedido. Así mesmo, con data do 16 de maio presentan documento do aval coa sinatura do representante bancario de data 11 de maio. Na documentación presentada o 12 de maio non se podía comprobar a referida sinatura.

**Cuarto.-** A Mesa de Contratación na sesión do 19 de maio de 2022 admitiu a documentación presentada en base ao criterio sostido polos tribunais de recursos contractuais que defende a posibilidade de emenda desta documentación (entre outras, Resolución nº 806/2019, do 11 de xullo, do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuales) e considerouna correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

## **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar SOFTWARE Y COMUNICACIONES MARKA INFORMÁTICA S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

S.ord. 26/05/2022

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por SOFTWARE Y COMUNICACIONES MARKA INFORMÁTICA S.L., de acordo co informe de valoración das proposicións avaliáveis mediante fórmula de data 26 de abril de 2022.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*“Adxudicar a SOFTWARE Y COMUNICACIONES MARKA INFORMÁTICA S.L. (B-36.742.153) o procedemento aberto para a contratación do subministro de equipos informáticos de usuario (ordenadores, monitores e escáneres) (9.811-113) coas seguintes condicións:*

A) *O prezo máximo do contrato é de 109.550,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 19.012,81 euros, coas seguintes porcentaxes de desconto a aplicar aos prezos unitarios previstos no apartado 3.G do Anexo I -FEC- do PCAP:*

- Porcentaxe de desconto a aplicar ao prezo unitario dos equipos de sobremesa tipo A: 27%*
- Porcentaxe de desconto a aplicar ao prezo unitario dos equipos de sobremesa tipo B: 35%*
- Porcentaxe de desconto a aplicar ao prezo unitario dos monitores: 10%*
- Porcentaxe de desconto a aplicar ao prezo unitario dos portátiles de 15,6”: 15%*
- Porcentaxe de desconto a aplicar ao prezo unitario dos portátiles convertibles: 21%*
- Porcentaxe de desconto a aplicar ao prezo unitario dos escáneres: 12%*

B) *Propón as seguintes melloras sobre os requisitos técnicos especificados na cláusula 2 do PPT:*

a) *Melloras técnicas dos equipos de sobremesa tipo A:*

- Incrementa as características técnicas do procesador a 3.973*





**Concello de Vigo**

*b) Melloras técnicas dos equipos de sobremesa tipo B:*

- *Incrementa as características técnicas do procesador a 2.519*
  - *Propón un disco duro de 240 GB, a maiores do mínimo esixido (120GB)*

*c) Melloras técnicas dos monitores:*

- *Reduce o tempo de resposta máximo establecido no PPT (5 ms)*

*d) Melloras técnicas dos portátiles 15,6”:*

- *Incrementa as características técnicas do procesador a 2.704*

*e) Melloras técnicas dos portátiles convertibles:*

- *Incrementa as características técnicas do procesador a 2.728*
  - *Propón un disco duro de 512 GB, a maiores do mínimo esixido (256GB)*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.*

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **5(388).- MODIFICACIÓN DO CONTRATO DE SERVIZO DE DE VIXILANCIA, SOCORRISMO, SALVAMENTO, ASISTENCIA SANITARIA DE PRIMEIROS AUXILIOS E SEGURIDADE E ACCESIBILIDADE PARA O BAÑO DE PERSOAS CON MOBILIDADE REDUCIDA EN DETERMINADOS AREAIS DE VIGO. EXPTE. 6779/241.**

Visto o informe de fiscalización do 16/05/2022, dáse conta do informe-proposta do 13/05/2022, asinado pola xefa do Servizo de Contratación, a concelleira-delegada de Área e pola titular de Asesoría Xurídica, que di o seguinte:

### **NORMATIVA DE APLICACIÓN**

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña ao TRLCSP
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)

S.ord. 26/05/2022

- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPAC)
- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 5/1997, do 22 xullo, de administración local de Galicia (LALGA)
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por procedemento aberto do servizo de vixilancia, socorrismo, salvamento, asistencia sanitaria de primeiros auxilios e seguridade e accesibilidade para o baño de persoas con mobilidade reducida en determinados areas do Concello de Vigo (PCAP)
- Prego de prescricións técnicas para a contratación por procedemento aberto do servizo de vixilancia, socorrismo, salvamento, asistencia sanitaria de primeiros auxilios e seguridade e accesibilidade para o baño de persoas con mobilidade reducida en determinados areas do Concello de Vigo (PPT)

## **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Na sesión do 12 de decembro de 2019 a Xunta de Goberno local (en adiante XGL) acordou aprobar o expediente de contratación, os pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, e a apertura do procedemento de licitación para a contratación do servizo de vixilancia, socorrismo, salvamento, asistencia sanitaria de primeiros auxilios e seguridade e accesibilidade para o baño de persoas con mobilidade reducida en determinados areas do Concello de Vigo o.

**Segundo.-** O 30 de abril de 2020 a XGL adoptou o seguinte acordo:

“3.- Adxudicar a SALVAR, FORMAR, Y SOCORRER, S.L. (B-70.608.278) o procedemento aberto para a contratación do servizo de vixilancia, socorrismo, salvamento, asistencia sanitaria de primeiros auxilios e seguridade e accesibilidade para o baño de persoas con mobilidade reducida en determinados areas de Vigo anos 2020, 2021 e 2022 (14.428-306) coas seguintes condicións:

- a) O prezo total do contrato é de 1.766.253,95 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 306.539,94 euros euros.
- b) Comprométese a por a disposición do servizo 300 horas cada ano no período estival.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

**Terceiro.-** O contrato formalizouse en documento administrativo en data do 26 de maio de 2020. Ten unha duración de tres anos. Contémplanse dúas posibles



## Concello de Vigo

prórrogas dun ano de duración cada unha (apartado 4 do anexo I de follas de características do contrato (FEC) do prego de cláusulas administrativas particulares).

**Cuarto.-** Por Acordo do Consello da Xunta de Galicia, de 14 de outubro de 2021 se aproba o Plan de salvamento en praias de Galicia (Sapraga) (DOG 22/11/2021).

As praias que o Concello de Vigo adhira ó dito plan deben estar incluídas no censo de augas de baño do Servicio Galego de Saúde, Sergas, e contar con servizos de socorrismo para as de categoría 1. O Areal de Santa Baia segundo o establecido no devandito Plan Sapraga do ano 2021, ten ca cualificación da calidade da auga de EXCELENTE e está incluída na CATEGORÍA 1 pola de afluencia de usuarios alta e perigosidade media polo que debería de contar con servizos de socorrismo de acordo co citado plan, sendo estes de competencia municipal.

**Quinto.-** A Xunta de Goberno Local de 28 de xaneiro de 2022 acordou solicitar o galardón medio ambiental de bandeira azul para o areal de Santa Baia, polo que resulta necesario a prestación do servizo de salvamento e socorrismo neste areal segundo os compromisos esixidos para obter dito galardón.

**Sexto.-** En data 10 de maio de 2022 o xefe do servizo de Medioambiente solicita o inicio dun expediente de modificación deste contrato por mor da necesidade de incorporar o mesmo o citado areal de Santa Baia.

**Sétimo.-** Con data do 11 de maio de 2022 a concelleira delegada de Contratación resolveu:

*“1º.- Iniciar o procedemento para a modificación do contrato de vixilancia, socorrismo, salvamento, asistencia sanitaria de primeiros auxilios e seguridade e accesibilidade para o baño de persoas con mobilidade reducida en determinados areais do Concello de Vigo (expediente 14428-306), incluíndo no mesmo o areal de Santa Baia nos seguintes termos:*

### **AREAL DE SANTA BAIA:**

#### **1.- Vixilancia, socorrismo, salvamento e asistencia sanitaria de primeiros auxilios.**

- *Horario do 15 a 30 de xuño e de 1 a 15 de setembro: Fins de semana e festivos de 12:00 a 20:00 horas.*
- *Horario nos meses de xullo e agosto: todos os días de 12:00 a 20:00 horas.*
- *Número de socorristas acuáticos: 2*
- *Número de axudantes de primeiros auxilios: 1*

#### **2.- Horas de servizo persoal vixilancia, socorrismo, salvamento e asistencia sanitaria de primeiros auxilios:**

- *Xuño e setembro: 8 días fins de semana e festivos x 7 h x 3 persoas = 168 h.*
- *Xullo e agosto: 41 días laborais x 7 h x 3 persoas = 861 h.*

- Xullo e agosto: 21 días fins de semana e festivos x 7 h x 3 persoas = 441 h.
- 70 días con xornada de máis de 5 horas x 0,75 h descanso retribuía día segundo C.C. sector x 3 persoas= 157,50 h.
- Total horas anuais: 1.627,50 h de socorristas acuáticos

3.- Un módulo mixto en Santa Baia como mínimo entre o 15 de xuño e o 15 de setembro, coas seguintes características aproximadas:

Largo: 4,41 m; ancho: 2,44 m; altura interior: 2,50 m; divisións ou espazos interiores: non; porta exterior: 1; ventás con reixa: 2; conexión eléctrica: si; aire acondicionado: si; conexión de auga corrente: si.

2º.- A modificación supón un incremento do importe total do contrato de 31.791,76 euros (IVE incluído), que representa un 1,80% do prezo do contrato. Aboarase con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias:

- 21.945,38 euros con cargo á partida 1720.227.01.00 “Vixilancia Praias”
- 9.846,38 euros con cargo á partida 1720.227.99.05 “Asistencia Sanitaria Praias” e a súa bolsa de vinculación.

3º.- Unha vez aprobado o acordo de modificación, o contratista deberá reaxustar a garantía definitiva, no prazo dos quince días seguintes á notificación do acordo e con carácter previo á súa formalización.

4º.- Dar audiencia a SALVAR, FORMAR, Y SOCORRER, S.L., por prazo de dez días para que formule as alegacións que o seu dereito conveñan.”

**Oitavo.-** Evacuado trámite de audiencia ao contratista, manifestou a súa conformidade en escrito de data 12 de maio de 2022.

## **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

-I-

### **Lexislación aplicable**

Resulta preciso determinar en primeiro lugar, a lexislación aplicable a este contrato. Os contratos réxense, en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento no que foron celebrados (disposición transitoria primeira da LCSP e disposición transitoria segunda do CC), é dicir:

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP).



- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña á LCSP.

-II-

### **Da modificación dos contratos**

A lexislación de contratos das Administracións públicas recoñece ao órgano de contratación, entre outras prerrogativas, a de modificar os contratos por razóns de interese público, dentro dos límites e con subxección aos requisitos e efectos nela sinalados (artigos 203.1 LCSP e 114.1 TRRL con relación ás entidades locais), prerrogativa tamén recoñecida con respecto a este concreto contrato na cláusula 2.5 do PCAP.

O órgano de contratación só poderá modificar os contratos cando así se previra nos pregos ou no anuncio de licitación, ou excepcionalmente, nos casos e cos límites establecidos no artigo 205 (artigo 203.2 LCSP).

É dicir, a Lei impón á Administración, á hora de redactar os pregos, a realización dun exame detallado dos eventuais cambios que puidesen producirse no ámbito do contrato durante a súa duración. Deste xeito, os licitadores poden analízalos con carácter previo á presentación das súas ofertas e telos en conta ao redactalas (artigo 204.1 LCSP). Evítase así conculcar os principios de igualdade, libre competencia, transparencia e publicidade que rexen no ámbito da contratación pública por imperativo das Directivas europeas en materia de contratación e nos artigos 1 e 132 do LCSP.

A Administración, en caso de optar por regular as posibles modificacións do contrato nos pregos, goza dunha ampla marxe de discrecionalidade, pois non está suxeita a límites cuantitativos nin cualitativos, como sucede coas modificacións non previstas no prego. Pola contra, esíxese unha relación detallada e precisa dos seguintes aspectos (artigo 204 LCSP):

- A cláusula de modificación deberá estar formulada de forma clara, precisa e inequívoca.
- No que respecta ao seu contido, a cláusula de modificación deberá precisar co detalle suficiente o seu alcance, límites e natureza; as condicións en que se poderá facer uso dela por referencia a circunstancias cuxa concorrencia se poida verificar de forma obxectiva; e o procedemento que se deba seguir para realizar a modificación.
- A cláusula de modificación establecerá que a modificación non poderá supor o establecemento de novos prezos unitarios non previstos no contrato.
- A modificación non poderá alterar a natureza global do contrato inicial.

Nesta liña, no caso que nos ocupa, o prego prevé a modificación do contrato (apartado 15.C da FEC), cando concorran algunhas das seguintes circunstancias:

- Modificación do horario previsto da prestación do servizo, reducindo ou aumentando o número de horas nas praias indicadas no prego de prescricións técnicas.

- Modificación das praias nas que se prestará o servizo previstas no prego de prescricións técnicas, ben por retirada do servizo nalgunha delas, ou por incorporación do servizo noutras.
- Variación significativa das incidencias acontecidas de atención aos usuarios na tempada estival nos distintos areais.
- Variación na solicitude ou outorgamento de bandeiras azuis por ADEAC.
- Variación das zonas sanitarias habilitadas para o baño.
- Incremento ou diminución de módulos móbiles en praias, en función da modificación das praias nas que se prestará o servizo ou por necesidades do servizo.

Sinalando como aspectos a modificar *“importe máximo do prezo do contrato”* (apartado 15.B da FEC) e establecéndose como límite que a modificación non poderá superar o 15% do prezo de adxudicación do contrato (apartado 15.D da FEC).

A modificación obxecto deste informe ven motivada pola necesidade de incluír, na relación de areais nos que se presta o servizo, o de Santa Baía. Informa o respecto o xefe do servizo, en data 26 de abril de 2022 o seguinte:

*“(…)*

*3.- A Resolución de 29 de outubro de 2021, da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior da Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, da publicidade o Acordo do Consello da Xunta de Galicia, de 14 de outubro de 2021 polo que se aproba o Plan de salvamento en praias de Galicia (Sapraga), (DOG 22/11/2021) o cal renova e actualiza o anterior plan Sapraga do ano 2001, inicial do ano 1995.*

*O Concello de Vigo leva adherido ó Plan SAPRAGA dende os seus inicios.*

*O apartado 2 do Plan sinala que “corresponde ós concellos vixiar a observancia nos lugares de baño das normas e instrucións para a Seguridade humana.”*

*As praias que o Concello de Vigo adhira ó dito plan deben estar incluídas no censo de augas de baño do Servicio Galego de Saúde, Sergas, e contar con servizos de socorrismo para as de categoría 1.-*

*O Areal de Santa Baía segundo o establecido no devandito Plan Sapraga do ano 2021, ten ca cualificación da calidade da auga de EXCELENTE e está incluída na CATEGORÍA 1 pola de afluencia de usuarios alta e perigosidade media polo que debería de contar con servizos de socorrismo de acordo co citado plan.*

*Este areal posúe 230 metros de lonxitude e 15 metros de ancho.*

*4.- Por último, segundo consta no acordo da Xunta de Goberno Local de data 28/01/2022 (expte. 15774/306), o Concello de Vigo solicitou o galardón medio ambiental de bandeira azul para o areal de Santa Baía, polo que resulta necesario a prestación do servizo de salvamento e socorrismo neste areal segundo os compromisos esixidos para obter dito galardón.*

*Por tanto, as xustificacións expostas encádranse dentro dos supostos do apartado 15 do anexo I das FEC do PCAP que rexe o contrato para a modificación contractual ampliación servizos de vixilancia, socorrismo, salvamento, asistencia sanitaria de primeiros auxilios no areal de Santa Baía:*

*- Modificación das praias nas que se prestará o servizo previstas no prego de prescricións técnicas, ben por retirada do servizo nalgunha delas, ou por incorporación do servizo noutras.*



- Variación na solicitude ou outorgamento de bandeiras azuis por ADEAC.
- Incremento ou diminución de módulos móbiles en praias, en función da modificación das praias nas que se prestará o servizo ou por necesidades do servizo.

### III.- AMPLIACIÓN DE SERVIZOS E IMPORTE DO INCREMENTO DO PREZO DO CONTRATO

A proposta de ampliación dos servizos de vixilancia, socorrismo, salvamento, asistencia sanitaria de primeiros auxilios no areal de Santa Baia efectúase nos termos de horario, persoal e medios materias existente nas praias de Vigo con carácter xeral (A Punta, Carril, Tombo do Gato, Fontaiña) e cuxas praias presentan características semellantes a que é obxecto de ampliación da prestación do servizo, Santa Baia:

#### AREAL DE SANTA BAIA:

1.- Vixilancia, socorrismo, salvamento e asistencia sanitaria de primeiros auxilios.

- Horario do 15 a 30 de xuño e de 1 a 15 de setembro: Fins de semana e festivos de 12:00 a 20:00 horas.

- Horario nos meses de xullo e agosto: todos os días de 12:00 a 20:00 horas.

- Número de socorristas acuáticos: 2

- Número de axudantes de primeiros auxilios: 1

2.- Horas de servizo persoal vixilancia, socorrismo, salvamento e asistencia sanitaria de primeiros auxilios.

Xuño e setembro: 8 días fins de semana e festivos x 7 h x 3 persoas = 168 h.

Xullo e agosto: 41 días laborais x 7 h x 3 persoas = 861 h.

Xullo e agosto: 21 días fins de semana e festivos x 7 h x 3 persoas = 441 h.

70 días con xornada de máis de 5 horas x 0,75 h descanso retribuída día segundo C.C. sector x 3 persoas = 157,50 h.

Total horas anuais: 1.627,50 h de socorristas acuáticos

3.- Un módulo mixto en Santa Baia como mínimo entre o 15 de xuño e o 15 de setembro, coas seguintes características aproximadas:

Largo: 4,41 m; ancho: 2,44 m; altura interior: 2,50 m; divisións ou espazos interiores: non; porta exterior: 1; ventás con reixa: 2; conexión eléctrica: si; aire acondicionado: si; conexión de auga corrente: si.

4.- Incremento do prezo anual do contrato:

1.627,50 horas de socorrista acuático x 15€/h = 24.412,50 euros.

1 módulo mixto x 620,56 euros/mes x 3 meses = 1.861,68 euros.

Total incremento anual: 26.274,18 euros + (IVA 21%) 5.517,58€ = 31.791,76 euros.

Este importe e moi inferior o 15% do prezo do contrato establecido como máximo para a modificación deste contrato.

As partidas de gasto para facer fronte ó incremento do prezo do contrato son:

- 21.945,38 euros con cargo á partida 1720.227.01.00 "Vixilancia Praias"

- 9.846,38 euros con cargo á partida 1720.227.99.05 "Asistencia Sanitaria Praias" e a súa bolsa de vinculación.

Podemos concluír, á vista do citado informe que a modificación proposta:

- Está comprendida nos supostos previstos no PCAP toda vez que obedece ao incremento do servizo de vixilancia, socorrismo, salvamento e asistencia

sanitaria de primeiros auxilios pola inclusión na relación de areas o de Santa Baia.

- Supón un incremento do prezo anual do contrato de 31.791,76 euros, que equivale ao un 1,80% do prezo do contrato.

Á vista do anterior, a modificación proposta está comprendida nos supostos de modificación previstos no PCAP (aspectos, circunstancias e límites) e na DA 33ª da LCSP.

### **-III-**

#### **Da concorrencia dos requisitos para a modificación do contrato**

A potestade de modificación unilateral da Administración ou ius variandi, queda sometida a tres tipos de límites:

- Límites procedimentais: a previa audiencia do contratista (artigo 191.1 LCSP) e informe do Consello de Estado ou órgano consultivo equivalente da Comunidade Autónoma respectiva, no caso das modificacións previstas no PCAP cando a súa contía, illada ou conxuntamente, sexa superior a un 20 por cento do prezo primitivo do contrato, cando este sexa igual ou superior a 6.000.000 de euros (artigo 191.3.b LCSP).
- Límites materiais: os contratos administrativos só poderán ser modificados por razóns de interese público, nos casos e na forma previstos na lei, ou no seu caso, no prego.
- Límites económicos: a obriga da Administración de compensar ao contratista pola alteración económica que a modificación lle supoña.

Respecto dos límites procedimentais, é preciso dar audiencia ao contratista, se ben non resulta necesario solicitar informe do Consello Consultivo de Galicia por canto o prezo primitivo do contrato é inferior a 6.000.000 euros. Evacuado o trámite de audiencia o contratista, esta manifestou a súa conformidade coa modificación proposta.

Respecto dos límites materiais, a modificación obedece a unha razón de interese público: garantir, así como facilitar o acceso ao baño para persoas con mobilidade reducida no período estival, competencias que está autorizado a prestar tendo en conta o disposto no artigo 115.d da Lei 22/1988, de 28 de xullo, de costas e na Lei galega 5/2014, de 27 de maio, que permite ós concellos seguir prestando servizos xa establecidos, circunstancia que concorre no presente suposto.

Respecto dos límites económicos, ao tratarse dun contrato de servizo é preciso compensar ao contratista respecto da alteración económica que esta modificación supón. Tal e como se desprende do citado informe do servizo xestor, a modificación ascende a 31.791,76 euros no exercicio 2022, que imputaranse ás aplicacións orzamentarias 1720.227.01.00 “Vixilancia Praias” (21.945,38 euros) e 1720.227.99.05 “Asistencia Sanitaria Praias” (9.846,38 euros) e a súa bolsa de vinculación xurídica.





**Concello de Vigo**

Unha vez adoptado o acordo de modificación, este poñerá fin á vía administrativa e será inmediatamente executivo (artigo 114.3 TRRL). A modificación acordada será obrigatoria para o contratista e deberá formalizarse conforme ao disposto no artigo 153 LCSP e publicarse (artigo 203.3 LCSP).

Respecto á publicidade determina o artigo 207.3 que cando se modifique un contrato durante a súa vixencia, con independencia de se este está ou non suxeito a regulación harmonizada e da causa que xustifique a modificación, deberá publicarse en todo caso un anuncio de modificación no perfil de contratante do órgano de contratación no prazo de 5 días desde a súa aprobación, que deberá ir acompañado das alegacións do contratista e de todos os informes que, de ser o caso, se solicitasen con carácter previo á súa aprobación, incluídos aqueles achegados polo adxudicatario ou os emitidos polo propio órgano de contratación.

#### **-IV-**

#### **Do reaxuste da garantía definitiva**

O artigo 109.3 da LCSP determina que cando, como consecuencia dunha modificación do contrato, experimente variación o seu prezo, deberá reaxustarse a garantía, para que garde a debida proporción co novo prezo modificado. O reaxuste deberá realizarse no prazo de quince días contados desde a data en que se notifique ao empresario o acordo de modificación.

#### **-V-**

#### **Do cumprimento dos restantes trámites do procedemento de modificación**

Examinada a concorrencia dos requisitos legais esixidos para o exercicio do ius variandi, resta cumprimentar os restantes trámites do procedemento para efectuar modificacións nos contratos administrativos que detalla o artigo 102 RLCAP: fiscalización do gasto correspondente e aprobación polo órgano de contratación. Procedemento ao que é preciso engadir os requisitos esixidos para as entidades locais no artigo 114.3 TRRL: previo informe da Secretaría e da Intervención da Corporación. Se ben as referencias á Secretaría, no caso do Concello de Vigo, ao ser un municipio de grande poboación rexido polo Título X da LBRL, hai que entendelas feitas ao titular da Asesoría Xurídica, en virtude do disposto na disposición adicional 2ª da LCSP, que lle atribúe todas as funcións asignadas pola lexislación sobre contratos das Administracións públicas aos secretarios con excepción da formalización dos contratos en documento administrativo.

#### **-VI-**

#### **Competencia**

A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación, previo informe da Asesoría Xurídica e da intervención municipais (artigo 114.3 TRRL apartados 3 e 8 da disposición adicional segunda da LCSP).

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a

adopción do seguinte **acordo**:

*“1º.- Modificar o procedemento aberto para a contratación do servizo vixilancia, socorrismo, salvamento, asistencia sanitaria de primeiros auxilios e seguridade e accesibilidade para o baño de persoas con mobilidade reducida en determinados areas do Concello de Vigo (expediente 14428-306), incluíndo no mesmo o areal de Santa Baia nos seguintes termos:*

**AREAL DE SANTA BAIA:**

*1.- Vixilancia, socorrismo, salvamento e asistencia sanitaria de primeiros auxilios.*

- *Horario do 15 a 30 de xuño e de 1 a 15 de setembro: Fins de semana e festivos de 12:00 a 20:00 horas.*
- *Horario nos meses de xullo e agosto: todos os días de 12:00 a 20:00 horas.*
- *Número de socorristas acuáticos: 2*
- *Número de axudantes de primeiros auxilios: 1*

*2.- Horas de servizo persoal vixilancia, socorrismo, salvamento e asistencia sanitaria de primeiros auxilios.*

- *Xuño e setembro: 8 días fins de semana e festivos x 7 h x 3 persoas = 168 h.*
- *Xullo e agosto: 41 días laborais x 7 h x 3 persoas = 861 h.*
- *Xullo e agosto: 21 días fins de semana e festivos x 7 h x 3 persoas = 441 h.*
- *70 días con xornada de máis de 5 horas x 0,75 h descanso retribuída día segundo C.C. sector x 3 persoas= 157,50 h.*
- *Total horas anuais: 1.627,50 h de socorristas acuáticos*

*3.- Un módulo mixto en Santa Baia como mínimo entre o 15 de xuño e o 15 de setembro, coas seguintes características aproximadas:*

*Largo: 4,41 m; ancho: 2,44 m; altura interior: 2,50 m; divisións ou espazos interiores: non; porta exterior: 1; ventás con reixa: 2; conexión eléctrica: si; aire acondicionado: si; conexión de auga corrente: si.*

*2º.- A modificación supón un incremento do importe total do contrato de 31.791,76 euros (IVE incluído), que representa un 1,80% do prezo do contrato. Aboarase con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias:*

- *21.945,38 euros con cargo á partida 1720.227.01.00 “Vixilancia Praias”*
- *9.846,38 euros con cargo á partida 1720.227.99.05 “Asistencia Sanitaria Praias” e a súa bolsa de vinculación.*

*3º.- Unha vez aprobado o acordo de modificación, o contratista deberá reaxustar a garantía definitiva, no prazo dos quince días seguintes á notificación do acordo e con carácter previo á súa formalización.”*

**ACORDO**



**Concello de Vigo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**6(389).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO TÉCNICO LEGAL E CORRECTIVO (MANTEMENTO INTEGRAL TOTAL) DOS ASCENSORES E PLATAFORMA SALVA ESCALEIRAS DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DEPENDENTES DA CONCELLERÍA DE DEPORTES. EXPTE. 4455/611.**

Visto o informe xurídico do 13/05/2022 e o informe de fiscalización do 16/05/2022, dáse conta do informe-proposta do 11/05/2022, asinado polo adxunto á Xefatura do Servizo de Deportes, o xefe do Servizo de Deportes, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

**NORMATIVA DE APLICACIÓN**

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP) no que no se opoña á Lei 9/2017.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALGA).

**Antecedentes:**

- A xustificación da necesidade e idoneidade do contrato á que se refire o artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP), previa á resolución de inicio do expediente, o 23 de marzo de 2022
- Este contrato está incluído no Plan anual de contratación do Concello de Vigo para o exercicio 2022, aprobado pola Xunta de Goberno local na sesión do 13 de xaneiro de 2022
- Memoria económica de data 23 de marzo de 2022, relativa aos seguintes extremos:
  - Xustificación do prezo do contrato, do orzamento base de licitación e do valor estimado do contrato (e o seu método de cálculo) aos que fai referencia o artigo 102 LCSP, en base os custos que ten actualmente o propio servizo de deportes nos contratos para o desenvolvemento do servizo.

S.ord. 26/05/2022

- Xustificación de que o contrato non suporá desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).
- Forma de aboamento do prezo (artigo 67.2ñ do RLCAP).
- Retencións de crédito de data 24 de marzo de 2022 (operacións nº 202200028157 e 202200028159)
- Prego de prescricións técnicas particulares (artigo 116.3 LCSP), de data 30 de marzo de 2022 correxido con data 20 de abril de 2022.
- Memoria xustificativa, de data 1 de abril de 2022, correxida con data 4 e 22 de abril relativa aos seguintes extremos:
  - A xustificación do procedemento elixido rexeráse polo disposto no artigo 159. 6 da LCSP que regula o procedemento aberto simplificado de tramitación abreviada.
  - Xustificación da insuficiencia de medios (artigo 116 LCSP).
  - Xustificación do prazo de duración dos contratos e de execución da prestación (artigo 29 LCSP).
  - Xustificación da elección dos criterios de adjudicación e da súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP), así como a xustificación das fórmulas de valoración (artigo 146.2LCSP).
  - Xustificación da solvencia esixida aos licitadores.
  - Lugar de entrega do obxecto do contrato (artigo 67,5.f e 67.7.e RLCAP).
- Informe do servizo de contratación de que o expediente reúne toda a documentación esixida pola lexislación vixente en materia de contratación pública asinado en data 22 de abril do 2022.
- Prego de Cláusulas administrativas particulares asinado pola servizo de contratación de data 22 de abril de 2022.

#### **Fundamentos de dereito**

**Primeiro.-** O expediente de contratación, de acordo co disposto no artigo 116.1 da LCSP, iniciárase polo Órgano de Contratación motivando a necesidade do contrato nos termos previstos no artigo 28 desta lei. No concello de Vigo esta competencia esta delegada por acordo da Xunta de Goberno Local de 20 de xuño de 2019 nos concelleiros de Area. O concelleiro- delegado de Deportes mediante resolución de 23 de marzo de 2022 autorizou o inicio da tramitación deste expediente de contratación.

**Segundo.-** Dado o obxecto o tipo de contrato é de servizo (art. 17 LCSP). O procedemento elixido para a contratación é o procedemento aberto simplificado de tramitación abreviada(art. 159.6 LCSP), o ter un valor estimado inferior a 60.000,00 euros.



## Concello de Vigo

**Terceiro.-** O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e no mesmo consta, tal e como prevé o artigo 116 apartados 2 e 3 da LCSP o prego de cláusulas administrativas particulares e o prego de prescricións técnicas.

**Cuarto.-** No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato de conformidade cos artigos 28 e 116.1 da LCSP.

**Quinto.-** Na memoria xustifícase a non división en lotes (artigo 116.4.g) LCSP), o prezo e a súa xustificación (artigo 100 e seguintes LCSP), o prazo de duración e de execución (art. 29 LCSP), o valor estimado do contrato (artigo 116.4.d) LCSP), os criterios de adxudicación e fórmulas de valoración (artigo 145 e 146 LCSP), as condicións especiais de execución (art. 202.1 LCSP), o principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (artigo 7.3 d Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril).

**Sexto.-** De conformidade coa disposición adicional terceira, apartado 8 da LCSP e a disposición adicional oitava, apartado e) da Ley 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), se require o informe preceptivo da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.

**Sétimo.-** O artigo 116.3 e o apartado 3 da disposición adicional terceira da LCSP, dispoñen que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Este documento, xunto co informe de fiscalización previa, incorporárase pola Intervención Xeral ao procedemento con carácter previo á aprobación polo órgano de contratación.

**Oitavo.-** A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ó previsto na Disposición adicional segunda apartado 11 da LCSP. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 117 LCSP) e implicará a aprobación do gasto.

**Noveno.-** A aprobación do expediente de contratación correspóndelle a Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª .4 LCSP)

A vista do exposto, e previo informe da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral do Concello de Vigo, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

**Primeiro:** Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto simplificado de tramitación abreviada CONTRATACION POR PROCEDIMIENTO ABERTO ABREVIADO SIMPLIFICADO DO SERVIZO DE MANTEMENTO TÉCNICO LEGAL E CORRECTIVO ( MANTEMENTO INTEGRAL-TOTAL ), DOS ASCENSORES E

## PLATAFORMA SALVA ESCALEIRAS DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DEPENDENTES DA CONCELLERÍA DE DEPORTES

**Segundo:** Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas Particulares de data 20 de abril de 2022 e o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá o Contrato, asinado polo servizo de contratación de data 22 de abril de 2022.

**Terceiro:** Autorizar o gasto polo importe máximo de licitación de **69.715,36 euros con iva, sendo o IVE 12.099,36 euros**, e co seguinte distribución de anualidades.

### DISTRIBUCIÓN ORZAMENTARIA

PERIODO	DATAS	IMPORTE € CON IVE	APLICACIONES ORZAMENTARIA
2022	01/06/2022-31/12/2022	10.166,82	3420,2279914
2023	01/01/2023-31/12/2023	17.428,84	3420,2279914
2024	01/01/2024-31/12/2024	17.428,84	3420,2279914
2025	01/01/2025-31/12/2025	17.428,84	3420,2279914
2026	01/01/2026-31/05/2026	7.262,02	3420,2279914
		69.715,36	

O contrato financiarase con cargo a seguinte aplicación orzamentaria 3420.2279914“ ascensores” e bolsa de vinculación.

**Cuarto:** Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **7(390).- PRÓRROGA DO CONTRATO DE SERVIZOS DE MANTEMENTO INTEGRAL DAS INSTALACIÓNS DE CALEFACCIÓN E AUGA QUENTE SANITARIA DOS COLEXIOS PÚBLICOS DA CIDADE VIGO. EXPTE. 23692/332.**

Visto o informe xurídico do 16/05/2022 e o informe de fiscalización do 20/05/2022, dáse conta do informe-proposta do 19/05/2022, asinado pola xefa do Servizo de Educación, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES:**

**1.- Aprobación expediente de contratación:** A Xunta de Goberno Local, na sesión do 20 de febreiro de 2020, aprobou o expediente de contratación dos servizos de mantemento integral das instalacións de calefacción e auga quente sanitaria dos Colexios Públicos da



## Concello de Vigo

cidade de Vigo (expediente 23692/332), por procedemento aberto, así como, o Prego de prescricións técnicas particulares (PPT) de 20/01/2020 e o Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) de data 28/01/2020 que rexen a licitación, e aprobou o gasto por importe de 170.896,98 euros, acordando a apertura do procedemento de licitación.

**2.- Adxudicación:** A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, na súa sesión ordinaria de 18 de xuño de 2020, acordou “Adxudicar a *IAM RUMBO INSTALACIONES Y OBRAS, S.L. (B-15.448.004)* o procedemento aberto para a contratación de servizos para o mantemento integral das instalación de calefacción e auga quente sanitaria dos colexios públicos da Cidade de Vigo (23692/332) coas seguintes condicións:

a) O prezo total do contrato é de 130.365,40 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 22.625,40 euros

b) Comprométese a incrementar o importe mínimo esixido na cláusula 3.3 do PPT (6.000€/ano sen IVE) destinado ao mantemento en 6.000,00 euros sen IVE.

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.*

**3.- Prazos:** O Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP) referise aos prazos na cláusula 26:

“1.- O adxudicatario estará obrigado ao cumprimento do prazo total fixado para a execución do contrato, así como dos prazos parciais que, no seu caso, se teñan establecido.

2.- (...)”

O apartado 4 das Follas de Características do Contrato (FEC) do PCAP establece respecto ao prazo de execución :

“A) PRAZO TOTAL: dous anos

B) PRAZOS PARCIAIS: non

C) PRÓRROGA DO CONTRATO E, EN CASO AFIRMATIVO, DURACIÓN: si, unha prórroga dun ano de duración.

D) ...”

**4.- Formalización do contrato:** O contrato foi formalizado en data 14 de xullo de 2020 entre o Concello de Vigo e a empresa adxudicataria, establecéndose na cláusula 4ª do mesmo que “O prazo do contrato é de 2 anos, contado a partir do 1 de agosto de 2020. Contéplase unha prórroga dun ano de duración”. En consecuencia, a data de finalización prevista para este contrato é o 31 de xullo de 2022.

**5.- Preaviso da prórroga:** En consonancia co artigo 29.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, a cláusula 7.3 do PCAP establece que “Este contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C das FEC. A prórroga será obrigatoria para o adxudicatario, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo, e este se lle notifique, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Quedan exceptuados da obriga de preaviso os contratos cuxa duración fora inferior a dous meses.”

En data 5 de maio de 2022, a adxudicataria recibe a notificación do preaviso mencionado no parágrafo anterior, no que se indica a intención do Concello de Vigo de acordar a prórroga de un ano para o contrato dos servizos de mantemento integral das instalacións de calefacción e auga quente sanitaria dos Colexios Públicos da cidade de Vigo.

**6.- Prestación do servizo:** A prestación dos servizos de mantemento integral das instalacións de calefacción e auga quente sanitaria dos Colexios Públicos da cidade de Vigo por parte da empresa actualmente adxudicataria (Iam Rumbo Instalaciones y Obras S.L.) estase a realizar a plena satisfacción deste Servizo de Educación, cun correcto cumprimento do establecido tanto nos correspondentes pregos de condicións como na súa oferta.

Polo tanto, dende o Servizo de Educación enténdese que, de conformidade cos intereses municipais, procede a continuidade do servizo mediante a materialización da prórroga de un ano contemplada no correspondente PCAP para o período comprendido entre o 01/08/2022 e o 31/07/2023.

**7.- Orzamento:** O prezo total do contrato para dous anos quedou aprobado por un importe de 130.365,40 euros, sendo o prezo por anualidade de 65.182,70 euros. No apartado 3K das Follas de características do contrato indícase que non procede a revisión de prezos.

Polo tanto, o prezo para a prórroga por un ano deste contrato quedaría fixado en 65.182,70 euros, IVE incluído, que se dividiría en dúas anualidades: 27.159,46 euros con cargo ao exercicio orzamentario 2022 (meses de agosto a decembro) e 38.023,24 euros con cargo ao exercicio 2023 (de xaneiro a xullo) e podería imputarse á aplicación orzamentaria 3230.213.0000 (Mantemento caldeiras calefacción e depósitos gasóleo) dos exercicios 2022 e 2023, conforme á anterior división.

En relación aos créditos para o exercicio 2022, faise constar que xa existe a operación contable RC 202200004859, por importe de 27.159,46 euros, de retención de crédito para a tramitación da prórroga do contrato.

**8.- Competencia:** A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na Disposición adicional segunda parágrafo 4º da Lei 9/2017 (LCSP).

Á vista das anteriores consideracións, propónse que se eleve á Xunta de Goberno Local, previo informe da Intervención Xeral e Asesoría Xurídica, a adopción dos seguintes **acordos:**

1º.- Autorizar a prórroga do contrato para os servizos de mantemento integral das instalacións de calefacción e auga quente sanitaria dos Colexios Públicos da cidade Vigo (expte. 23692/332) para o período comprendido entre o 01/08/2022 e o 31/07/2023, dada a satisfacción municipal pola calidade da prestación recibida.

2º.- Autorizar e comprometer un importe de 65.182,70 euros correspondente a esta prórroga, a favor de Iam Rumbo Instalaciones y Obras SL, CIF B-15.448.004. Este gasto imputarase con cargo á aplicación orzamentaria 3230.213.0000 (Mantemento caldeiras calefacción de depósitos gasóleo), e a súa distribución anual será a seguinte:

- Con cargo ao exercicio orzamentario 2022 (de 01/08 a 31/12): 27.159,46 euros.
- Con cargo ao exercicio orzamentario 2023 (de 01/01 a 31/07): 38.023,24 euros.





**Concello de Vigo**

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **8(391).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE XESTIÓN, ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA MUNICIPAL PARA ESCOLARES “VISITA O TEU CONCELLO”. EXPTE. 25760/332.**

Visto o informe xurídico e o informe de fiscalización, ambos do 18/05/2022, dáse conta do informe-proposta do 06/05/2022, asinado polo técnico medio de actividades culturais e educativas, a xefa do Servizo de Educación, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data 4 de abril de 2022, o concelleiro delegado da Área de Educación resolveu autorizar e instar ao Servizo de Educación para que inicie a tramitación dun contrato maior de servizos para a contratación por procedemento aberto e tramitación ordinaria, para a xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal para escolares “Visita o teu Concello”.

No expediente tramitado ao efecto consta, entre outra, a seguinte documentación

- Informe de xustificación da necesidade do contrato, asinada polo técnico de actividades culturais e educativas e pola xefa do Servizo de Educación, de data 01/04/2022.
- Resolución do concelleiro delegado de Educación de data 04/04/2022 pola que se autoriza o inicio do expediente de contratación.
- Memoria económica asinada polo técnico de actividades culturais e educativas, pola xefa do Servizo de Educación e polo concelleiro de Educación, asinada o 05/04/2022.
- Documentos contables RC 202200035828 e RCFUT 35829, por importes de 7.939,85 e 31.759,37 euros respectivamente, de data 07/04/2022.
- Prego de prescricións técnicas (PPT), de data 07/04/2022, redactado polo técnico de Educación.
- Declaración do redactor do PPT, de data 08/04/2022.
- Memoria xustificativa, asinada polo técnico de Educación e pola xefa do Servizo de Educación en data 08/04/2022 e polo concelleiro de Educación o 11/04/2022.
- Informe de data 05/05/2022 da xefa do Servizo de Contratación, sobre a comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública.
- Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) de data 05/05/2022, redactado pola xefa do Servizo de Contratación.

As características básicas do contrato, tal e como se indica na documentación que conforma o expediente, son as seguintes:

Obxecto: A xestión, organización e desenvolvemento para cada curso lectivo escolar do programa educativo municipal para escolares de achegamento ao Concello de

S.ord. 26/05/2022

Vigo “VISITA O TEU CONCELLO”, que consiste principalmente na realización de visitas didácticas guiadas para escolares á Casa do Concello dos centros de ensino sostidos con fondos públicos radicados no termo municipal de Vigo que voluntariamente queiran participar nel.

Duración: A duración do contrato será de dous anos (que comprenden dous cursos lectivos escolares de 10 meses lectivos por curso escolar dende setembro a xuño); existindo a posibilidade de ser prorrogado por outros dous anos (que comprenden dous períodos de dez meses de duración máxima para cada curso lectivo escolar e, en todo caso, ata o 30 de xuño de 2026).

Prezo: Estímase un prezo anual do contrato de 19.849,61 euros (16.404,64 €, máis 3.444,97 € de IVE a soportar pola administración), polo que o prezo do contrato é de 39.699,23 € (32.809,28 € máis 6.889,95 € de IVE a soportar pola administración).

Aplicación orzamentaria: 3230.227.99.09 “Programas Educativos”.

A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na Disposición adicional segunda parágrafo 4º da Lei 9/2017, de 8 novembro, de contratos do sector público. A resolución segundo o artigo 117 da Lei 9/2017 deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación e disporá a apertura do procedemento de adjudicación e implicará a aprobación do gasto.

A vista das anteriores circunstancias, e previo informe da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral Municipal, **propónse** á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción dos seguintes **acordos**:

1º.- Aprobar a contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria dos servizos para a xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal para escolares “Visita o teu Concello”.

2º.- Aprobar o Prego de prescricións técnicas de 07/04/2022, redactado polo Servizo de Educación e o Prego de cláusulas administrativas particulares de data 05/05/2022 redactado polo Servizo de Contratación, que se inclúen no presente expediente para a contratación dos servizos para a xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal para escolares “Visita o teu Concello”.

3º.- Aprobar o gasto por importe de 39.699,23 euros (32.809,28 € máis 6.889,95 € de IVE a soportar pola administración) para a contratación dos servizos para a xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal para escolares “Visita o teu Concello” por procedemento aberto, con cargo á aplicación presupostaria 3230.227.9909 “Programa Educativos”, que se desglosará nas seguintes anualidades:

- Anualidade 2022 (de setembro a decembro): 7.939,85 euros;
- Anualidade 2023 (de xaneiro a decembro): 19.849,61 euros
- Anualidade 2024 (de xaneiro a xuño): 11.909,76 euros.

O valor estimado do contrato estipúlase en 65.618,56 euros.



**Concello de Vigo**

4º.- Acordar a apertura do procedemento de contratación conforme ao previsto na lexislación vixente.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **9(392).- PROXECTO DE CONVENIO COA “UNIÓN COMARCAL DE CCOO DE VIGO” PARA COLABORAR NO DESENVOLVEMENTO DE ACCIÓNS DE CARÁCTER SOCIOLABORAL DE INTERESE PARA A CIDADANÍA NO MARCO DO FOMENTO DO EMPREGO. EXPTE. 19098/77.**

Visto o informe de fiscalización do 20/05/2022, dáse conta do informe-proposta do 02/05/2022, asinado pola técnica de xestión, a técnica de Admón. Xeral (Resolución 25/11/2021), o concelleiro-delegado de Emprego e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

### **ANTECEDENTES**

I.- D. M<sup>a</sup> Montserrat Carrera Leirós, con DNI \*\*\*\*\*173F, en representación da Unión Comarcal de CC.OO. de Vigo (CIF: G-15103112) solicita, mediante escrito remitido en data 23/03/2022, a través do Rexistro Electrónico do Concello de Vigo (documento núm. 220060268) e achegas complementarias á solicitude presentadas cos documentos núm. 220060298, 220060327, 220060841 e 220060880 de datas 23 e 24 de marzo, a colaboración do Concello de Vigo para a subscrición dun convenio de colaboración para axudar ao financiamento das actividades da entidade, no marco do fomento do emprego, no período comprendido entre o 01/01/2022 e 30/09/2022.

- declaración responsable de que a entidade non está incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria previstas no art. 10 da Lei de Subvencións de Galicia; e de que a entidade non se atopa en ningunha das situacións indicadas no art. 34 da Lei Xeral de Subvencións e art. 31.6 da Lei de Subvencións de Galicia, que lle impidan a percepción do pago anticipado (Anexo II)

- declaración responsable das axudas recibidas para o programa (Anexo III)
- orzamento de gastos do proxecto
- proposta de convenio de colaboración

Ademais, forman parte do expediente:

- certificación de non ter débedas pendentes coa Axencia Estatal Tributaria expedida en data 21/02/22
- certificación de non ter débedas pendentes coa Axencia Tributaria de Galicia expedido en data 21/02/22
- certificación de estar ao corrente das súas obrigas coa Tesourería Xeral da Seguridade Social expedido en data 21/02/22
- certificación de non ter débedas tributarias pendentes co Concello de Vigo, de 06/04/22

S.ord. 26/05/2022

II. A devandita entidade consta inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións co co nº 487/96, segundo resolución de data 30/09/96, no epígrafe 5.1.

III. Nos vixentes orzamentos do Concello de Vigo, consta a partida 2410 4800003 “Convenio CCOO Fomento do Emprego”, por importe de 37.000,00 €.

IV. En data 1/04/2022 o concelleiro delegado de Cultura e Emprego, asinou a orde de inicio de expediente para tramitar o presente convenio.

V. A petición do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, expídese certificación de data 06/04/22 do tesoureiro municipal, acreditativa de que a beneficiaria non ten débedas ou sancións de natureza tributaria co Concello de Vigo.

VI. A técnica de Administración Xeral (Resolución de 25/11/2021), co conforme do concelleiro delegado de Cultura e Emprego, achegou memoria xustificativa e o texto do convenio que se propón para aprobación.

## **FUNDAMENTOS DE DEREITO**

### **I. Obxecto:**

O obxecto do presente expediente é a concesión dunha subvención nominativa por importe de 36.039,09 € á “Unión Comarcal CCOO Vigo”, que se instrumentaliza mediante a tramitación do presente convenio co obxecto de coadxuvar ao financiamento dos gastos de contratación de persoal, xestión e organización das actividades previstas.

Co presente convenio, dáse continuidade ás actividades obxecto de anteriores colaboracións conxuntas para axudar ao financiamento dos custos da Oficina de Atención á Cidadanía da entidade en materias de interese xeral, así coma para a organización de xornadas informativas de interese, como a proposta pola entidade no actual contexto de crise sanitaria: “Incidencia da reforma laboral nas relacións laborais”.

Así mesmo, engádese no presente convenio unha nova liña de colaboración entre o Concello de Vigo e a “Unión Comarcal CCOO Vigo” en atención ás graves repercusións da crise sanitaria e económica no ámbito sociolaboral, mediante o reforzo do asesoramento xurídico a traballadores/as da cidade de Vigo, para o cal, se propón a contratación dunha persoa inscrita no rexistro de demandantes de emprego co perfil de graduado/a en Relacións laborais.

### **II. Procedemento de concesión directa:**

No caso excepcional de concesión directa segundo o previsto no artigo 22.2.a) e c) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), no art. 19.4.a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG) e na Base 38.5.2 das de Execución dos Orzamentos xerais do Concello de Vigo do 2022, o acto de concesión ou o convenio terá o carácter de bases reguladoras da concesión.

De acordo co disposto nos artigos 28.1 da LXS e 26.1 da LSG, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente.



## Concello de Vigo

Segundo resultou acreditado mediante as declaracións responsables e as certificacións achegadas ao expediente, a Unión Comarcal CCOO Vigo non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á AEAT, a Axencia Tributaria de Galicia e a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo.

A vixencia do convenio será dende a sinatura do convenio ata o 31/12/2022.

### **III. Suxeitos que asinan o convenio e capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes:**

Por unha parte, asinará o presente convenio a Alcaldía-Presidencia, ao abeiro do art. 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), que lle atribúe a máxima representación do municipio; correspondéndolle, en caso de ser necesaria a súa substitución, ao concelleiro delegado de Cultura e Emprego.

Pola outra parte, asinará o convenio D. Amelia Pérez Álvarez, con DNI \*\*\*\*\*833Z, en representación da Unión Comarcal de CC.OO. de Vigo, con CIF: G15103112, ou representante debidamente acreditado, de ser precisa a súa substitución.

### **IV. Competencia administrativa na que se fundamenta a actuación da Administración Pública:**

O interese xeral, a competencia administrativa e a conveniencia na concertación do convenio, recóllense na Memoria xustificativa do convenio, documento obrigado segundo sinala o art. 50 da Lei 40/2015 e o art. 199 LALG.

Na memoria consta xustificada a necesidade e oportunidade da subscripción do convenio, o seu impacto económico, o carácter non contractual da actividade en cuestión, e o cumprimento do previsto na lei.

A Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local establece no seu artigo 3.3 – a propósito das competencias distintas das propias e das atribuídas por delegación- que non considera, entre outras, como exercicio de novas competencias a *continuidade na prestación dos servizos xa establecidos* (apartado terceiro a) nin a *continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores* (apartado terceiro b); como é o caso das convocatorias de subvencións e convenios que se veñen formalizando en exercicios anteriores desde o Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego e *moi especialmente nos anos 2016, 2017, 2019 e 2020 mediante a sinatura de convenios coa **UNIÓN COMARCAL DE COMISIONES OBRERAS (CCOO) DE VIGO***, para o axuda ao financiamento das actividades da entidade.

Neste marco normativo, cómpre subliñar que a Xunta de Goberno Local, mediante acordo do 09/03/2012, considerou que o fomento do emprego, constitúe unha actividade prioritaria dentro desta Administración municipal en atención ao seu persoal beneficiario, e no marco de contextos económicos e sociais desfavorables.

Así mesmo, a Disposición adicional primeira, adicada ás competencias atribuídas pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local establece que *as competencias atribuídas ás entidades locais pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, continuarán exercéndoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais*. A este respecto, compre subliñar que corresponde a materias de competencia propias do Concello o disposto segundo as letras k) e p) do artigo 80.2 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, e que a empregabilidade e as políticas activas de emprego, segundo se indica no artigo 4 da Lei 56/2003, do 16 de decembro, de Emprego, na redacción dada polo artigo 2 del R.D.L. 3/2011, do 18 de febreiro, de medidas urxentes para a mellora da empregabilidade e a reforma das políticas activas de emprego, terán unha dimensión local.

O fomento do emprego constitúe un obxectivo prioritario das políticas públicas, especialmente necesario no actual contexto, atendendo ás graves repercusións económicas e sociais provocadas pola situación de crise sanitaria xerada polo COVID-19.

#### **IV. Contía total e crédito orzamentario:**

O importe do convenio de **36.039,09euros** imputaranse con cargo á partida 2410 4800003 "Convenio CCOO Fomento do Emprego", do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2022, co obxecto de coadxuvar ao financiamento dos gastos de xestión e organización das actividades previstas, tendo en conta o prazo de execución do proxecto (01/01/2022 ao 31/10/2022).

Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Para facilitar a administración do convenio poderase tramitar un anticipo a conta de ata un 50% da axuda outorgada polo Concello, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidade financeira dos mesmos. O 50% restante ingresarase unha vez se teña xustificado a totalidade do programa conveniado, tal como se establece na liquidación final.



## Concello de Vigo

Xa que logo, con carácter previo á aprobación do presente acordo pola Xunta de Goberno Local, deberá emitir informe a Intervención Xeral do Concello sobre a existencia de crédito axeitado e suficiente, para atender ás obrigas de contido económico que derivan da concesión do mesmo.

### V. Normativa de aplicación:

A tenor do disposto no artigo 48.7 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, cando o convenio instrumente unha subvención deberá cumprir co previsto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e na normativa autonómica de desenvolvemento que, no seu caso, resulte aplicable. Xa que logo, resulta de aplicación o previsto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a Lei 9/2007 do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e o seu regulamento; a lexislación básica do Estado de réxime xurídico do sector público, en materia de réxime local e de procedemento administrativo común das Administracións públicas; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo para o ano 2022, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

### VI. Prazo e forma de xustificación da subvención mediante tramitación electrónica:

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), a Unión Comarcal de Comisiones Obreras de Vigo está obrigada a relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas.

Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da LXS establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

O pagamento da subvención realizarase logo de que a beneficiaria xustifique a realización do proxecto. A xustificación da subvención realizarase pola *Unión Comarcal de Comisiones Obreras (CCOO) de Vigo* mediante a presentación dunha memoria final, coa correspondente conta xustificativa que acredite o cumprimento total do obxecto e condicións do convenio. O prazo máximo para achegar esta xustificación finalizará o **15 de outubro de 2022**.

### VII. Publicidade:

O presente convenio quedará sometido ás normas de transparencia que regula a Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, acceso á información pública e bo goberno, tendo que ser incorporado ao Portal de transparencia e deberá rexistrarse na BDNS no momento da concesión do convenio, que opera como sistema nacional de publicidade das subvencións conforme establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

En cumprimento do disposto no artigo 3 da Lei 19/2013 de Transparencia, acceso á información pública e bo goberno, se incorporan ao Pacto 9º as obrigas de publicidade previstas ás que resultan suxeitos obrigados polas disposicións do capítulo II do título I: os partidos políticos, organizacións sindicais e organizacións empresariais e as entidades privadas que perciban durante o período dun ano axudas ou subvencións públicas nunha contía superior a 100.000 euros ou cando polo menos o 40 % do total dos seus ingresos anuais teñan carácter de axuda ou subvención pública, sempre que alcancen como mínimo a cantidade de 5.000 euros.

#### **VIII. Órgano competente:**

O artigo 74 da Lei de Subvencións de Galicia establece que a competencia para conceder subvencións nas corporacións locais correspóndelle aos órganos que teñen atribuída esa función na lexislación de réxime local.

De conformidade cos artigos 127.1.g) da Lei 7/1985, artigos 31 LSG, artigo 34 da LXS e a resolución de delegación de competencias do Alcalde de data 18/06/2019, é competente para aprobar o convenio e o gasto como contrapartida do estipulado, a Xunta de Goberno Local a proposta do concelleiro delegado.

#### **IX. Recursos:**

De conformidade cos artigos 52.2.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL) e 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/1986, do 28 de novembro, as resolucións da Xunta de Goberno Local poñen fin á vía administrativa.

Segundo os artigos 132 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, os actos administrativos que poñen fin á vía administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, ou directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa. Se se interpón o recurso de reposición, non poderá interpoñerse o recurso contencioso-administrativo ata a resolución do primeiro ou ata a súa desestimación presunta. O prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de dous meses.

Por todo o anteriormente exposto, nos termos e condicións, previa a conformidade do Sr. Concelleiro-Delegado de Cultura e Emprego, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en data 4/09/2020 e corrección posteriores, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

#### **ACORDO:**





## Concello de Vigo

- 1) Aprobar o texto do convenio que se xunta ao presente acordo entre o Concello de Vigo e a "Unión Comarcal CCOO Vigo, con CIF: G-15103112, para fomento do emprego.
- 2) Autorizar o gasto de **36,039,09 €**, como contrapartida do estipulado no presente convenio de colaboración, con cargo á partida 2410 4800003 "Convenio CCOO Fomento do Emprego", do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2022
- 3) Facultar ao Concelleiro de Cultura e Emprego, Abel Fermín Losada Álvarez, para asinar o citado convenio.
- 4) Rexistrar os datos estruturados do convenio aprobado, para a súa publicación na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), e publicar o mesmo no portal de transparencia do Concello de Vigo, conforme o artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e artigo 15 da Lei de Lei 9/2007, do 13 de xuño, subvencións de Galicia

Contra o presente acordo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A UNIÓN COMARCAL DE CCOO DE VIGO PARA COLABORAR NO DESENVOLVEMENTO DE ACCIÓNS DE CARÁCTER SOCIOLABORAL DE INTERESE PARA A CIDADANÍA NO MARCO DO FOMENTO DO EMPREGO. (EXPTE. 19098/77)

Na Casa do Concello de Vigo, na data da sinatura dixital

### **REUNIDOS**

Dunha parte, don Abel Fermín Losada Álvarez, na súa calidade de Concelleiro delegado de Cultura e Emprego do Concello de Vigo (CIF P3605700H), con enderezo na Praza do Rei núm. 1 de Vigo.

Doutra parte, D. <sup>Ma</sup> Montserrat Carrera Leirós, con DNI \*\*\*\*\*173F, en representación da Unión Comarcal de CC.OO. de Vigo (CIF: G15103112) e domicilio social na e domicilio social na Rúa As Teixugueiras, 11- entresollado, de Vigo, segundo documentación incorporada ao expte. 19098/77, persoa responsable da sinatura do presente convenio.

S.ord. 26/05/2022

E, actuando dona Susana Gallardo Fariña, en calidade de secretaria do Goberno Local do Concello de Vigo, dando fe do acto.

Actúan ambas partes no exercicio dos seus cargos e na representación que ostentan recoñecéndose reciprocamente a capacidade suficiente para asinar este convenio.

## **MANIFESTAN**

**PRIMEIRO:** Que de acordo coas resolucións de delegacións de competencias da Alcaldía, de data 4 de setembro de 2020, lle corresponden ao concelleiro da área de Cultura e Emprego, entre outras, o deseño e dirección das políticas activas de emprego, fundamentalmente as relacionadas coa mellora da empregabilidade cara a fomentar a adaptación das persoas traballadoras, impulsar e dirixir os Pactos Locais polo Emprego e en materia de relación cos sindicatos, actuar como interlocutor coas diferentes entidades sindicais, fomentando o diálogo aberto e escoita activa así como a procura de acordos nos aspectos con maior impacto socio económico na cidade, así como, a planificación e execución das políticas públicas municipais en materia social e relacións laborais, adecuadas ao actual contexto socioeconómico.

**SEGUNDO:** Que unha das tarefas fundamentais do Concello de Vigo é a mellora do benestar da súa cidadanía, sendo un elemento primordial para acadar este benestar a interacción desta co mercado laboral.

A Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local establece no seu artigo 3.3 – a propósito das competencias distintas das propias e das atribuídas por delegación- que non considera, entre outras, como exercicio de novas competencias *a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos (apartado terceiro a) nin a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores (apartado terceiro b)*; como é o caso das convocatorias de subvencións e convenios que se veñen formalizando en exercicios anteriores desde o Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego e *moi especialmente nos anos 2016, 2017, 2019, 2020 e 2021 mediante a sinatura de convenios coa **UNIÓN COMARCAL DE COMISIONES OBRERAS (CCOO) DE VIGO***, para o axuda ao financiamento das actividades da entidade.

Neste marco normativo, cómpre subliñar que a Xunta de Goberno Local, mediante acordo do 09/03/2012, considerou que o fomento do emprego, constitúe unha actividade prioritaria dentro desta Administración municipal en atención ao seu persoal beneficiario, e no marco de contextos económicos e sociais desfavorables.

Así mesmo, a Disposición adicional primeira, adicada ás competencias atribuídas pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local establece que *as competencias atribuídas ás entidades locais pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, continuarán exercéndoseas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais*. A este respecto, cómpre subliñar que corresponde a materias de competencia propias do Concello o disposto segundo as letras k)



## Concello de Vigo

e p) do artigo 80.2 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, e que a empregabilidade e as políticas activas de emprego, segundo se indica no artigo 4 da Lei 56/2003, do 16 de decembro, de Emprego, na redacción dada polo artigo 2 del R.D.L. 3/2011, do 18 de febreiro, de medidas urxentes para a mellora da empregabilidade e a reforma das políticas activas de emprego, terán unha dimensión local.

O fomento do emprego constitúe un obxectivo prioritario das políticas públicas, especialmente necesario no actual contexto, atendendo ás graves repercusións económicas e sociais provocadas pola situación de crise sanitaria xerada polo COVID-19.

Ante as novas necesidades xurdidas da crise sanitaria e as súas repercusións no ámbito sociolaboral, que provocaron cifras históricas de destrución de emprego, e tamén, dentro das medidas de fomento do emprego en todas as súas vertentes, o Concello de Vigo asume a tarefa de colaborar coas entidades sociais, e empresariais mais significativas no desenvolvemento dunha serie de accións de carácter sociolaboral, as cales redundan no beneficio da cidade.

**TERCEIRO:** Que CCOO é unha organización sindical democrática, formada por traballadores e traballadoras afiliados de forma voluntaria para defender os seus intereses e conseguir unha sociedade máis xusta, democrática e participativa.

Segundo contempla o art. 1 dos Estatutos de S.N. de CC.OO de Galicia, a Unión Comarcal de CC.OO de Vigo, asume, entre os seus principios e actividades, todos eles de interese para a cidadanía viguesa, os seguintes:

- Defender as reivindicacións dos/as traballadores/as, sen discriminación
- Impulsar e desenvolver a igualdade de oportunidades, así como, combater a discriminación que, por razón de sexo, se produza
- Desenvolver accións positivas nas relacións laborais e condicións de traballo, así como, na consecución dunha representación equilibrada de homes e mulleres en todos os niveis
- Reivindicar a mellora das condicións de vida e de traballo de todos/as os/as traballadores/as
- Defender, especialmente, as reivindicacións das mulleres, da xuventude, das persoas maiores, da saúde laboral, do medio ambiente o do pacifismo, co fin de eliminar calquera discriminación baseada no sexo, na idade, a raza, a orixe étnica e as conviccións políticas e relixiosas, así como, por calquera outra circunstancia persoal ou social
- Apoiar as reivindicacións específicas das persoas emigrantes e dos/as traballadores/as estranxeiros que traballan en Galicia
- Orientar a súa actividade ao exercicio efectivo do dereito dos traballadores a un emprego estable, á plena protección social, á mellora das condicións de traballo e emprego da poboación activa, á solidariedade internacional entre traballadores, á integración social e laboral, en especial, dos colectivos suxeitos a condicións de exclusión, á mellora das condicións de vida e a promoción sociocultural, á consecución da igualdade de trato e oportunidades entre homes e mulleres, (...)

Deste xeito, co obxecto de contribuír á consecución dos fins públicos obxecto de protección, a través de fórmulas de colaboración con axentes sociais de ampla representatividade, dáse trámite ao procedemento de “Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Unión Comarcal de Comisiones Obreras, para colaborar no desenvolvemento de accións de carácter sociolaboral de interese para a cidadanía no marco do fomento do emprego”:

## **MANIFESTAN**

**I.-** - Que a Unión Comarcal de CCOO de Vigo, conforme á proposta presentada no rexistro xeral do Concello de Vigo remitido en data 23/03/2022, a través do Rexistro Electrónico do Concello de Vigo (documento núm. 220060268) ee achegas complementarias á solicitude presentadas cos documentos núm. 220060298, 220060327, 220060841 e 220060880 de datas 23 e 24 de marzo, ten por obxecto a organización das seguintes accións de carácter sociolaboral de interese para a cidadanía no marco do fomento do emprego:

1. Oficina de Atención á Cidadanía, para información sobre cuestións relacionadas con:

1. Urbanismo municipal
2. Declaración da Renda
3. Información sobre emprego e a situación de pobreza
4. Información e asesoramento sobre os trámites e solicitude de concesión de axudas da Lei de Dependencia

2. Xornada de información cidadá: “Incidencia da reforma laboral nas relacións laborais”

3. Reforzo do asesoramento xurídico a traballadores/as, ante as graves repercusións da crise sanitaria no ámbito sociolaboral, para o cal, se propón a contratación dunha persoa graduada en relacións laborais inscrita no rexistro de demandantes de emprego.

**II.-** Que o Concello de Vigo recoñécelle á Unión Comarcal de CCOO de Vigo, a condición de partícipe na súa contribución na defensa e promoción dos intereses económicos e sociais que lles son propios, como síntoma da boa saúde dun estado social e democrático de dereito no que a mellora da igualdade no emprego contribuiría favorablemente no eido laboral da cidade.

**III.-** Que na devandita actividade a subvencionar e na subvención mesma concorren singulares circunstancias de interese público, social, económico e humanitario; tendo en conta a situación socio-laboral actual na cidade de Vigo.

Estas circunstancias así como a presenza que ten a Unión Comarcal de CCOO de Vigo entre o tecido económico e laboral, e a existencia dunha partida nominativa nos orzamentos do Concello de 2022, para o desenvolvemento dun convenio coa CCOO para o fomento do emprego, xustifican a súa concesión directa.

**IV.-** Toda vez que de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente, os intervincentes conclúen o



## Concello de Vigo

presente convenio co fin de regular os termos da concesión da devandita axuda, co obxecto de desenvolver un proxecto para axudar ás persoas máis vulnerables, especialmente necesario nas actuais circunstancias, atendendo ás graves repercusións económicas e sociais provocadas pola situación de crise sanitaria xerada polo COVID-19.

V.- Que a Unión Comarcal de CCOO de Vigo non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente.

**Que en base ás precedentes consideracións e ao interese público, social, económico e humanitario que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da Unión Comarcal de CCOO de Vigo, o Concello de Vigo e a dita organización sindical conveñen a súa colaboración no ámbito de Vigo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes**

### PACTOS

**Primeiro.-** A Unión Comarcal de CCOO de Vigo comprométese a colaborar coa Concellaría de Cultura e Emprego do Concello de Vigo en canto a dinamización e fomento do emprego entre a cidadanía viguesa, e a levar a cabo as actividades que fundamentan a concesión da subvención, co contido e nos termos do proxecto achegado ao expediente:

1. Oficina de Atención á Cidadanía, para información sobre cuestións relacionadas con:
  - Urbanismo municipal
  - Declaración da Renda
  - Información sobre emprego e a situación de pobreza
  - Información e asesoramento sobre os trámites e solicitude de concesión de axudas da Lei de Dependencia
2. Organizar e desenvolver unha Xornada de información cidadá: "Incidencia da reforma laboral nas relacións laborais "
3. Reforzar o asesoramento xurídico a traballadores/as, ante as graves repercusións da crise sanitaria no ámbito sociolaboral, mediante a contratación dunha persoa graduada en relacións laborais, empadroadada en Vigo e inscrita no rexistro de demandantes de emprego.
4. Realizar convocatoria pública da oferta de emprego do persoal a contratar con cargo á subvención, mediante inserción de anuncios na páxina web da entidade e na páxina web municipal xestionada pola área de Participación Cidadá, "Asociacións en rede" (<http://asociacións.vigo.org>, cando menos 5 días naturais antes da realización da selección, debendo o secretario ou secretaria da entidade certificar a súa publicación ante o Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, en relación cos postos a contratar.
5. Elaborar materiais informativos e divulgativos.
6. Comunicar ao Concello de Vigo-Concellaría de Cultura e Emprego, o lugar, datas e horas de inicio das accións a desenvolver. Así mesmo, obrígase a comunicar calquera incidencia que imposibilite ou aprace a actividade requirida, que de ser o

caso, comunicárase cunha antelación mínima de 5 días naturais á data da súa realización.

7. No emprazamento das accións e na páxina inicial da web da entidade deberá constar en lugar visible cartel informativo en modelo normalizado que será subministrado polo servizo de Desenvolvemento Local e Emprego.
8. Calquera edición, roupa de traballo e/ou material gráfico relacionado coas accións deste convenio realizaranse no idioma galego. En todos os casos deberá aparecer o logotipo oficial do Concello de Vigo-Concellería de Cultura e Emprego- como patrocinador das accións, sendo esta cuestión extensible ás carpetas, distintivos e outros elementos que realicen.
9. Dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.
10. Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e demais gastos derivados da execución das actividades previstas.
11. Cumprir con todas as obrigas establecidas no art. 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
12. En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

**Segundo.-** O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1. Colaborar na orientación, supervisión e avaliación das actividades realizadas.
2. Respetar a estrutura organizativa da Unión Comarcal de CCOO de Vigo.
3. Conceder directamente á Unión Comarcal de CCOO de Vigo unha subvención por importe de 36.039,09 € que corresponden aos custos salariais e de seguridade social do persoal asignado ao proxecto, material de oficina e gastos de organización de xornada, necesarios para o desenvolvemento do convenio, con cargo á partida 2410 4800003 "Convenio CCOO Fomento do emprego", dos orzamentos xerais do Concello de Vigo, co obxecto de coadxuvar ao financiamento dos gastos de contratación de persoal, xestión e organización das actividades previstas.

**Terceiro.-** Esta axuda será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade obxecto do convenio. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

**Cuarto.-** Para facilitar a administración do convenio poderase tramitar un anticipo a conta de ata un 50% da axuda outorgada polo Concello, previa petición da entidade, na que



## Concello de Vigo

xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidade financeira dos mesmos. O 50% restante ingresarase unha vez se teña xustificado a totalidade do programa conveniado, tal como se establece na liquidación final.

A tal efecto e coa finalidade de cumprir co establecido no artigo 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvención, a entidade presentará declaración responsable de non atoparse en ningunha das situacións establecidas no artigo anteriormente referendado e, conforme ao artigo 31.6 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia de 13 de xuño.

Conforme ao previsto no artigo 42 e ss. do RD 887/2006, neste suposto óptase por non esixir ningún tipo de garantía á entidade beneficiaria ao ter en conta, tanto o carácter social da actividade subvencionada, coma a traxectoria en anteriores colaboracións coa entidade.

**Quinto.-** Se o custe total da actividade resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade conveniada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

**Sexto.-** A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada obxecto do convenio.

**Sétimo.-** A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ao financiamento municipal da actividade. A devandita difusión cumprirá os seguintes requisitos:

- A información, especialmente carteis e programas editados, estará integramente na lingua galega.
- En toda información gráfica editada figurarán os logotipos e anagramas oficiais do Concello de Vigo, ademais das lendas que se acorden. Se no financiamento das actividades interveñen outras entidades distintas das asinantes do Convenio, a prelación en orde de tamaño será proporcional a cadansúa achega económica.
- A entidade beneficiaria someterá á conformidade do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo as probas dos recursos publicitarios que se vaian empregar. O material gráfico editado disporá do correspondente depósito legal. De todo o material editado, entregaranse 2 exemplares no servizo de Desenvolvemento Local e Emprego da Concellaría de Cultura e Emprego.

**Oitavo.-** A presente subvención se rexistrará na BDNS no momento da concesión do convenio, conforme establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro Xeral de Subvencións e no portal de transparencia do Concello de Vigo.

**Noveno.-** A presente subvención está suxeita aos requisitos de publicidade esixidos por mor do artigo 3 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, resultando suxeitos obrigados polas disposicións do capítulo II do título I: os partidos políticos, organizacións sindicais e organizacións empresariais e as

entidades privadas que perciban durante o período dun ano axudas ou subvencións públicas nunha contía superior a 100.000 euros ou cando polo menos o 40 % do total dos seus ingresos anuais teñan carácter de axuda ou subvención pública, sempre que alcancen como mínimo a cantidade de 5.000 euros.

#### **Décimo.-** Selección do persoal a contratar

A entidade beneficiaria deberá realizar a convocatoria pública da oferta de emprego, cando menos, 5 días naturais antes da realización da selección mediante os seguintes medios:

- a. Inserción de anuncios na páxina web, rede social e/ou taboleiro de anuncios da entidade
- b. Inserción na páxina web municipal “Asociacións en rede” (<http://asociacions.vigo.org>), no formato establecido no Anexo (Oferta de emprego asinada electronicamente, con expresión da Asociación que realiza a oferta, os posto/s ofertado/s e perfil/ís solicitado/s cos requisitos esixidos na convocatoria, data de presentación de currículums e data de publicación), que será enviado pola entidade en formato dixital ao enderezo electrónico [ofi.emplo@vigo.org](mailto:ofi.emplo@vigo.org), cando menos cun día hábil de antelación á data de publicación.

O/A secretario/a ou representante da entidade certificará a publicación da oferta de emprego do posto a contratar.

Unha vez efectuada a convocatoria pública da oferta de emprego nos termos expostos nos apartados a), e b) a entidade que teña unha proposta de contratación remitirá **a través da sede electrónica do Concello de Vigo** a documentación resultante do proceso de selección, asinada electronicamente polo/a representante da entidade, tal e como se indica a continuación:

- a. Certificado do/a secretario/a ou representante da entidade indicando o período de publicación das ofertas de emprego dos postos a contratar e a publicación da/s oferta/s de emprego na páxina web, rede social e/ou taboleiro de anuncios da entidade.
- b. Certificado do/a secretario/a ou representante da entidade coa listaxe das persoas presentadas a cada un dos postos a contratar, con indicación da/s persoa/s seleccionada/s e, no seu caso, das suplentes.
- c. DNI, tarxeta de demanda de emprego, certificado de empadramento e currículo das persoas propostas para a contratación, e das suplentes, se as houber.
- d. Calquera outra documentación relacionada co proceso e que lle sexa requirida polo servizo.

Logo do exame da documentación achegada pola entidade, o servizo emitirá un informe no que se verifique o cumprimento dos requisitos establecidos nos pactos deste convenio para proceder á contratación.

De resultar necesario subsanar ou completar a documentación exixida, ben, porque a persoa seleccionada pola entidade non cumpre os requisitos exixidos no convenio ou na oferta, ou ben, porque fose necesario subsanar ou acompañar documentos preceptivos, a entidade disporá dun prazo de 10 días para atender ao requirimento efectuado mediante notificación electrónica, transcorrido o cal, se lle terá por desistida da súa petición.





## Concello de Vigo

O informe favorable remitirase á entidade solicitante mediante notificación electrónica, podendo proceder á contratación da/s persoa/s seleccionada/s unha vez remitido.

**Décimo primeiro.-** O pagamento da subvención realizarase logo de que a beneficiaria xustifique a realización do proxecto. A xustificación da subvención realizarase pola *Unión Comarcal de Comisiones Obreras (CCOO) de Vigo* mediante a presentación dunha memoria final, coa correspondente conta xustificativa que acredite o cumprimento total do obxecto e condicións do convenio. O prazo máximo para achegar esta xustificación finalizará o **15 de outubro de 2022**.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), a beneficiaria está obrigada a relacionarse electronicamente coas Administracións Públicas.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da LXS establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas asinadas electronicamente

No caso de que se achegue a documentación presencialmente, requirirase a súa subsanación mediante a súa presentación electrónica. A estes efectos, considerarase como data de presentación da documentación aquela na que tivese realizado a subsanación.

Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a **conta xustificativa** (integrada pola memoria de actividades e a memoria económica dos gastos incorridos) a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

A tal efecto deberá achegar a conta xustificativa da subvención outorgada que conterá a seguinte documentación e información:

Unha memoria final do programa de actividades obxecto deste convenio, onde figurarán como mínimo os datos de participación, a memoria de prensa, un rexistro fotográfico ou audiovisual. Indicaranse as actividades realizadas e os resultados obtidos, e nos que figurará a ser posible, a seguinte documentación: denominación do programa, proxecto ou gasto subvencionado; datas e lugar de celebración; colectivo afectado, nº de beneficiarios e programación desenvolvida; nos cursos de formación, engadirase ao anterior e en folla aparte, o programa do curso, horas de formación e a identificación dos participantes; actuacións realizadas; exemplares do material de información, boletíns ou libros editados e publicidade relacionada coa actividade subvencionada.

A memoria económica da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos á que se xuntarán as **facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas asinadas electrónicamente** e/ou os demais documentos de valor probatorio equivalente.

Reflectiranse nunha táboa todos os gastos acreditados mediante facturas electrónicas e/ou copias asinadas electronicamente, indicando o **nome de empresa**, o número de **CIF**, a **data**, o **número** de factura e o **IVE**. Computarase o gasto acreditado **deducindo o IVE**, salvo que se xustifique a exención do dito imposto (achegarse, a tal efecto, unha declaración responsable da entidade de non dedución do IVE ou o acordo de exención do IVE) e deberá indicarse o **importe que se imputa** á subvención (total/parcial).

Non será preciso que nos documentos xustificativos de pago conste de forma expresa que os pagos aos que os mesmos se refiren foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención.

Conforme establece o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvención, no seo artigo 70.3, transcorrido o prazo establecido de xustificación sen presentarse esta ante o órgano administrativo competente, este requirirá ao beneficiario para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada aos efectos previstos neste Capítulo. A falla de presentación da xustificación no prazo establecido neste apartado levará consigo a esixencia do reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei Xeral de Subvencións. A presentación da xustificación no prazo adicional establecido neste apartado non eximirá ao beneficiario das sancións que, conforme á Lei Xeral de Subvencións, correspondan.

**Décimo segundo.-** Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

**Décimo terceiro.-** Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo comprendido entre o 1 de xaneiro de 2022 ao 30 de setembro de 2022.

**Décimo cuarto.-** A realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da axuda será comprobada polo servizo de Desenvolvemento Local e Emprego dependente da Concellaría de Cultura e Emprego. A xefa do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade obxecto da subvención.

**Décimo quinto.-** A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellaría de Cultura e Emprego e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.



**Décimo sexto.-** Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG, nos casos:

1. Incumprimento total ou parcial do obxectivo, da actividade ou do proxecto ou non adopción do comportamento que fundamenta a concesión da axuda.
2. Incumprimento da obriga de xustificación ou a xustificación insuficiente.
3. Incumprimento da obriga de adoptar as medidas de difusión contidas no apartado sétimo do convenio.
4. Resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro, así como o incumprimento das obrigas contables, rexistrais ou de conservación de documentos cando diso se derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades obxecto do convenio, ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, estatais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.
5. Incumprimento das obrigas impostas pola administración ás entidades colaboradoras e beneficiarios, así como dos compromisos por estes asumidos, con motivo da concesión da axuda, sempre que afecten ou se refiran ao modo en que se conseguen os obxectivos, se realiza a actividade, se executa o proxecto ou se adopta o comportamento que fundamenta a concesión da axuda.
6. Incumprimento das obrigas impostas pola administración ás entidades colaboradoras e beneficiarios, así como dos compromisos por estes asumidos, con motivo da concesión da axuda, distintos dos anteriores, cando diso se derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades obxecto do convenio, ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, estatais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

Cando o incumprimento da actividade obxecto do convenio se traduza nunha diminución significativa do proxecto subvencionado, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo do convenio, procederá o reintegro da axuda na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da axuda sobre o custo da actividade obxecto do convenio.

**Décimo sétimo.-** En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento, para a súa apreciación e imposición estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

**Décimo oitavo.-** A entidade beneficiaria está informada de que os datos persoais facilitados nos anexos, son indispensables para a xestión da subvención e serán incorporados a un ficheiro municipal aos exclusivos efectos da instrución do procedemento para a concesión obxecto do presente convenio, a práctica da publicación, comunicacións e notificacións de obrigatorio cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións, en orden á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas da Lei 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos e Garantía dos Dereitos Dixitais e do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPDP do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos ([www.aepd.es](http://www.aepd.es)).

Poderán obter mais información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: [dpd.vigo@vigo.org](mailto:dpd.vigo@vigo.org)

**Décimo noveno.-** A colaboración do Concello de Vigo concrétase na concesión dunha subvención formalizada mediante o presente convenio, colaboración que non derivará en ningún tipo de relación laboral entre o Concello de Vigo e o persoal contratado directa ou indirectamente pola Unión Comarcal de CCOO de Vigo no desenvolvemento das actividades indicadas no pacto primeiro.

**Vixésimo.-** A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o seu regulamento de desenvolvemento; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

**Vixésimo primeiro.-** O período de vixencia do convenio remata o 31 de decembro de 2022.



**Concello de Vigo**

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, na data da sinatura dixital

**10(393).- PRÓRROGA DO CONTRATO DE SERVIZOS DE ATENCIÓN DOMICILIARIA DA INFANCIA (SADI) DIRIXIDO A MULLERES QUE SE ATOPAN EN SITUACIÓN DE VULNERABILIDADE SOCIAL. EXPTE. 10126/224.**

Visto o informe xurídico do 18/05/2022 e o informe de fiscalización do 19/05/2022, dáse conta do informe-proposta do 06/05/2022, asinado pola xefa do Servizo de Igualdade, a concelleira-delegada de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data 06.08.2020, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar o contrato de servizos para a xestión do Servizo Municipal de Atención Domiciliaria da Infancia á entidade "Asociación de Mulleres Progresistas de Vigo", con CIF: G36657336.

O dito contrato asinouse polas partes en data 01.09.2020, polo que entrou en vigor o día 02.09.2020. A cláusula 2 do contrato establece un prezo de 360.390,32 € (incluíndo IVE) para un período de 2 anos. O prezo do contrato sen IVE, por tanto, é de 327.627,56 € a razón de 163.813,78 €/anualidade

A cláusula 4 establece un prazo de 2 anos de contrato, e contéplanse dúas prórrogas de un ano de duración cada unha delas. O contrato, por tanto, finaliza o 01.09.2022.

Co obxecto de propoñer a aprobación da primeira prórroga do contrato este órgano xestor informa de que a xestión por parte da entidade concesionaria está a ser satisfactoria, os traballos están a executarse eficazmente, e as obrigas establecidas no contrato están a cumprirse. Non se produciron incidencias por parte da adxudicataria que afecten ao normal funcionamento do servizo, polo que se valora procedente continuar coa mesma adxudicataria e proceder á tramitación dunha primeira prórroga do contrato.

A teor do exposto, cómpre pois, propoñer a aprobación dunha prórroga do actual contrato que comprenderá o seguinte período: 2 de setembro de 2022 ao 1 de setembro de 2023 (ambos incluídos).

Para facer fronte aos pagos dos gastos do servizo durante o período da primeira prórroga do contrato é necesario comprometer un gasto por importe total de 163.813,78 €. O devandito gasto farase efectivo con cargo á partida "Sadi Kanguros" 2311 2279902 do orzamento vixente do Servizo de Igualdade e do futuro exercicio 2023, condicionado a dispoñibilidade de crédito adecuado e suficiente no orzamento futuro na partida "Sadi Kanguros" 2311 2279902 da Concellería de Igualdade, desglosado do seguinte xeito:

- Período comprendido entre o 2 de setembro 2022 ao 31 de decembro de 2022: 54.604,60 € (4 mensualidades a razón de 13.651,14 €/mes) con cargo á partida "Sadi Kanguros" 2311 2279902 do orzamento vixente da Concellería de Igualdade.

S.ord. 26/05/2022

- Período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2023 ao 1 de setembro de 2023: 109.209,18 € ( 8 mensualidades a razón de 13.651,14 €/mes).

Polo devandito, ante a necesidade de continuar coas prestacións ás que se refire o presente expediente de contratación, en beneficio e defensa dos intereses municipais, e previo o preceptivo informe de Asesoría Xurídica e de Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

“1º.- Aprobar unha prórroga de un ano de duración do contrato de xestión do Servizo municipal de Atención Domiciliaria da Infancia (SADI) dirixido a mulleres que se atopan en situación de vulnerabilidade social, que abrangue desde o 2 de setembro de 2022 ao 1 de setembro de 2023, ambos incluídos, coa entidade “Asociación de Mulleres Progresistas de Vigo”, con CIF: G36657336, actual adxudicataria do contrato por acordo da Xunta de Goberno Local de data 6 de agosto de 2020.

2º.- Aprobar o gasto de 163.813,78 € euros para facer fronte ao pago do contrato durante a vixencia da primeira prórroga do contrato, desglosado do seguinte xeito: 54.604,60 € con cargo á partida “Sadi Kanguros” 2311 2279902 do orzamento vixente da Concellería de Igualdade e 109.209,18 € con cargo á dispoñibilidade de crédito orzamentario para o futuro exercicio 2023 na partida “ Sadi Kanguros” 2311 2279902 do futuro exercicio 2023 da Concellería de Igualdade.

3º.- Notificar o presente acordo á adxudicataria, comunicar este acordo ao Tribunal de Contas e ao Rexistro de Contratos do Sector Público de acordo co establecido nos artigos 335.2 e 346.3, respectivamente, da Lei de Contratos do Sector Público e publicar este acordo no perfil de contratante do Concello de Vigo”.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **11(394).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN DO GASTO PARA A CONTINUIDADE DAS PRESTACIÓNS DO CONTRATO DOS SERVIZOS DE LIMPEZA PÚBLICA VIARIA, RECOLLIDA E TRANSPORTE DOS RESIDUOS DOMÉSTICOS DA CIDADE DE VIGO NO MES DE XUÑO DO 2022. EXPTE. 6619/252.**

Visto o informe de fiscalización do 23/05/2022, dáse conta do informe-proposta do 19/05/2022, asinado polo xefe do Servizo de Limpeza e xestión de residuos, o xefe de Área de Investimentos, o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais e polo concelleiro-delegado de Fomento e Servizos, que di o seguinte:



### **I.- Antecedentes:**

1.- A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 31 de marzo de 2022, adoptou o acordo de continuidade de prestación do contrato dos servizos de limpeza pública viaria, recollida e transporte dos residuos domésticos da cidade de Vigo (expediente 6619-252) nas mesmas condicións nas que se ven prestando, ata a formalización do novo contrato que se tramita co expediente 7645-252.

Así mesmo procedeu a autorizar o gasto para a continuidade do contrato para dar cobertura aos gastos derivados da prestación do servizo dende o 1 de abril ata o 31 de maio de 2022, polo importe máximo de 5.416.217,16 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 1622.227.99.01 “xestión-valorización integral do servizo de residuos” e á súa bolsa de vinculación.

2.- A licitación do novo expediente de contratación tramitado co título de: “contratación do servizo para a xestión sustentable e integrada dos residuos municipais de Vigo e a súa valorización dentro do marco europeo da estratexia da economía circular”, por procedemento aberto e tramitación ordinaria (expediente 7645-252), atopase xa na súa fase de adxudicación, así a Mesa de contratación de data 5 de maio de 2022, acordou formular proposta de clasificación de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, das proposicións admitidas neste procedemento. Dito acordo foi notificado ao primeiro clasificado con data 9 de maio de 2022, indicando na mesma que o prazo para presentar a devandita documentación remata o día 24 de maio de 2022.

### **II.- Proposta:**

Á vista do exposto, e de acordo coa necesidade de dar cumprimento os prazos administrativos necesarios para continuar co procedemento de contratación e formalizar o contrato relacionado co expediente 7645-252, estímase necesario autorizar o gasto para a continuidade dos contratos vinculados co expediente 6619/252, polo período máximo de 1 mes, polo cal, atendendo a que o acordo da XGL do 31 de marzo de 2022, autorizou o gastos na previsión inicial ata o 31 de maio de 2022, procede ampliar o mesmo ata o 30 de xuño de 2022, tendo en conta que a previsión do inicio do novo contrato esta previsto para o 1 de xullo de 2022.

O prezo dos tres lotes do actual contrato no segundo ano da prórroga é, conforme ao indicado na cláusula 17.E.2 das FEC, o ofertado polo contratista para o segundo ano do prazo contractual.

As ofertas dos adxudicatarios foron:

**LOTE 1: CONTENUR S.L.**

Áreas de gasto:		Ano 1	Ano 2	Total contrato
(A) Custos totais Persoal e explotación servizos		1.807.730,45 €	1.918.265,21 €	3.725.995,66 €
3.- Aplicación de gastos xerais e beneficio industrial	Gastos xerais	180.773,04 €	191.826,52 €	372.599,56 €
	Beneficio industrial	72.309,22 €	76.730,61 €	149.039,83 €
(B) Total con gastos xerais e beneficio industrial		2.060.812,71 €	2.186.822,34 €	4.247.635,05 €
4.- Custos para reposición de medios materiais e mecánicos - proposta fixa mínimo		350.000,00 €	350.000,00 €	700.000,00 €
4.1.- Incremento proposto polo licitador derivado da aplicación da baixa do apartado (B) para o apartado de reposición de medios mecánicos e materiais		100.000,00 €	100.000,00 €	200.000,00 €
Total custo anual sen IVE ((B) + (4) + (4.1))		2.510.812,71 €	2.636.822,34 €	5.147.635,05 €
5.- IVE de aplicación		251.081,27 €	263.682,23 €	514.763,51 €
Total custo anual con IVE		2.761.893,98 €	2.900.504,58 €	5.662.398,56 €

**LOTE 2: FCC MEDIO AMBIENTE S.A.**

Áreas de gasto:		Ano 1	Ano 2	Total contrato
(A) Custos totais Persoal e explotación servizos		24.459.847,58 €	24.876.918,83 €	49.336.766,41 €
3.- Aplicación de gastos xerais e beneficio industrial	Gastos xerais	978.393,90 €	995.076,75 €	1.973.470,65 €
	Beneficio industrial	244.598,48 €	248.769,19 €	493.367,67 €
(B) Total con gastos xerais e beneficio industrial		25.682.839,96 €	26.120.764,77 €	51.803.604,73 €
4.- Custos para reposición de medios materiais e mecánicos - proposta fixa mínimo		500.000,00 €	500.000,00 €	1.000.000,00 €
4.1.- Incremento proposto polo licitador derivado da aplicación da baixa do apartado (B) para o apartado de reposición de medios mecánicos e materiais		900.000,00 €	900.000,00 €	1.800.000,00 €
Total custo anual sen IVE ((B) + (4) + (4.1))		27.082.839,96 €	27.520.764,77 €	54.603.604,73 €
5.- IVE de aplicación		2.708.284,00 €	2.752.076,48 €	5.460.360,48 €
Total custo anual con IVE		29.791.123,96 €	30.272.841,25 €	60.063.965,21 €

**LOTE 3: FCC MEDIO AMBIENTE S.A.**

Áreas de gasto:		Ano 1	Ano 2	Total contrato
(A) Custos totais Persoal e explotación servizos		1.111.985,11 €	1.123.104,96 €	2.235.090,07 €





## Concello de Vigo

3.- Aplicación de gastos xerais e beneficio industrial	Gastos xerais	44.479,40 €	44.924,20 €	89.403,60 €
	Beneficio industrial	66.719,11 €	67.386,30 €	134.105,41 €
(B) Total con gastos xerais e beneficio industrial		1.223.183,62 €	1.235.415,46 €	2.458.599,08 €
4.- Custos para reposición de medios materiais e mecánicos - proposta fixa mínimo		350.000,00 €	350.000,00 €	700.000,00 €
4.1.- Incremento proposto polo licitador derivado da aplicación da baixa do apartado (B) para o apartado de reposición de medios mecánicos e materiais		100.000,00 €	100.000,00 €	200.000,00 €
Total custo anual sen IVE ((B) + (4) + (4.1))		1.673.183,62 €	1.685.415,46 €	3.358.599,08 €
5.- IVE de aplicación		167.318,36 €	168.541,55 €	335.859,91 €
Total custo anual con IVE		1.840.501,98 €	1.853.957,01 €	3.694.458,99 €

Á vista do contido da proposta e que na actualidade o importe do contrato de acordo coa prorroga aprobada pola Xunta de Goberno Local de data 25 de marzo de 2021, contempla como prezo do contrato para cada lote o importe correspondente a súa oferta para a segunda anualidade, débese indicar que de acordo á proposta da continuidade do contrato para o prazo de un mes como tempo imprescindible para a formalización da nova licitación, as necesidades de crédito deben atender a estes criterios:

a.- Non se aplica os custes vinculados á reposición de medios materias e mecánicos (nin a parte fixa, nin o incremento proposto polos adxudicatarios na súa oferta).

b.- Prezo do contrato (ano completo):

- LOTE 1: adxudicataria CONTENUR,  
importe segundo ano da prorroga: 2.405.504,57 € iva (10%)  
engadido
- LOTE 2: adxudicataria FCC MEDIO AMBIENTE,  
importe segundo ano da prorroga: 28.732.841,25 € iva (10%)  
engadido
- LOTE 3: adxudicataria FCC MEDIO AMBIENTE,  
importe segundo ano da prorroga: 1.358.957,01 € iva (10%)  
engadido

c.- Importe correspondente ao prazo de un (1) meses:

- LOTE 1: adxudicataria CONTENUR: (prazo de 1 mes) 200.458,72 € con IVE

- *LOTE 2: adxudicataria FCC MEDIO AMBIENTE: (prazo de 1 mes) 2.394.403,44 € con IVE*
- *LOTE 3: adxudicataria FCC MEDIO AMBIENTE: (prazo de 1 mes) 113.246,42 € con IVE*

*TOTAL: 2.708.108,58 € con IVE*

### **III.- Competencia**

A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda do LCSP), na súa calidade de órgano de contratación, previo informe de fiscalización da intervención municipal (artigo 114.3 TRRL apartados 3 e 8 da disposición adicional segunda da LCSP).

En base ao anterior, propónse á Xunta de Goberno local, en calidade de órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

**Primeiro:** Autorizar o gasto para a continuidade dos contratos tramitados no expediente 6619/252, para dar cobertura aos gastos da prestación do servizo dos tres lotes dende o 1 e o 30 de xuño de 2022, de acordo cos seguintes datos:

- *LOTE 1: adxudicataria CONTENUR: (prazo de 1 mes) 200.458,72 € con IVE*
- *LOTE 2: adxudicataria FCC MEDIO AMBIENTE: (prazo de 1 mes) 2.394.403,44 € con IVE*
- *LOTE 3: adxudicataria FCC MEDIO AMBIENTE: (prazo de 1 mes) 113.246,42 € con IVE*

*TOTAL: 2.708.108,58 € con IVE*

Con cargo a aplicación orzamentaria 1622.227.99.01 “xestión-valorización integral do servizo de residuos”.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**12(395).- NOMEAMENTO COMO FUNCIONARIOS INTERINOS DE DOUS OFICIAIS COIDADORES DE VIXILANCIA E CONTROL DO VIGOZOO, CATRO TRABALLADORES/AS SOCIAIS E CATRO SUBALTERNOS. EXPTE. 39381/220.**

Visto o informe de fiscalización do 23/05/2022, dáse conta do informe-proposta do 18/05/2022, asinado pola técnica de Admón. Xeral, a xefa de Área de Recursos



## Concello de Vigo

Humanos e Formación e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal (RA 09/05/2022), que di o seguinte:

### ANTECEDENTES

I.- Mediante escritos que obran unidos ao expediente, asinados polas xefaturas do servizos/áreas e coa conformidade da concellerías delegadas competentes (Vigozoo, Benestar Social, Xuventude), se solicita á Área de Recursos Humanos e Formación, respectivamente persoal coa categoría de Oficiais coidadores de vixilancia e control de Vigo Zoo (tres), Traballadores sociais (catro), e Subalternos (catro-tres para xuventude e outro para o SOL),

II.- Analizada a solicitude, en data 18/02/2022 procédese á incoación de expediente.

III.- Consta no expediente informe técnico e dilixencias que inclúen a proposta de gasto, estado de execución do Capítulo I do orzamento e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer.

Consta igualmente Resolución de 13/05/2022 pola que se aproba a modificación orzamentaria 48/22 do expediente 39827/220.

IV.- Consta no informe de verificación administrativa, coas persoas en condicións de ser nomeadas.

En consecuencia, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

### FUNDAMENTOS XURÍDICOS

#### I.- Normativa de aplicación:

-Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

- O artigo 128 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:  
"1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas."
- O artigo 133 do mesmo Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos

funcionarios de Administración Local, estableciendo expresamente que “el procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas.”

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, dictada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

"FD CUARTO.- (...) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: 1º) cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública." A citada sentenza foi declarada firme por Providencia do Tribunal Supremo 08/03/2018 (R. Casación 3105/2017).

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** establece que:

“.....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) “El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución.”

## **II.- Nomeamento de funcionarios interinos por acumulación de tarefas:**

Consonte ao disposto no artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (en adiante, TREBEP) son funcionarios interinos son aqueles que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios de carreira, cando concorra algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa “**el exceso o**



**acumulación de tarefas por prazo máximo de nove meses, dentro de un periodo de dieciocho meses**” (letra d) do citado apartado 1); contemplando o apartado 2 do artigo que “los procedimientos de selección del personal funcionario interino serán públicos, rigiéndose en todo caso por los principios de igualdad, mérito, capacidad y celeridad, y tendrán por finalidad la cobertura inmediata del puesto. El nombramiento derivado de estos procedimientos de selección en ningún caso dará lugar al reconocimiento de la condición de funcionario de carrera.”

Os nomeamentos deberán recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no corpo ao que pertenza o posto de traballo, rematando a súa vixencia, segundo o establecido no propio artigo 10, apartado 3, letra c) pola finalización do prazo autorizado expresamente recollido no seu nomeamento, **sen dereito a compensación algunha**. Ademais a Administración formalizará de oficio a finalización da relación de interinidade polas causas previstas no artigo 63 da mesma norma.

Os funcionarios interinos percibirán as retribucións básicas e complementarias asociadas ao posto de traballo de destino; no caso da modalidade de nomeamento por acumulación de tarefas, tómase como referencia a analogía coas prazas (retribucións básicas) e postos de traballo (retribucións complementarias fixas e periódicas) da categoría profesional ofertada, no marco do establecido na vixente Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo, aprobada pola Xunta de Goberno Local en sesión do 20.09.2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade; referencia que, no presente suposto, tómase conforme aos postos de traballo seguintes: oficial coidador de vixancia e control de Vigozoo (cód. 689), traballador social (cod. 819 e subalterno (cod. 155), todos eles por un período máximo de 9 meses.

Así mesmo, e consonte á instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

### **III.- Observacións respecto da xornada e horario**

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase segundo estableza a xefatura do servizo ou área consonte ás necesidades obxectivas que se deriven da debida prestación dos servizos públicos, podendo desenvolverse en horario de mañá ou tarde, ou en xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso normativamente contemplados, dacordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013 e modificacións posteriores, e concordantes.

#### IV.- Xustificación da necesidade e urxencia:

Segundo consta nas solicitudes de data de sinatura electrónica unidas ao expediente, o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, de acordo co esixido no artigo 19 da Lei 3/2017, de 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2017, e, de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas as anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016 (expediente electrónico nº 27.576/220) debendo ser contextualizadas no marco normativo actualmente vixente á data de sinatura do presente informe-proposta.

Vista a documentación obrante no expediente e segundo consta no informe de verificación administrativa, unicamente 10 persoas están en condicións de ser nomeadas, dous oficiais coidadores de vixilancia e control de VigoZoo, catro traballadores sociais e catro subalternos.

#### V. - Proposta de gasto:

Segundo consta no informe técnico de cuantificación económica emitido ao expediente, o custe do efectivo proposto por un período de 9 meses é o seguinte:

2022	N.º EFECTIVOS	RETRI.FIXAS	SEG.SOC.
DIPLOMADO/A TRABALLO SOCIAL	4	95.384,52	30.490,04
OFICIAL COIDADOR	2	30.537,59	11.519,48
SUBALTERNO	4	53.457,69	17.346,28
<b>TOTAL</b>		<b>179.379,81</b>	<b>59.355,80</b>
2023	N.º EFECTIVOS	RETRI.FIXAS	SEG.SOC.
DIPLOMADO/A TRABALLO SOCIAL	4	27.797,80	8.885,76
OFICIAL COIDADOR	2	8.899,57	3.357,16
SUBALTERNO	4	15.579,01	5.055,12
		<b>52.276,38</b>	<b>17.298,04</b>
<b>TOTAL CUSTO</b>		<b>231.656,19</b>	<b>76.653,84</b>

O custo dos referidos nomeamentos imputarase a aplicación orzamentaria 920.0.140.0000 do orzamento do exercicio 2022 no que respecta a retribucións por importe de 179.379,81 € e por importe de 52.276,28 € para o 2023 e a aplicación orzamentaria 920.0.160.0099 no que respecta aos custes da seguridade social para o ano 2022 por importe de 59.355,80 € e para o 2023 por importe de 17.298,04 €.

Indícase que para o cálculo dos importes do 2023 aplícase un incremento do 2%.\_



## Concello de Vigo

Por Resolución de 13/05/2022 aprobouse a modificación orzamentaria 48/22 do expediente 39827/220, necesaria segundo informe técnico.

### VI. - Verificación de existencia de aspirantes en listas de reserva:

Segundo informe administrativo de verificación consta que:

- Logo de verificar as listaxes de reserva para as categorías de oficial coidador/a, mantemento, vixilancia e control, subalerno/a e diplomado/a en traballo social existe lista vixente con persoal en condicións de ser notificado.

- Unha vez producidas as renuncias correspondentes, que obran no expediente administrativo de referencia e rematada a dita lista de aspirantes, e sempre a salvo de erro ou omisión, procede o chamamento como oficial coidador/a, mantemento, vixilancia e control, subalerno/a e diplomado/a en traballo social das persoas que se relacionan a seguir, que xa presentaron a documentación requirida para o efecto.

Todo isto de conformidade cos criterios de xestión das listas de reserva, aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados pola aplicación informática para xestionar as listas de reserva, desenvolto polo Servizo de Administración Electrónica:

<b>Oficial coidador/a, mantemento, vixilancia e control</b>		
NÚM. ORDE	DNI**	NOME E APELIDOS
1	***7548**	J. M. Meira Suárez
2	***8318**	N. Manzano Herrero

<b>Subalerno/a</b>		
NÚM. ORDE	DNI**	NOME E APELIDOS
1	***7936**	A. Villar Sánchez
2	***4487**	D. López Davila
3	***8753**	M. Martinez Soto
4	***3438**	R. Conde Miguelz

<b>Diplomado/a en traballo social</b>		
NÚM. ORDE	DNI**	NOME E APELIDOS
1	***8664**	C. Medina Fernández

2	***1964**	L Díaz-Agero Nodar
3	***8161**	L. Alonso González
4	***8934**	A. Rodríguez González

## VII.- SOMETEMENTO Á FISCALIZACIÓN PREVIA E PRECEPTIVA

O presente expediente debe ser sometido á preceptiva fiscalización previa á súa aprobación con carácter preceptivo, consonte ao establecido nos artigos 213 a 223 do RD lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais; concretamente, o artigo 214, que contempla que:

“1. La función interventora tendrá por objeto fiscalizar todos los actos de las entidades locales y de sus organismos autónomos que den lugar al reconocimiento y liquidación de derechos y obligaciones o gastos de contenido económico, los ingresos y pagos que de aquéllos se deriven, y la recaudación, inversión y aplicación, en general, de los caudales públicos administrados, con el fin de que la gestión se ajuste a las disposiciones aplicables en cada caso.

2. El ejercicio de la expresada función comprenderá:

- a) La intervención crítica o previa de todo acto, documento o expediente susceptible de producir derechos u obligaciones de contenido económico o movimiento de fondos de valores.
- b) La intervención formal de la ordenación del pago.
- c) La intervención material del pago.
- d) La intervención y comprobación material de las inversiones y de la aplicación de las subvenciones.”

## VIII.- COMPETENCIA

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade da Xefa da área de Recursos Humanos e Formación e da Concelleira delegada da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal (delegacións competenciais por Decretos da Alcaldía do 16/04/2021 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 22/04/2021), elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

### PROPOSTA DE ACORDO

“**PRIMEIRO:** Declarar a urxencia no nomeamento de 10 funcionarios/as interinos/as nos termos e condicións seguintes:





## Concello de Vigo

- Categoría profesional: Oficiais coidadores de vixilancia e control de Vigo Zoo (dous), Traballadores sociais (catro), e Subalternos (catro-tres para xuventude e outro para o SOL).
- Modalidade legal: funcionario interino por acumulación de tarefas (artigo 10.1, letra d) do TREBEP).
- Destinos: Servizo de Vigo Zoo, Benestar Social, Xuventude e SOL.
- Período temporal: 9 meses, expirando a vixencia do nomeamento ao remate sen dereito a compensación algunha (artigo 10.3, letra c) do TREBEP).
- Custe económico: 231.656,19 euros (Retribucións fixas); 76.653,84 euros (Seguridade Social)

O custo dos referidos nomeamentos imputarase a aplicación orzamentaria 920.0.140.0000 do orzamento do exercicio 2022 no que respecta a retribucións por importe de 179.379,81 € e por importe de 52.276,28 € para o 2023 e a aplicación orzamentaria 920.0.160.0099 no que respecta aos custes da seguridade social para o ano 2022 por importe de 59.355,80 € e para o 2023 por importe de 17.298,04 €.

- Todo elo consonte aos informes e proposta de acordo emitidos na tramitación administrativa do expediente electrónico nº 39381/220 obxecto de aprobación.

**SEGUNDO:** Nomear como funcionarios interinos por acumulación de tarefas, nos termos e condicións do establecido no apartado primeiro do presente acordo, a:

<b>Oficial coidador/a, mantemento, vixilancia e control</b>		
NÚM. ORDE	DNI**	NOME E APELIDOS
1	***7548**	J. M. Meira Suárez
2	***8318**	N. Manzano Herrero

<b>Diplomado/a en traballo social</b>		
NÚM. ORDE	DNI**	NOME E APELIDOS
1	***8664**	C. Medina Fernández
2	***1964**	L Díaz-Agero Nodar
3	***8161**	L. Alonso González
4	***8934**	A. Rodríguez González

<b>Subalterno/a</b>
---------------------

NÚM. ORDE	DNI**	NOME E APELIDOS
1	***7936**	A. Villar Sánchez
2	***4487**	D. López Davila
3	***8753**	M. Martinez Soto
4	***3438**	R. Conde Miguelez

de conformidade cos criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo, á vista dos datos proporcionados polo programa informático existente para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica.

**TERCEIRO:** Dispoñer que a xornada laboral do efectivo nomeado desenvolverase no horario establecido pola Xefatura da Área ou Servizo, consonte ás necesidades obxectivas que se deriven da debida prestación dos servizos públicos, podendo desenvolverse en horario de mañá ou tarde, ou en xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso normativamente contemplados, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013 e modificacións posteriores, e concordantes.

**CUARTO:** Notificar o presente acordo aos aspirantes nomeados, Xefatura das Áreas/Servizos, Intervención Xeral Municipal, inspección de persoal, persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación así como o persoal incluído no grupo 2, e ao Comité de Persoal aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.”

#### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **13(396).- RESOLUCIÓN DE RECURSO DE ALZADA PRESENTADO NO PROCESO SELECTIVO DE ENXEÑEIRO/A TÉCNICO/A INDUSTRIAL - OEP 2017-2018-2019 (2ª FASE), POR QUENDA LIBRE. EXPTE. 39124/220.**

Dáse conta do informe-proposta de data 13/05/2022, asinado pola secretaria e a presidenta do órgano de selección do proceso referido, que di o seguinte:



## Concello de Vigo

Con data 16.04.2022, cod.sol.:W682878-4522, foi presentado no Rexistro electrónico do Concello de Vigo o recurso de alzada formulado por D<sup>a</sup>. T.P.H. contra o acordo adoptado polo órgano de selección en sesión do 09.03.2022, fronte á reclamación por ela presentada contra a cualificación obtida no segundo exercicio do proceso selectivo.

Alega, en esencia, a recorrente no recurso de alzada formulado que: *“Bajo su criterio y el de las bases de dicho proceso selectivo, entiendo que he contestado de forma correcta y detallada a los dos ejercicios atendiendo a los criterios de evaluación, capacidad de análisis y la aplicación razonada de conocimientos teóricos para la resolución de los problemas prácticos presentados, estando en disconformidad con la puntuación otorgada en este segundo ejercicio, atendiendo a las siguientes justificaciones:*

*-He nombrado y tenido en cuenta el manual MOPU entregado por el órgano de selección ( para el caso práctico 1º) y en el 2º caso práctico se lista la normativa de aplicación, REBT, el Real Decreto 1890/2008 de Reglamento de Eficiencia Energética y el procedimiento detallado del proceso de legalización de una instalación de alumbrado público (para el apartado 1) y ofreciendo los nºos de la instrucción técnica competente del REBT tenidas en cuenta en el resto de apartados del mismo. Por todo ello, se considera con poca razón de peso aquella que dice que no “acompañó a la normativa de aplicación a la resolución del resultado de los ejercicios””.*

Achega, xunto co dito recurso, unha copia da reclamación presentada contra a cualificación do seu segundo exercicio, a cuxo contido remítese.

Tras realizar unha serie de consideracións, solicita a modificación da puntuación dese segundo exercicio de forma tal que a cualificación de NON APTA se substitúa pola de APTA (5 puntos) e, para o caso de non estimarse esta pretensión, peticona a formación dunha bolsa de emprego de enxeñeiros/as técnicos/as industriais da que considera que debe formar parte.

### FUNDAMENTOS LEGAIS OU VALORACIÓN XURÍDICA

#### I. Normativa de aplicación

- Constitución Española de 1978
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC)
- Real decreto 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refudido da Lei do Estatuto básico do empregado público
- Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego público de Galicia
- Decreto 95/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de selección de persoal da Comunidade Autónoma de Galicia
- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local (LRBRL)
- A demais de aplicación

#### II. Exame dos presupostos procedimentais

O recurso de alzada interponse por persoa lexitimada para elo contra un acto susceptible do mesmo, e dentro do prazo legalmente establecido (un mes) segundo o disposto nos artigos 121 e 122 da LPAC, procedendo a súa admisión a trámite.

#### III. Análise dos fundamentos do recurso de alzada presentado

S.ord. 26/05/2022

A recurrente manifesta a súa desconformidade coa puntuación obtida no segundo exercicio do presente proceso selectivo e achega novamente a reclamación presentada no seu día contra a dita valoración.

Dado que a reclamación referida foi obxecto de estudo polo órgano de selección na sesión celebrada o día 09.03.2022, cómpre remitirse ao acordo adoptado por este e notificado á interesada o día 16.03.2022, habida conta de conterse nel as razóns expresivas do xuízo técnico emitido mediante a análise, apartado por apartado, da reclamación presentada. Xa que logo, non procede entrar a valorar novamente o xa analizado no dito acordo dada a identidade de fundamentos e a ausencia de novos elementos que podan ser considerados.

Sentando o anterior, procede analizar aqueles argumentos introducidos *ex novo* no recurso de alzada formulado cos que a recurrente fundamenta a súas pretensións:

*.- Que nomeou e tivo en conta o Manual MOPU facilitado polo órgano de selección para a realización do primeiro suposto teórico-práctico.*

As Recomendacións do MOPU sobre glorietas (datadas en maio de 1989) formaron parte do material facilitado ás persoas aspirantes polo órgano de selección para a elaboración do primeiro dos casos teórico-prácticos conformantes do segundo exercicio do presente proceso selectivo.

É por elo que non debe confundirse a cita destas Recomendacións coa súa correcta, pertinente ou suficiente aplicación ao suposto práctico plantexado. O trascendente e relevante non é a consideración en abstracto destas Recomendacións durante a elaboración do exercicio, senón a súa aplicación práctica e o acerto e viabilidade técnica das solucións propostas.

Debe lembrarse, que de acordo coas bases específicas que rexen o presente proceso selectivo (BOP número 222, do 17.11.2020 e rectificación de erros BOP número 36 do 23.02.2021), o órgano de selección debe avaliar a capacidade de análise e a aplicación razoada dos coñecementos teóricos á resolución dos problemas prácticos presentados. Segundo explica o órgano de selección no acordo adoptado en sesión do día 09.03.2022, as solucións que aporten as persoas aspirantes do proceso selectivo deben evidenciar o estudo das concretas circunstancias do caso de forma tal que poda apreжаться cómo os coñecementos teóricos foron correctamente aplicados a esas concretas situacións prácticas.

As nomeadas Recomendacións contribuían á resolución de parte deste primeiro suposto, para o que era necesario trasladalas á realidade do caso práctico plantexado. Precisamente, un dos problemas que detecta o órgano de selección na elaboración das respostas dadas pola recurrente é a deficiente ou insuficiente, segundo o caso, aplicación destas Recomendacións. Así pois, o órgano de selección advertiu a existencia de solucións xenéricas naquel exercicio, sendo tal o caso da solución dada pola recurrente á primeira pregunta deste caso teórico-práctico, botando en falta a expresión da conexión existente entre esa resposta e as concretas circunstancias do suposto formulado. Lémbrese que o enunciado peticionaba *valorar e enumerar as vantaxes e inconvenientes da implantación dunha glorietta neste cruce*, sen que ningunha das respostas dadas pola recurrente fixera referencia a ningunha das concretas circunstancias do devandito cruce. Tamén explica o órgano de selección, que non se analizaron os cinco accesos posibles, nin a existencia dunha mediana na vía principal que separa os sentidos da circulación, nin as dimensións das vías, etc., isto é, advirte, a través destas e outras ausencias, da falta dunha análise reflexiva sobre a realidade do caso. Signifícalle, así mesmo, que a proposta da glorietta realizada pola aspirante excede das dimensións do espazo dispoñible, malia



## Concello de Vigo

facilitarse un escalímetro e un plano escalado (solución dada pola recorrente á segunda pregunta) ou que na proposta de localización das paradas de autobús urbano (pregunta catro) non ofrece unha explicación clara e técnicamente solvente que visibilice a correcta aplicación práctica das ditas Recomendacións (basta con remitirse á literalidade da resposta dada pola aspirante para comprender a reflexión realizada polo órgano de selección).

*.- Que no segundo caso teórico-práctico listou a normativa de aplicación, sinalando expresamente o REBT, o Real Decreto 1890/2008 de Regulamento de Eficiencia Enerxética, así como o procedemento, ao seu entender detallado, de legalización dunha instalación de alumeado público e ofreceu os números da instrucción técnica REBT tidos en conta.*

Os elementos referidos pola recorrente fan referencia unicamente á primeira pregunta das cinco que conforman o segundo caso teórico-práctico do segundo exercicio. A puntuación máxima a obter nesta pregunta era un (1) punto.

Segundo se lle comunicou na motivación ofrecida polo órgano de selección á cualificación acadada neste, o exercicio presentado pola recorrente non cita normas que se consideran necesarias para que a resposta poda ser considerada completa. Neste senso, no seu exercicio citou o RETB – que deba citarse como Real Decreto 842/2002, do 2 de agosto, polo que se aproba o Regulamento electrotécnico para baixa tensión- (instrucción técnica ITC-BT-09), o Real Decreto 1890/2008 -tamén citado de forma incompleta- e as súas intruccións de EA-01 a EA-07 e a ordenanza municipal reguladora das instalacións de iluminación exterior – en cuxa cita tampouco ofrece a data de aprobación nin publicación-. O feito de que a ITC-BT-09 estea adicada especificamente ás instalacións de alumeado exterior, non exime da aplicación doutras ITC-BT, tales como a 04 (Documentación e Posta en Servizo das Instalacións), 05 (Verificacións e Inspeccións), 18 (Instalacións de Posta en Terra), 21 (Instalacións Interiores ou Receptoras. Tubos e Canais Protectores), etc.

Doutro lado, polo que respecta ao procedemento de legalización dunha instalación de alumeado público, ao que fai referencia a segunda parte do enunciado da pregunta, o órgano de selección explicou que a recorrente non inclúe as actuacións que deben levarse a cabo ante o Concello de Vigo en relación coa recepción das instalacións de alumeado público (o suposto refería rúas de núcleo urbano, o que deba levar a unha reflexión ligada ao ámbito local). Estas actuacións, que figuran definidas na ordenanza municipal reguladora de las instalaciones de iluminación exterior (incluída no temario específico), non foron consideradas pola agora recorrente. Ademais, debe lembrarse que as instalacións eléctricas ás que lles sexa de aplicación o Regulamento electrotécnico de baixa tensión, deben rexistrarse na correspondente xefatura territorial da Consellería de Economía e Industria. E, neste senso, a resposta dada pola recorrente tampouco conta cunha elaboración completa e sistemática (non cita a concreta solicitude a presentar, nin ante qué organismo ou administración, nin mediante qué vía). Só, ao final do exercicio, despois de tratar a documentación a presentar afirma “*así se finaliza el registro de la instalación en Industria de la CC.AA pertinente*”.

*.- Considera non ser certo que non acompañou a normativa de aplicación ao resultado de todos os exercicios.*

O feito de que o exercicio conteña referenzas normativas non significa que esta fora reflectida e aplicada ao caso co nivel de acerto e suficiencia que a recorrente considera, non sendo esta a única razón explicativa da puntuación obtida, segundo consta no acordo notificado con data 16.03.2022.

IV. Observancia dos criterios de actuación do órgano de selección

S.ord. 26/05/2022

O artigo 23.2 da CE consagra o dereito de acceso á función pública como unha manifestación do principio de igualdade contido no artigo 14 da CE (STC 75/1986, 84/1987, 161/1988, 214/1990 e 163/1991, sen ánimo exhaustivo), conectado directamente cos principios de mérito e capacidade sancionados no artigo 103.3 da CE. Sen embargo, a dimensión ética e pública deste principio, certamente trascendente, non garante a ninguén o dereito a desempeñar a función pública, senón a asegurar que o proceso de selección respecte o dereito subxectivo da igualdade xurídica. Así pois, o dereito de acceso á función pública é unha garantía da igualdade de oportunidades (STC 47/1990, do 20 de marzo) e impide esixir ás persoas aspirantes requisitos non relacionados co mérito e á capacidade (STS 193/1987, do 9 de decembro, 206/1988, do 7 de novembro, 67/1989, do 18 de abril, 27/1991, do 14 de febreiro e 215/1991, do 14 de febreiro). Desta forma, ambos principios (mérito e capacidade) convértense nos únicos parámetros que dotan de contido ao dereito de acceso á función pública en termos de igualdade, sendo as bases de cada convocatoria as que, a súa vez, dotan de contido a estes dous principios (SXCA n.º 1 de Vigo do 20.11.2019).

E, xunto cos principios de igualdade, mérito e capacidade que derivan directamente do texto constitucional e recóllense así mesmo no artigo 55.1 do EBEP, coexisten outros aplicables aos procesos de selección na función pública: a publicidade das convocatorias e das súas bases, a transparencia, a imparcialidade e a profesionalidade dos membros do órgano de selección, a independencia e a discrecionalidade técnica na súa actuación, así como a obxectividade que debe imperar neles, a axilidade e a adecuación entre o contido dos procesos selectivos e as funcións a desempeñar (SXCA nº1 de Vigo do 20.11.2019).

E por elo, que para o acceso á función pública as persoas aspirantes deben acreditar a aptitude necesaria, a súa competencia e idoneidade, o que lles corresponde demostrar durante o proceso selectivo mediante a superación dos criterios de avaliación definidos en cada convocatoria.

En consecuencia, as bases da convocatoria respectiva vencellan á Administración, aos tribunais que xulgarán as probas selectivas e a quen participe nelas (artigo 6.2 do Decreto 95/1991), pois, de conformidade co establecido no artigo 1.3 do Decreto 95/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de selección de persoal da Comunidade Autónoma de Galicia, aplicable á Administración Local de acordo co seu artigo 1.1 en relación co artigo 4.1.b) da Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego público de Galicia, os procedementos de selección e acceso do citado persoal rexeranse polas Bases da convocatoria respectiva. Convén, por elo, apuntar que de acordo co establecido na STS do 29.04.2011: *“Conviene recordar que tiene declarado el Tribunal Supremo, ya desde la antigua Sentencia de 14 de septiembre 1988, con constante reiteración ulterior que hace innecesaria la cita individualizada, que las bases de la oposición son la llamada «ley de oposición o concurso», de manera que vinculan a la Administración desde luego, pero también a los que participan en dichas pruebas selectivas, no pudiendo a posteriori impugnarse dichas bases, que, una vez aprobadas, sólo son modificables con sujeción estricta a las normas de la Ley de Procedimiento Administrativo (...)”*.

Xa que logo, os órganos de selección, no desenvolvemento da súa función avaliadora, deberán aplicar os criterios de avaliación establecidos nas bases da convocatoria e actuar baixo un principio obxectivo de avaliación técnica excluínte de calquera tipo de arbitrariedade. Consecuentemente, confórmanse como órganos colexiados de exclusivo carácter técnico cuxa misión será valorar a capacidade e preparación das persoas aspirantes, seleccionando ás máis idóneas e capacitadas para acceder ás prazas convocadas, sen que podan propoñer o nomeamento de persoas que non acadaran o nivel mínimo esixido polas bases do proceso para a superación das probas.



## Concello de Vigo

Ademais, o EBEP, en aras dos principios de imparcialidade e profesionalidade que deben presidir a actuación destes órganos, preserva o carácter técnico dos órganos de selección, acorde coa actuación que lle é propia, baseada na discrecionalidade técnica, mediante a exclusión da participación neles dos cargos de elección ou de designación política e do persoal eventual e, doutra banda, establece que a pertencencia ao dito órgano será a título individual e non en representación ou por conta de ninguén, co fin de evitar, en ambos casos, a introducción de ópticas non compatibles con aqueles principios. E tamén en garantía daquela imparcialidade e profesionalidade, dótase ás persoas aspirantes da posibilidade de instar a recusación daqueles membros nos que poda concorrer algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime xurídico do sector público, na súa relación co seu artigo 24.

A aludida discrecionalidade técnica, incluída no artigo 55 do EBEP (en relación co seu artigo 61) entre os principios reitores do acceso ao emprego público, vencéllase indisolublemente coa imparcialidade e profesionalidade dos órganos de selección e ven a significar que o xuízo técnico emitido polos seus membros non pode ser substituído por outros órganos, administrativos ou xudiciais, agás que existira desviación de poder, erro ou arbitrariedade. E en liña con estes principios, descansa unha presunción de certeza e de razoabilidade na especialización e imparcialidade dos órganos de selección (STC 34/1995, do 6 de febreiro).

Así, seguindo ao TS na sentenza de data 29.01.2008: *“la discrecionalidad técnica expresada conduce a partir de una presunción de certeza o de razonabilidad de la actuación administrativa, apoyada en la especialización y la imparcialidad de los órganos establecidos para realizar la calificación. De modo que dicha presunción "iuris tantum" sólo puede desvirtuarse si se acredita la infracción o el desconocimiento del proceder razonable que se presume en el órgano calificador, bien por desviación de poder, arbitrariedad o ausencia de toda posible justificación del criterio adoptado, entre otros motivos, por fundarse en patente error, debidamente acreditado por la parte que lo alega. Por ello, la discrecionalidad técnica reduce las posibilidades de control jurisdiccional sobre la actividad evaluadora de los órganos de la Administración prácticamente a los supuestos de inobservancia de los elementos reglados del ejercicio de la potestad administrativa y de error ostensible o manifiesto, quedando fuera de ese limitado control aquellas pretensiones de los interesados que sólo postulan una evaluación alternativa a la del órgano calificador, moviéndose dentro del aceptado espacio de libre apreciación, y no estén sustentadas con un posible error manifiesto”*.

É por elo, que as resolucións dimanantes do exercicio da discrecionalidade técnica -adoptadas por órganos especializados de selección de persoal nos procedementos de concurso e oposición- gozan dunha presunción “iuris tantum” de certeza e de racionalidade, fundada na especialización e imparcialidade dos ditos órganos.

Levando estes principios ao suposto que agora nos ocupa, compróbase que as bases específicas do presente proceso selectivo foron publicadas no BOP número 222, do 17.11.2020 e nelas se prevé a realización dun total de ata catro exercicios, dos que, a alo menos dous (primeiro e segundo), teñen carácter obrigatorio e eliminatorio.

E centrando o debate no segundo dos referidos exercicios de carácter obrigatorio e eliminatorio, consistente nunha proba teórico-práctica, a desenvolver no prazo máximo de tres horas, as ditas bases dispoñen: *“Neste exercicio avaliarase a capacidade de análise e a aplicación razoada dos coñecementos teóricos á resolución dos problemas prácticos presentados. Este exercicio puntuarase*

*de cero (0) a dez (10) puntos; é necesario para aprobar obter unha puntuación mínima de cinco (5) puntos”.*

A cualificación obtida nese exercicio pola agora recorrente foi de NON APTA, coa conseguinte imposibilidade de concorrer ás sucesivas probas do proceso; cualificación fronte á que presentou a correspondente reclamación, que foi examinada polo órgano de selección e respostada no acordo que lle foi notificado o día 16.03.2022. No dito acordo, o nomeado órgano, logo de revisar o exercicio realizado, ratificou as puntuacións outorgadas e ofreceu á reclamante unha explicación motivada das razóns do xuízo técnico emitido baseado nos coñecementos especializados dos seus membros.

Pois ben, a recta aplicación das bases da convocatoria e, singularmente dos criterios fixados nelas, levaron no presente suposto, ao órgano de selección, a considerar que o segundo exercicio realizado pola agora recorrente non resultaba merecente da cualificación de apto por non acadar os cinco (5) puntos esixidos nas Bases para a súa superación. Non obstante, ofreceuse á recorrente un coñecemento suficiente das razóns técnicas que conduciron a ese resultado, realizando unha análise apartado por apartado do executado, sen que no recurso formulado se introduzan elementos de contraste que podan levar a revisar tales consideracións.

Xa que logo, malia que a recorrente expresa a súa desconformidade coa cualificación obtida, non acompaña o seu recurso dun esforzo argumental que evidencie erro, arbitrariedade ou desviación de poder naquela cualificación, sendo así que a mera desconformidade non pode considerarse suficiente para destruír a presunción de certeza e acerto da actuación dun órgano dotado dos coñecementos especializados.

Ningún erro acredítase no dito recurso en relación coa valoración practicada nin co xuízo técnico emitido, nin se realiza esforzo argumental ningún que sirva de contraste, polo que non se aprecia vulneración das bases nin do ordenamento xurídico, nin falta de motivación, nin arbitrariedade nin desviación de poder no actuado. Da ausencia do necesario esforzo argumental resultaría que a recorrente, pura e simplemente, discrepa da cualificación obtida a partir da súa perspectiva subxectiva e persoal. Sen embargo, a mera discrepancia non permite substituír o seu criterio polo xuízo técnico emitido por profesionais que ostentan os coñecementos especializados nas materias examinadas. Como reconece a STS do 16.03.2016 para tal substitución é necesario: *“que se demuestre el disparate o el error manifiesto, o al menos que existe un consenso científico en dirección distinta de la acogida por el Tribunal calificador, incluso con pericias pero sólidas y contundentes pues se trata de que: «ese parecer del Tribunal Calificador merezca mayoritariamente, en la específica rama material del saber concernida en el actual litigio, la caracterización de constituir un claro e inequívoco error».*”

Así mesmo, debe traerse a colación a xurisprudencia que, con fundamento nos principios de igualdade, mérito e capacidade para o acceso ás funcións públicas (artigos 23.2 e 103.3 da CE), admite a revisión da actividade dos órganos de selección cando se fundamente nun patente erro e sexa debidamente acreditado por quen o alega (STC 215/1991 e STS 05.06.1995, SSTSX de Andalucía do 05.03.2002, sede en Málaga, do 22.11.2002, sede en Sevilla, SSTSX de Madrid do 30.12.2003, 15.03.2004 e 17.06.2005).

No presente proceso selectivo, o órgano de selección revisou o segundo exercicio realizado pola entón aspirante e examinou a súa reclamación, verificou que non se producira erro ningún na corrección practicada, analizou os argumentos esgrimidos de contrario, contrastou as notas tomadas durante a sesión pública e, finalmente, acordou ratificar a puntuación asignada.





Así as cousas, lembra a STSX de Cataluña de data 03.10.2013 que a *“doctrina de la presunción de validez y acierto de las evaluaciones de los tribunales calificadoros que impide su revisión, salvo en los casos en que no se hayan respetado los elementos reglados; existan errores evidentes y ostensibles o se haya incurrido en arbitrariedad o desviación de poder, tal como se recoge en la STS de 31 de enero de 2006 que recuerda la doctrina de dicho Tribunal Supremo al respecto. En este caso, aduce que la valoración de unos ejercicios consistentes en la resolución de unos supuestos prácticos entra de lleno en el núcleo de la discrecionalidad técnica sin olvidar la doctrina consolidada sobre los efectos de haber consentido las bases ( SSTS de este mismo órgano jurisdiccional, nº 381/2004; de 30 de marzo de 1004, rollo apelación 10/2003 )”*.

Doutra banda, habida conta de canto antecede, e toda vez que inspirados nos principios de igualdade, mérito e capacidade que regulan o acceso á función pública e que traen causa dos artigos 23.2 e 103.3 da CE, cumpríronse coas obrigas de publicidade e transparencia, así como de motivación, estando a aspirante presente na lectura de todos os exercicios realizados polos demais candidatos, non constando recusación nin tacha ningunha de falta de imparcialidade ou profesionalidade dos membros do órgano de selección, considerando ademais que a recorrente renunciou a contrastar o seu exercicio co executado polos demais aspirantes (durante cuxas lecturas estivo presente), que coñeceu os criterios de valoración antes da realización da proba, así como o xuízo técnico emitido polo órgano de selección xustificativo da calificación obtida, e non ofrecendo no recurso de alzada presentado razón técnica ningunha que fundamente os erros que atribúe a aquela valoración, non se comprende, nin pode admitirse, a afirmación que realiza sobre que *o proceso é turbio e obscuro en moitos aspectos*, afirmación desprovista, necesariamente, de toda concreción e sustento, o que non resta gravidade a expresión de manifestacións de tal natureza vertidas sen o acompañamento de elemento probatorio ningún, incluso para o caso de que o único ánimo fora o de contextualizalas no eido da mera defensa das pretensións da recorrente como manifestación xenérica e carente de contido.

Tampouco pode admitirse o alegado en relación coa inexistencia de solución aos casos teórico-prácticos que conformaron o segundo exercicio do proceso selectivo. Cómpre precisar, a este respecto, que o órgano de selección acordou o 09.03.2022, desestimar a petición de entrega dun *modelo de resposta* ou *modelo tipo*, baixo a consideración razoada de que a explicación, resposta a resposta, do xuízo técnico emitido resultaba suficientemente ilustrativa da puntuación outorgada e das razóns que levaron a aquela expresión numérica. O acordado non equivale, nin pode pretendese equivalente, a ausencia de solucións válidas e, en proba delo, o órgano de selección motiva con detalle a puntuación asignada, dando unha explicación pregunta a pregunta e realizando, así mesmo, unha consideración global sobre o conxunto da proba realizada pola recorrente. O que xurisprudencialmente se recoñece ás persoas aspirantes é o dereito a coñecer os motivos das puntuacións asignadas e, para a satisfacción deste dereito, o órgano de selección ofreceu unha xustificación suficientemente motivada, comunicándolle os elementos que debería ter considerado a entón aspirante en cada resposta (conducentes a esa *solución ideal*) e precisando tamén as deficiencias detectadas.

Non cabe esquecer que as funcións deste tipo de órganos quedan limitadas a valorar o executado por cada aspirante e para esta labor os seus membros tomaron as anotacións que estimaron procedentes durante as lecturas en pública sesión, estando provistos das solucións que serviron de guía nese proceso avaliativo, debendo cada aspirante resolver e xustificar tecnicamente as solucións propostas. E aínda cando a STSX de Madrid de data 22.09.2021 declara: *“No se comparte que las bases generales y específicas de la convocatoria impongan la conservación e incorporación al expediente de las notas o plantillas que cada uno de los miembros del Tribunal completó con el ejercicio de cada opositor”*, no presente caso os membros do órgano de selección acordaron a súa conservación.

Lémbrese que a proba non consistiu nun cuestionario tipo test nin na resolución de meros cálculos matemáticos, senón que en parte das preguntas se esixía ás persoas aspirantes a xustificación e explicación técnica das solucións propostas o que conleva un proceso de reflexión e elaboración individual. E, segundo tamén se explicou, nestes supostos pode recoñecerse, en ocasións, a existencia dunha marxe do tolerable técnicamente. Admítese, pois, neste tipo de probas aínda que neste caso o marxe ben definido polo técnicamente admisible, que: *“nos encontramos ante un ejercicio de carácter práctico, donde obviamente no existe una plantilla de corrección de respuestas, no habiendo una única solución al supuesto práctico planteado, siendo posibles varias soluciones por parte del opositor, quien puede realizar las interpretaciones y suposiciones que considere oportunas, siempre que se justifiquen (...)”* (STSX de Murcia do 02.07.2020 e STSX de Madrid do 31.10.2019). Fora desa marxe quedaría, por exemplo, a proposta dunha glorieta inexecutable por non encaixar no espazo dispoñible ou calquera dato que a persoa aspirante introducira durante a lectura e que non estivera escrito no exercicio realizado (o que ademais é reprobable), segundo se lle lembrou á recorrente no acordo do 09.03.2022. Dando un paso máis, a sentenza do XCA n.º 1 de Santander do 12.01.2018, recoñece que a resolución dun caso práctico pode admitir opinións en contrario sempre que se funden en dereito (neste caso, técnicamente), mais *“(...) el supuesto es claro y lo que se pide también. Es evidente que la respuesta ni es ni podía ser única y habrá tantos informes como aspirantes, todos distintos, sin perjuicio de que muchos coincidan en aspectos parciales”*.

Con todo, considerando as explicacións dadas sobre a cualificación obtida non pode compartirse que a recorrente non dispoña de elementos de xuízo suficientes para coñecer o contraste (e conseguinte solución) realizado polo órgano de selección, resultando, ademais, que o xuízo técnico emitido por este non foi rebatido con argumento técnico ningún máis aló das xenéricas afirmacións de desconformidade que se conteñen no recurso formulado, o que, como máis arriba se expuxo, non resulta suficiente para destruír a presunción de certeza e acerto do actuado.

Finalmente, tocante á confección dunha lista de substitucións para nomeamentos interinos, cómpre apuntar, de conformidade co acordado na sesión do 17.03.2022 que, de acordo co parágrafo terceiro do apartado 'Outras disposicións comúns' das bases xerais (BOP número 128, do 07.07.2020), a dita lista deba estar formada polos/as aspirantes que non tendo superado o proceso selectivo, tiveran aprobadas todas as probas da fase de oposición, nos termos previstos nos criterios para a xestión das listas de reserva no Concello de Vigo e normativa concordante. Así pois, en aplicación do establecido nas nomeadas bases e no acordo da Xunta de Goberno Local do día 16.07.2021 relativo aos 'Criterios de xestión das listas de reserva derivadas das ofertas de emprego público e convocatorias públicas de emprego do Concello de Vigo', no presente proceso selectivo non procede propoñer lista de reserva, toda vez que de conformidade co establecido no parágrafo segundo do punto 1 dos criterios aprobados: *“As listas de reserva están integradas pola bolsa de persoas que superaron, sen dereito a obter praza, a totalidade de exercicios integrantes dos procesos selectivos executados para a provisión das prazas convocadas en cada Oferta de Empleado Público (OEP)”*, non existindo, no presente proceso, aspirantes nesta circunstancia.

Polo demais, a decisión de aprobar un novo procedemento para a elaboración dunha bolsa de emprego, nos termos peticionados pola recorrente, excedería das atribucións do órgano de selección.

#### V.- Órgano competente

É competente para resolver á Xunta de Goberno Local consonte o disposto no artigo 121 da LPAC en relación co artigo 127.1.h) da LRBRL e na base décimo sétima das xerais (BOP número 128, do 07.07.2020)



## Concello de Vigo

Polo antecedente, sométese á consideración da Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de acordo:

**PRIMEIRO:** Desestimar o recurso de alzada presentado no Rexistro electrónico do Concello de Vigo con data 16.04.2022, cod.sol.:W682878-4522, por D<sup>a</sup>. T.P.H. contra o acordo adoptado polo órgano de selección en sesión do 09.03.2022, fronte á reclamación por ela presentada contra a cualificación obtida no segundo exercicio do proceso selectivo.

**SEGUNDO:** Notificar este acordo á interesada, comunicándolle que contra o presente non caberá ningún recurso administrativo, agás o recurso extraordinario de revisión, nos casos establecidos no artigo 125.1 da LPAC, consonte o establecido no artigo 122.3 da LPAC, e que poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, a contar a partir do seguinte a súa notificación, ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo.

Este informe non é vinculante e o órgano competente decidirá co seu superior criterio o que estime conveniente.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **14(397).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA, MEDIANTE UN CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN CULTURAL SOCIEDAD FILARMÓNICA DE VIGO PARA O DESENVOLVEMENTO DA PROGRAMACIÓN ANUAL DE CONCERTOS DO 2022. EXPTE. 4379/330.**

Visto o informe xurídico do 28/04/2022 e o informe de fiscalización do 19/05/2022, dáse conta do informe-proposta do 25/04/2022, asinado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data da sede electrónica municipal 19 de marzo do 2022, a “Asociación Cultural Sociedad Filarmónica de Vigo” presenta escrito de solicitude de subvención para a financiación do programa anual de concertos en 2022; por este motivo, con data 21 de marzo, o concelleiro-delegado da Área de Cultura resolveu que por parte desta xefatura se iniciase o expediente de subvención correspondente e asinar un convenio con esta entidade para regulala, polo importe de 15.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.20 do orzamento municipal vixente.

### **ANTECEDENTES.-**

A “**ASOCIACIÓN CULTURAL SOCIEDAD FILARMÓNICA DE VIGO**” é unha entidade sen ánimo de lucro que ten por finalidade, entre outras, a divulgación da música culta dende hai cen anos (fundada en 1915), mediante a organización dun programa de concertos anual. O

*obxectivos da Entidade son fomentar o coñecemento da música clásica entre a sociedade e acceder ao maior número de persoas posibles; Asímesmo facilita o acceso ao alumnado dos conservatorios e das escolas de música de Vigo dándolles entrada gratuíta para todos os concertos.*

## **PROGRAMACION 2022**

A programación proposta pola entidade e obxecto da subvención será a seguinte:

24/11/2021	<b>Real Filharmonia de Galicia</b>	Teatro Afundación 20:00 h.
13/12/2021	<b>María Estuardo Ópera</b>	Teatro Afundación 20:00 h.
17/01/2022	<b>Ensemble Praeterium</b>	Auditorio Afundación 20:00 h.
19/01/2022	<b>Real Filharmonia de Galicia</b>	Teatro Afundación 20:00 h.
04/02/2022	<b>Real Filharmonia de Galicia</b>	Teatro Afundación 20:00 h.
10/02/2022	<b>Orquesta Sinfónica de Galicia</b>	Teatro Afundación 20:00 h.
14/02/2022	<b>Duo Pochekin (violín)</b>	Auditorio Afundación 20:00 h.
07/03/2022	<b>Zarzuela Cubana</b>	Auditorio Afundación 20:00 h.
16/03/2022	<b>Real Filharmonia de Galicia</b>	Teatro Afundación 20:00 h..
31/03/2022	<b>Orquesta Sinfónica de Galicia</b>	Teatro Afundación 20:00 h.
04/04/2022	<b>Real Hispania Armonia</b>	Auditorio Afundación 20:00 h.
19/04/2022	<b>Orquesta Barroca de Tenerife</b>	Teatro Afundación 20:00 h.
09/05/2022	<b>Marc Copey (Cello)</b>	Auditorio Afundación 20:00 h.
13/05/2022	<b>Real Filharmonia de Galicia</b>	Teatro Afundación 20:00 h.
20/05/2022	<b>Real Filharmonia de Galicia</b>	Teatro Afundación 20:00 h.
26/05/2022	<b>Orquesta Sinfónica de Galicia</b>	Teatro Afundación 20:00 h.
06/06/2022	<b>Musicantes (Arpa)</b>	Auditorio Afundación 20:00 h.
17/10/2022	<b>Duo Pastrana</b>	Auditorio Afundación 20:00 h.
21/10/2022	<b>Real Filharmonia de Galicia</b>	Teatro Afundación 20:00 h.

A memoria económica que se achega ao presente convenio, presentada pola ASOCIACIÓN, incorpora o orzamento xeral de gastos do programa obxecto do mesmo, polo importe total de 103.906,22 € (cento tres mil novecentos seis euros con vintedous céntimos), financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 15.000 €
- Cotas de socios: 88.352 €
- Axustes de déficit a asumir pola entidade: 554,22 €

**DOCUMENTACIÓN.-**



## Concello de Vigo

Por parte da asociación, presentouse a documentación relativa ao expediente de subvención, que está integrada pola seguinte:

- Proxecto e orzamento da actividade
- Estatutos da Entidade e capacidade do representante legal
- NIF do presidente
- CIF da entidade
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Axencia Tributaria
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Xunta de Galicia
- Certificado de estar ao corrente de pagos co Concello de Vigo
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Seguridade Social
- Certificación da conta bancaria
- Declaración de non estar incurso en prohibición para obter subvencións.
- Declaración doutras axudas.
- Recibo de pagamento do seguro de responsabilidade civil
- Escrito de aceptación do texto do convenio presentado na sede electrónica do Concello o 24 de abril do 2022.

### LEXISLACIÓN APLICABLE.-

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo á Asociación Cultural Sociedad Filarmónica de Vigo para a organización da programación anual de Concertos 2022, obxecto do presente convenio, rexirase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D. Leg 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.

A concesión da subvención directa á Asociación Cultural Sociedad Filarmónica deberá axustarse ao previsto no art. 22.2 apartados a) e c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións, tanto por estar prevista nominativamente no orzamento do Concello de Vigo do 2022, como polo interese público, social e cultural que supón a actividade para a cidade de Vigo; acreditado na concordancia do programa singular a executar, os fins estatutarios da entidade, a súa complementariedade coa actividade cultural organizada polo Concello e marcada diferenza coa oferta doutras entidades, polo cal non procede promover a concorrencia para o seu outorgamento.

De acordo co previsto no art. 26.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os convenios serán o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas

nominativamente; polo que se inclúe o correspondente proxecto de convenio na proposta de resolución.

#### ÓRGANO DE RESOLUCIÓN E ÁMBITO DE COMPETENCIAS .-

O órgano de goberno para a concesión desta subvención directa é a Xunta de Goberno Local.

O obxecto do expediente corresponde as materias de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2. m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2. n) (actividades culturais) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

#### FINANCIAMENTO DA SUBVENCIÓN.-

A subvención do Concello de Vigo á “Asociación Cultural Sociedad Filarmónica” ten como obxecto financiar a organización da programación anual de concertos 2022, figurando na aplicación **3340.480.00.20** do orzamento municipal vixente a concesión dunha subvención nominativa por importe de 15.000 €, a favor da devandita entidade.

A subvención do Concello de Vigo á “Asociación Cultural Sociedad Filarmónica” é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outras administracións ou entes públicos ou privados.

#### CONDICIÓN DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN

A resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables (segundo se establece tanto na Lei Xeral de Subvencións como na Lei de subvencións de Galicia), que se detallan no texto de proposta de convenio.

A resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables (segundo se establece tanto na Lei Xeral de Subvencións como na Lei de subvencións de Galicia), que se detallan no texto de proposta de convenio.

Coa conformidade do concelleiro-delegado da Área de Cultura e mailo concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, cos informes xurídico e da Intervención Xeral, faise a seguinte

#### **PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-**

***PRIMEIRO.-** Aprobar a concesión directa da subvención de 15.000 € (quinze mil euros) á “Asociación Cultural Sociedad Filarmónica”, CIF. G36652881, para o financiamento da programación anual de concertos 2022, organizado por esta entidade; e autorizar e dispoñer o devandito gasto con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.20 “SOCIEDAD FILARMÓNICA DE VIGO, PROGRAMA DE CONCERTOS”, que figura no orzamento municipal vixente do Concello de Vigo.*

***SEGUNDO-** Que se aprobe o texto do proxecto de convenio entre o Concello de Vigo e a Asociación Cultural Sociedad Filarmónica que regula o desenvolvemento da subvención outorgada para o financiamento da programación anual de concertos 2022.”*



**Concello de Vigo**

## **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A SOCIEDADE FILARMÓNICA DE VIGO PARA O DESENVOLVEMENTO DA PROGRAMACIÓN ANUAL DE CONCERTOS DO 2022**

En Vigo, na data da sinatura dixital

#### **REÚNENSE**

A Concellería de Cultura (en adiante CONCELLERÍA), e no seu nome e representación, D. Abel Fermín Losada Álvarez, en virtude do seu cargo de concelleiro-delegado da Área de Cultura, Emprego e Participación Cidadá do Concello de Vigo (CIF P3605700H), para o que foi nomeado polo decreto de delegación de Alcaldía de data 18 de xuño de 2019 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 20 de xuño de 2019; con enderezo na Praza do Rei nº 1, CP 36202; no exercicio das facultades e demais funcións que lle foron conferidas por razón do seu cargo no decreto de delegación de competencias de data 26 de xuño de 2019,

Doutra, D. AVELINO SAN LUÍS COSTAS, na súa condición de presidente da entidade "ASOCIACIÓN CULTURAL SOCIEDADE FILARMÓNICA DE VIGO", CIF G-36.652.881, con enderezo social na rúa Camelias, 52, CP 36211, da cidade de Vigo, (en adiante a ASOCIACIÓN), actuando en nome e representación da devandita entidade, segundo as facultades que lle outorgan os seus estatutos.

E, actuando dona Susana Gallardo Fariña, en calidade de secretaria da Administración Municipal do Concello de Vigo, dando fé deste acto.

Ámbalas dúas partes teñen plena capacidade para levar adiante este convenio e,

#### **MANIFESTAN**

*I.-A " ASOCIACIÓN CULTURAL SOCIEDAD FILARMÓNICA DE VIGO" é unha entidade sen ánimo de lucro que ten por finalidade, entre outras, a divulgación da música culta dende hai cen anos (fundada en 1915), mediante a organización dun programa de concertos anual. O obxectivos da Entidade son fomentar o coñecemento da música clásica entre a sociedade e acceder ao maior número de persoas posibles; Asímesmo facilita o acceso ao alumnado dos conservatorios e das escolas de música de Vigo dándolles entrada gratuíta para todos os concertos.*

*II.- Que o Concello de Vigo, coñecedor das ditas actividades e accións e no exercicio da súa competencia propia de promoción da cultura, que lle recoñece o artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, na vixente redacción, dada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, desexa promover e colaborar economicamente na execución da programación da*

S.ord. 26/05/2022

*“ASOCIACIÓN CULTURAL SOCIEDAD FILARMÓNICA DE VIGO”, como medio que é de promover a música na cidade.*

*III.- Que con esta finalidade o vixente Orzamento Xeral do Concello de Vigo inclúe na aplicación orzamentaria 3340.480.00.20, como subvención nominativa, a favor da “**SOCIEDAD FILARMÓNICA DE VIGO, PROGRAMA DE CONCERTOS** a cantidade de 15.000 euros.*

*IV.- Que a “**ASOCIACIÓN CULTURAL SOCIEDAD FILARMÓNICA DE VIGO**” non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non ten débedas pendentes co Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente administrativo arriba citado.*

*V.- De acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26,1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións, polo que as partes acordan asinar o presente convenio de colaboración para regular os termos da súa concesión, que ten como obxecto a organización de devandito programa.*

De conformidade coas anteditas consideracións e dado o interese común das partes asinantes, e co fin de acadar unha maior eficacia na execución das actuacións, é polo que asinan o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes

## **CLÁUSULAS**

### **PRIMEIRA.- OBXECTO**

A través do presente convenio, establécense as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a CONCELLERÍA e maila ENTIDADE para desenvolver o programa de concertos 2022 (iniciado o 24 de novembro do 2021), que se detalla na documentación achegada pola entidade no presente expediente de aprobación do convenio.

### **SEGUNDA.- ORZAMENTO E FINANCIAMENTO**

A memoria económica que se achega ao presente convenio, presentada pola ASOCIACIÓN, incorpora o orzamento xeral de gastos do programa obxecto do mesmo, polo importe total de 103.906,22 € (cento tres mil novecentos seis euros con vintedous céntimos), financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 15.000 €
- Cotas de socios: 88.352 €
- Axustes de déficit a asumir pola entidade: 554,22 €

### **TERCEIRA.- DATAS E LUGARES DO PROGRAMA**

A programación obxecto do presente convenio será a seguinte:





**Concello de Vigo**

10/02/2022	<b>Orquesta Sinfónica de Galicia</b>	Teatro Afundación 20:00 h.
14/02/2022	<b>Duo Pochekin (violín)</b>	Auditorio Afundación 20:00 h.
07/03/2022	<b>Zarzuela Cubana</b>	Auditorio Afundación 20:00 h.
16/03/2022	<b>Real Filharmonia de Galicia</b>	Teatro Afundación 20:00 h..
31/03/2022	<b>Orquesta Sinfónica de Galicia</b>	Teatro Afundación 20:00 h.
04/04/2022	<b>Real Hispania Armonia</b>	Auditorio Afundación 20:00 h.
19/04/2022	<b>Orquesta Barroca de Tenerife</b>	Teatro Afundación 20:00 h.
09/05/2022	<b>Marc Copey (Cello)</b>	Auditorio Afundación 20:00 h.
13/05/2022	<b>Real Filharmonia de Galicia</b>	Teatro Afundación 20:00 h.
20/05/2022	<b>Real Filharmonia de Galicia</b>	Teatro Afundación 20:00 h.
26/05/2022	<b>Orquesta Sinfónica de Galicia</b>	Teatro Afundación 20:00 h.
06/06/2022	<b>Musicantes (Arpa)</b>	Auditorio Afundación 20:00 h.
17/10/2022	<b>Duo Pastrana</b>	Auditorio Afundación 20:00 h.
21/10/2022	<b>Real Filharmonia de Galicia</b>	Teatro Afundación 20:00 h.

#### **CUARTA.- OBRIGAS DA ENTIDADE . MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA**

1. Organizar as actividades a través dun equipo de profesionais dirixidos e/ou supervisados pola ENTIDADE, actuando como interlocutor único ante a CONCELLERÍA D. Avelino Manuel San Luis Costas, presidente da entidade.
2. Responsabilizarse da organización integral do programa, difundilo amplamente, dispoñer dos espazos, e solicitar, de ser o caso, os permisos correspondentes para a utilización dos mesmos, solicitude de ocupación de vía pública, cargas e descargas, instalación de elementos, etc.
3. Cumprir o programa obxecto da subvención, de acordo co establecido neste convenio e no acordo de concesión, asumindo o aboamento dos gastos relativos á organización da actividade, tanto directos como indirectos (contratacións, produción, dereitos de autor derivados da programación, material de difusión, aluguer e uso de espazos de ser o caso, e demais infraestruturas necesarias para o desenvolvemento efectivo da actividade).
4. Cumprir coas obrigas fiscais, así como das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo.
5. Incorporar os anagramas-logotipos do Concello de Vigo na forma que se detalla na cláusula sétima, e comunicar as accións de difusión nas que se deberá facer mención expresa da subvención obxecto deste convenio.
6. Facilitar á CONCELLERÍA a información necesaria para a difusión do programa a través da páxina "vigocultura.org" e demais canles oficiais.
7. Comunicar á CONCELLERÍA as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen o

S.ord. 26/05/2022

financiamento, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, e en en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos; co obxecto de determinar a oportunidade da autorización da modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.

A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art.17.3 da citada Lei).

8. A concesión da subvención á ENTIDADE implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.
9. Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do programa, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento do evento. A ENTIDADE presenta copia do recibo de pagamento do seguro de responsabilidade civil.
10. Cumprir estrictamente coas medidas que en cada momento establezan a autoridades sanitarias derivadas da COVID.

#### **QUINTA.- OBRIGAS DA CONCELLERÍA. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA**

1. Realizar o seguimento do desenvolvemento do programa de actividades contempladas neste convenio.
2. Xestionar o pagamento do importe da subvención (15.000 €), tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.

#### **SEXTA.- MECANISMOS DE SEGUIMENTO DA SUBVENCIÓN E DO CONVENIO. UNIDADE XESTORA**

Para o bo desenvolvemento do programa obxecto do convenio establecerase unha comisión mixta, integrada polos representantes de cada unha das institucións convenientes, ou persoa na que deleguen, aos que corresponderá o seguimento, interpretación e avaliación das accións derivadas do presente convenio.

O centro xestor da subvención á ENTIDADE é a Área de Cultura do Concello de Vigo, a través do xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, a quen se informará sobre o desenvolvemento do programa, e comunicará os posibles cambios na programación e, especialmente, a súa incidencia nos presupostos que deron motivo á concesión da subvención, por se procedera a súa revisión.

O centro xestor ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.



**Concello de Vigo**

## **SÉTIMA.- DIFUSIÓN DO CARÁCTER PÚBLICO DO FINANCIAMENTO E DAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA**

Calquera que sexa o medio de difusión, a ENTIDADE adoitará as medidas necesarias para publicitar axeitadamente o carácter público do financiamento do programa polo Concello de Vigo, as súas actividades e funcionamento; incorporando os anagrama-logotipo do Concello de Vigo, ademais das lendas indicadas pola Área de Cultura, en particular, no material gráfico editado, na páxina web, nas presentacións públicas, actividades, soportes e demais recursos de difusión e información xeral que se produzan sobre o evento, de acordo coa CONCELLERÍA.

Si no financiamento das actividades ou publicacións interveñen outras entidades distintas do Concello de Vigo, deberá acordarse coa CONCELLERÍA a prelación e características para cada caso.

O deseño gráfico de publicacións e materiais de difusión, deberá ser enviado á Área de Cultura, previamente ás impresións, como mínimo naquelas partes onde figuren as referencias da ENTIDADE, Concello de Vigo e outras entidades que realicen algunha achega ao proxecto subvencionado no seu conxunto polo Concello. O material editado disporá dos depósitos legais correspondentes.

Así mesmo, a ENTIDADE entregará o material de difusión suficiente, tanto para a súa conservación no expediente de subvención, como para a difusión da programación dende a CONCELLERÍA.

A difusión aos medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (roldas de prensa, difusión de noticias, informacións, traballos, etc) deberá estar previamente comunicada ou acordada coa CONCELLERÍA.

A ENTIDADE comprométese á utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión da actividade ou evento. Igualmente comprométese ao emprego de imaxes non estereotipadas e que fagan visible a achega das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.

A ENTIDADE facilitará á Área de Cultura, coa antelación suficiente, toda a información sobre o programa nos formatos axeitados, co fin de publicitalo en todos os soportes municipais (web, 010, Vigocultura, etc.).

### Lingua de difusión e publicacións:

De acordo co establecido na vixente Ordenanza da Normalización Lingüística do Concello de Vigo, a lingua galega é a lingua principal de comunicación; polo tanto, e con carácter xeral, só se considerarán dentro do proxecto e programa subvencionado as publicacións e elementos de difusión e publicidade editados en galego, teñan ou non carácter periódico. A utilización doutras linguas distintas ao galego nas publicacións e difusión quedan sometidas aos acordos particulares coa CONCELLERÍA para que os elementos sexan subvencionables.

## OITAVA.- PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN

O CONCELLO xestionará o pagamento á ENTIDADE polo importe da subvención outorgada ou resultante, logo da realización das actividades previstas no obxecto deste convenio e entrega do informe final coa rendición da conta xustificativa; previa aprobación da achega pola Xunta de Goberno Local, unha vez asinado o presente convenio por ambas partes, emisión dos informes técnicos, e co conforme do concelleiro-delegado da Área de Cultura.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias das facturas polo resto do orzamento. Poderase substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abrangue a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo final foi de XX.XXX euros.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), A ENTIDADE está obrigada a relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas. Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concede a subvención que regula o presente convenio e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

### Documentación a incluír na conta xustificativa:

- Solicitud de pagamento da subvención tralo remate das actividades e, en todo caso, como límite o 10 de novembro do 2022.
- Acreditar atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, Tesourería Xeral da Seguridade Social e Concello de Vigo.
- Memoria de execución e avaliación da actividade realizada, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos, que deberá incluír como mínimo:
  1. Programa con información sobre organización, patrocinio, colaboradores, venda de entradas, etc.
  2. Datos sobre os participantes nas actividades, número e perfil dos asistentes.
  3. Memoria de prensa.



## Concello de Vigo

4. Relación de material gráfico e de difusión contendo os logotipos do Concello de Vigo.

5. Reportaxe fotográfica.

- Memoria económica contendo o balance detallado coa totalidade dos gastos e ingresos da actividade, con indicación dos acredores, conceptos facturados, datas de emisión e importe; acreditados con documentos orixinais pola parte subvencionada.
- Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia, data de ingreso e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.
- As facturas ordenadas segundo o concepto de gasto a que se atribúen e nas que figure a ENTIDADE como entidade destinataria, deberán recoller o seu número e data, CIF, denominación e domicilio social do emisor, conceptos, importes, IVE, etc. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD. 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.
- Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, agás que xustifique que está exenta de IVE.
- Nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do prazo de xustificación; entendéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.

Cando a entidade beneficiaria demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o estampillado (art.73 do regulamento da Lei 38/2003 LXS) da factura orixinal indicando no mesmo o motivo da subvención, así como se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención recibida, indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. Posteriormente incorporarase ao expediente copia do xustificante orixinal estampillado e a unidade administrativa procederá á devolución do orixinal.

### Gastos subvencionables:

Consideraranse gastos subvencionables, os realizados no ano 2021 e 2022 que respondan directa e indubidablemente á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do prazo establecido para a execución do proxecto, quedando excluídos os custos indirectos imputables á actividade, os custos de funcionamento ordinario da entidade, os de atencións protocolarias e representativas, e os gastos en inversións e adquisicións de material, equipos e bens de natureza inventariable.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Non se contempla a posibilidade de subcontratación dos gastos derivados da execución do programa subvencionado.

#### Importe total de subvencións ou axudas:

A subvención do Concello á ENTIDADE é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe das subvencións ou axudas percibidas pola ENTIDADE para a actividade subvencionada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados (art.17.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia).

#### **NOVENA.- XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN**

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada pola Área de Cultura.

Os técnicos da Área de Cultura emitirán informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

#### **DÉCIMA.- INFORMACIÓN E PUBLICIDADE**

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola CONCELLERÍA e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

O CONCELLO publicará a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello e comunicarllo á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1.c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

#### **DÉCIMO PRIMEIRA.- REINTEGRO**

Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

De conformidade co artigo 32.2 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións a achega municipal configúrase como un importe certo, entendendo que queda por conta do beneficiario a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado en tal caso o financiamento público unicamente polo importe que rebase o custo total da actividade.

#### **DÉCIMO SEGUNDA.- INFRACCIÓN E SANCIÓN**

En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.



**Concello de Vigo**

#### **DÉCIMO TERCEIRA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL**

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia, en orde á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei Orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Cultura.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Cultura do Concello de Vigo.

#### **DÉCIMO CUARTA.- DEREITOS SOBRE A INFORMACIÓN E TITULARIDADE DOS RESULTADOS**

Os resultados froito deste convenio, tales como documentais, catálogos, estudos, e demais material obtido da realización das actividades programadas, serán de titularidade e de uso común da CONCELLERÍA e da ENTIDADE. Os resultados quedarán para futuras edicións e ámbalas dúas partes poderán utilizalo nun futuro indistintamente.

A CONCELLERÍA resérvase o dereito de publicar os resultados, parciais ou finais, obtidos durante a execución do convenio que, en todo caso, terán carácter público.

Calquera transformación dos resultados do programa de colaboración conxunta requirirá o consentimento expreso das partes asinantes do convenio.

#### **DÉCIMO QUINTA.- PARTICIPACIÓN DOS COLABORADORES DA ASOCIACIÓN**

O asinamento deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outra índole entre a ENTIDADE e os profesionais ao seu servizo que vaian desenvolver as actividades previstas, e o Concello de Vigo, de tal xeito que a este non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

#### **DÉCIMO SEXTA.- VIXENCIA**

O presente convenio estenderá a súa vixencia desde a data da súa sinatura até o 31 de decembro do 2022, e non será prorrogable.

#### **DECIMO SÉTIMA.- MODIFICACIÓN, DENUNCIA E RESOLUCIÓN DE CONTROVERSIAS**

Calquera das súas partes asinantes poderá denunciar ou modificar o presente convenio previa notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

Por parte do Concello de Vigo, a Xunta de Goberno Local resolverá as posibles controversias derivadas da execución ou interpretación deste convenio e a CONCELLERÍA queda facultada para adoptar as medidas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

#### **DÉCIMO OITAVA.-EXTINCIÓN DOS CONVENIOS**

De conformidade co artigo 51 de la Lei 40/2015 de Réximen Xurídico do Sector Público o convenio extínguense polos seguintes motivos:

1. Os convenios extínguense polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incurrir en causa de resolución.
2. Son causas de resolución:
  - a) O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen terse acordado a prórroga do mesmo.
  - b) O acordo unánime de todos os asinantes.
  - c) O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.

Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumpridora un requerimento para que cumpra, nun determinado prazo, coas obrigas ou compromisos que se consideran incumpridos. Este requerimento será comunicado ao responsable do mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e ás demais partes asinantes.

Se transcorrido o prazo indicado no requerimento persistira o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará ás partes asinantes a concurrencia da causa de resolución e entenderase resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá conlevar a indemnización dos prexuízos causados se así se tivese previsto.

- d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- e) Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

#### **DÉCIMO NOVENA. - LEXISLACIÓN APLICABLE**

A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da lei de propiedade intelectual.





**Concello de Vigo**

En proba de conformidade de canto antecede, asinan por triplicado exemplar o presente documento de convenio no lugar e data arriba indicados.

## **ORZAMENTO PROGRAMA DE CONCERTOS 2022**

### **I. GASTOS**

<b>Concepto</b>	<b>Importe en euros</b>
Actividades e concertos	79.250,00
Dereitos de autor-SGAE	1.460,42
Gastos secretaría	5.200,00
Gastos mantemento	6.700,00
Imprenta	4.975,00
Seguros e impostos	3.850,47
Afinación e reparación de pianos	2.545,00
<b>TOTAL</b>	<b>103.906,22</b>

### **2. INGRESOS**

<b>Concepto</b>	<b>Importe en euros</b>
Cuotas socios	88.352,00
Subvención Concello de Vigo	15.000,00
Ajustes de déficit a asumir por la entidad	554,22
<b>TOTAL</b>	<b>103.906,22</b>

**15(398).- BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DE SUBVENCIONS PARA O FINANCIAMENTO DE ACTIVIDADES SOCIOCULTURAIS REALIZADAS POR EMPRESAS E/OU EMPRESARIOS/AS NO AUDITORIO-PAZO DE CONGRESOS "MAR DE VIGO": PERÍODO 1 DE NOVEMBRO DE 2021 E O 31 DE OUTUBRO DE 2022. EXPTE. 4372/330.**

Visto o informe xurídico do 16/05/2022 e o informe de fiscalización do 20/05/2022, dáse conta do informe-proposta do 12/05/2022, asinado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural, o concelleiro de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data 16 de marzo pasado, o concelleiro-delegado da Área de Cultura e Emprego resolveu que por parte desta xefatura se iniciase o expediente para a convocatoria, bases

S.ord. 26/05/2022

reguladoras e extracto de subvencións para actividades socioculturais realizadas por empresas e/ou empresarios/as nos espazos do Auditorio-Pazo de Congressos “Mar de Vigo” en réxime de concorrência competitiva.

A contía da presente convocatoria ascende a un importe máximo de 500.000 euros, con cargo á partida 3331.470.0002 do orzamento municipal vixente para o presente exercicio.

O período establecido para a execución das actividades socioculturais financiadas ao amparo da presente convocatoria será dende o 1 de novembro de 2021 ao 31 de outubro de 2022, ambos inclusive. O ámbito de aplicación da presente convocatoria serán as actividades socioculturais realizadas nos espazos do Auditorio-Pazo de Congressos “Mar de Vigo”, de conformidade coas normas de funcionamento e uso aprobadas polo acordo da Xunta de Goberno Local de data 21 de outubro de 2011.

O obxecto do expediente corresponde a materias de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2. m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2. n) (actividades culturais) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia, e a tal se redactaron por esta xefatura a convocatoria, as bases reguladoras e o extracto que se achegan a este expediente.

O obxectivo xeral da convocatoria é apoiar e potenciar a oferta sociocultural da cidade nun espazo singular como é o Auditorio-Pazo de Congressos “Mar de Vigo”, de titularidade municipal, dotando dunha serie de actividades socioculturais que profundicen na diversidade das programacións, no acceso aos discursos artísticos plurais e na creación de novos públicos. Favorecer a promoción da cultura dende as actividades en equipamentos culturais, achegándoa aos cidadáns e potenciando e consolidando as industrias culturais.

As especiais características do Auditorio “Mar de Vigo” implican que a convocatoria teña como fin a promoción de espectáculos e actividades que non son susceptibles nalgúns casos de realizarse noutras instalacións do termo municipal, e posibilitar de paso o acceso maioritario dos cidadáns á cultura nas súas diferentes vertentes e modalidades, especialmente ás artes escénicas e musicais.

Os destinatarios, presentación de solicitudes, prazos, publicación, procedemento de concesión, criterios de valoración, obrigas, pagamentos e xustificación, seguimento e control atópanse nas bases reguladoras, no marco xurídico definido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; Lei 19/2013 de 9 de decembro de transparencia, acceso á información e bo goberno, resolución de 10 de decembro de 2015 da Intervención Xeral da Administración do Estado polo que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e a Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

A Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade de subvencións, en cumprimento do establecido no artigo 18.1. da Lei 38/2003 de 17 de novembro Xeral de Subvencións. A tales efectos, as administracións concedentes deberán remitir á Base de Datos Nacional de Subvencións información sobre as convocatorias e as resolucións de concesión recaídas nos términos establecidos no artigo 20 da antedita lei.

Os beneficiarios deberán dar publicidade das subvencións e axudas nos términos e condicións establecidos na Lei 19/2013 de 9 de decembro, de transparencia, acceso á



## Concello de Vigo

informacións pública e bo goberno. No caso de que se faga uso da previsión contida no artigo 5.4 da citada Lei, a Base de Datos Nacional de Subvencións servirá de medio electrónico para o cumprimento das obrigacións de publicidade. Os beneficiarios deberán dar a adecuada publicidade do carácter público da financiamento de programas, actividades, inversións o actuacións de calquera tipo que sexan obxecto de subvención, nos términos regulamentariamente establecidos.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015 do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC) os beneficiarios están obrigados a relacionarse de forma electrónica coas Administracións Públicas.

No relativo ao procedemento de concesión de subvencións se tramitará en réxime de concorrencia competitiva. A concesión das subvencións realizaranse mediante a comparación das solicitudes presentadas, coa fin de establecer unha prelación entre as mesmas, conforme aos criterios de avaliación estipulados nas bases reguladoras da presente convocatoria.

O importe máximo a conceder a cada entidade solicitante por cada actividade a subvencionar será do 50% do importe de gastos presentado. Así mesmo, no caso de que un mesmo solicitante presente varias solicitudes de subvención para distintas actividades, o importe máximo total a subvencionar será de 200.000 €. En caso de superar este importe total, procederase a aplicar a redución proporcional que corresponda para cada actividade subvencionada.

Para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, as entidades beneficiarias terán que achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica <https://sede.vigo.org>.

A teor do disposto no artigo. 81 do regulamento da LXS establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas en papel.

En aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións BDNS operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos, e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa páxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido no artigo 20.4 e 20.8 da Lei 38/2003.

De conformidade co artigo 127.g da Lei 7/1985, corresponderá á Xunta de Goberno local a aprobación da convocatoria, bases e extracto de subvencións para actividades socioculturais realizadas por empresas e/ou empresarios/as nos espazos do Auditorio-Pazo de Congressos

“Mar de Vigo” e, con carácter previo, a aprobación do gasto de conformidade co previsto no artigo 31 da LG 9/2007.

Á vista do exposto, previo os informes xurídico e da Intervención de fondos, coa conformidade do concelleiro-delegado da Área de Cultura e Emprego e do concelleiro da Área de Orzamentos e Facenda, faise á Xunta de Goberno local a seguinte

#### **PROPOSTA:**

**Primeiro.-** Que se aprobe a convocatoria, bases reguladoras, anexos e extracto de subvencións que se achegan no expediente, para o financiamento de actividades socioculturais realizadas por empresas e/ou empresarios/as nos espazos do Auditorio-Pazo de Congressos “Mar de Vigo”, no periodo comprendido entre o 1 de novembro de 2021 e o 31 de outubro de 2022, ambos inclusive, en réxime de concorrencia competitiva.

**Segundo.-** Que se autorice e dispoña un gasto por un importe máximo de 500.000 (CINCOCEMIL) euros con cargo á aplicación 3331.470.0002 do orzamento municipal vixente para o presente exercicio, para atender as solicitudes que se presenten ó abeiro desta convocatoria.

#### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

BASES REGULADORAS DE SUBVENCIÓNS PARA FINANCIAMENTO DE ACTIVIDADES SOCIOCULTURAIS REALIZADAS POR EMPRESAS E/OU EMPRESARIOS/AS NO AUDITORIO-PAZO DE CONGRESOS “MAR DE VIGO”, NO PERIODO COMPRENDIDO ENTRE O 1 DE NOVEMBRO DE 2021 E O 31 DE OUTUBRO DE 2022.

#### **Primeira.- OBXECTO E RÉXIMEN XERAL DA CONVOCATORIA.**

1.- O obxecto das presentes bases é a regulación da concesión, en réxime de concorrencia competitiva e de acordo cos principios de publicidade, transparencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, de axudas económicas destinadas á programación e organización de actividades socioculturais nos espazos do Auditorio-Pazo de Congressos “Mar de Vigo”, ao amparo do establecido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, así como no R.D. 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o regulamento da Lei 38/2003, as bases de execución do orzamento municipal vixente e as restantes normas de dereito administrativo e privado aplicables.

2.- O período establecido para a execución das actividades socioculturais financiadas ao amparo desta convocatoria será dende o 1 de novembro de 2021 ao 31 de outubro de 2022, ambos inclusive.

3.- O ámbito de aplicación da presente convocatoria serán as actividades socioculturais realizadas nos espazos do Auditorio-Pazo de Congressos “Mar de Vigo”, de conformidade



## Concello de Vigo

coas normas de funcionamento e uso aprobadas polo acordo da Xunta de Goberno Local de data 21 de outubro de 2011.

4.- O importe total máximo destinado á presente convocatoria ascende a 500.000 € (CINCOCENTOS MIL EUROS) con cargo á aplicación orzamentaria 3331.470.00.02 do orzamento municipal vixente. A convocatoria non obriga ao Concello de Vigo ao gasto íntegro do importe máximo indicado.

### **Segunda.- OBXECTIVO XERAL DA CONVOCATORIA.**

O obxectivo xeral da convocatoria é apoiar e potenciar a oferta sociocultural da cidade nun espazo singular como é o Auditorio-Pazo de Congresos “Mar de Vigo”, de titularidade municipal, dotando dunha serie de actividades socioculturais que profundicen na diversidade das programacións, no acceso aos discursos artísticos plurais e na creación de novos públicos.

### **Terceira.- CONVOCATORIA.**

As convocatorias para o outorgamento das subvencións axustaranse ao disposto polas bases reguladoras correspondentes.

A convocatoria establecerá como mínimo:

- a) Obxecto.
- b) Partida económica e créditos máximos adicados.
- c) Procedemento de concesión.
- d) Publicación, prazo e lugar de presentación de solicitudes.
- e) Requisitos das e dos solicitantes.
- f) Lugar onde poden obter as bases da convocatoria e formularios necesarios para concorrer a esta, información da súa data de publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (en diante, BOPPO).
- g) Lugar onde se poden obter as bases e formularios.
- h) Ámbito temporal dos actividades e gastos subvencionables.

### **Cuarta.- CONCEPTOS SUBVENCIONABLES.**

1.- Serán obxecto de subvención os gastos efectuados que respondan directa e sen dúbida á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e sexan realizados dentro do prazo establecido para a execución desta. Con carácter enunciativo e non taxativo, indícanse a modo de exemplo os seguintes:

- \* Pagamentos de cachés, honorarios e/ou nóminas de artistas.
- \* Gastos de viaxes, aloxamentos, axudas de custo, produción técnica e escenográfica.
- \* Pagamentos derivados polo cumprimento do R.D.L. 1/1996, do 12 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da lei de propiedade intelectual, como pagamentos de dereitos de autor a entidades de xestión pola actividade subvencionada..
- \* Contratación de servizos técnicos e profesionais.
- \* Alugueiro de materiais e/ou equipos técnicos.

\* Gastos de promoción, difusión e publicación en diferentes soportes (anuncios en medios, edición de materiais impresos, publicacións dixitais, páxinas web ou aplicacións móbiles...).

\* Gastos derivados do alugueiro e utilización dos espazos do Auditorio-Pazo de Congressos "Mar de Vigo" pola actividade subvencionada.

2.- En todo caso quedan expresamente excluídos os seguintes conceptos:

- Os custos indirectos imputables á actividade.
  - Os custos de funcionamento ordinario da entidade beneficiaria.
  - Os custos de atencións protocolarias e representativas.
  - Os gastos en investimentos e adquisicións de material, equipos e bens de natureza inventariable.
  - Os xuros, recargas e sancións administrativas e penais, así como os gastos de procedementos xudiciais.
  - Os impostos, as taxas e o IVE.
- 
- Os gastos derivados da programación e/ou organización de actividades relativas a campañas de carácter partidista.
  - Os gastos derivados da programación e/ou organización de actividades que non sexan susceptibles de goce público.
  - Os gastos derivados da programación e organización de actividades que inclúan accións non apropiadas (linguaxe sexista, imaxe da muller como reclamo, connotacións de tipo sexual, maltrato animal ou en contra do medio natural/ambiente...).
  - En xeral, os gastos derivados da programación e organización de actividades que inclúan accións que supoñan a vulneración do ordenamento xurídico vixente.

3.- En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

#### **Quinta.- COMPATIBILIDADE DA SUBVENCIÓN.**

1.- A subvención concedida ao abeiro desta convocatoria é compatible con outras subvencións ou axudas para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, estatais, da Unión Europea ou de organismos internacionais. A entidade solicitante deberá indicar na solicitude as posibles axudas económicas coas que conta para a actividade proposta.

2.- En todo caso, o importe total da subvención ou subvencións percibidas en ningún caso poderá superar o custo total da actividade subvencionada (art.17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia).



**Concello de Vigo**

#### **Sexta.- REQUISITOS DAS E DOS SOLICITANTES.**

1.- Poderán solicitar subvención ao abeiro da presente convocatoria as empresas, persoas xurídicas ou sociedades mercantís legalmente constituídas que reúnan os seguintes requisitos:

- 1.- Que, conforme aos seus estatutos, escrituras de constitución ou normas reguladoras, teñan obxectivos e finalidades coincidentes cos establecidos nas presentes bases.
- 2.- Que a entidade solicitante exerza de promotora/organizadora directa da actividade proposta.
- 3.- Que dispoñan de estrutura suficiente para garantir o cumprimento dos obxectivos propostos.
- 4.- Que se atopen ao corrente das súas obrigas fiscais co Concello de Vigo, coa Facenda pública estatal e autonómica e coa Seguridade Social.
- 5.- Que cumpran coas disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo.
- 6.- Os demais requisitos previstos no artigo 9 da Lei de Galicia 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da citada lei.
- 7.- As condicións para poder acceder ás axudas da presente convocatoria deberán manterse até a liquidación da subvención concedida.

2.- Non poderán acollerse á presente convocatoria as persoas físicas nin as entidades sen ánimo de lucro.

#### **Sétima.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.**

1.- Forma de presentación: En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14. 2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC), establécese o emprego, de xeito exclusivo, de medios electrónicos para presentar e tramitar a solicitude desta subvención a través de sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

As solicitudes de subvención achegaranse debidamente cubertas, mediante os modelos oficiais aprobados con estas bases, que estarán dispoñibles na paxina web municipal ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)).

Todas as solicitudes deberanse achegar antes de que remate o prazo outorgado para a súa presentación, sen que caiba ter por presentadas aquelas achegadas con carácter extemporáneo.

A mera presentación da solicitude suporá que o/a solicitante coñece e acepta as presentes bases de convocatoria.

Un ou unha mesma solicitante poderá pedir subvención para unha ou varias actividades que cumpran os requisitos establecidos nestas.

2.- Prazo de presentación das solicitudes: nos **20 días hábiles** seguintes a contar dende a publicación do extracto da convocatoria no BOPPO.

3.- Información e tramitación: Toda a información relativa á convocatoria estará dispoñíbel no taboleiro de edictos electrónico no Concello de Vigo (<https://sede.vigo.org/expedientes/taboleiro/index.jsp?exp=1&lang=gal>), no Servizo de información do Concello de Vigo, páxina web municipal ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)) e Servizo da Área de Cultura, en cumprimento do establecido nos artigos 13.d) e 16 da Lei 39/2015.

4.- Limitacións da concesión da subvención: O outorgamento da subvención non poderá superar, en ningún caso, o 50 % do importe do custo total de gastos presentado para a execución da actividade proposta. Así mesmo, no caso de que un mesmo solicitante presente varias solicitudes de subvención para distintas actividades, o importe máximo total a subvencionar será de 200.000 €. En caso de superar este importe total, procederase a aplicar a redución proporcional que corresponda para cada actividade subvencionada.

5.- Na mesma solicitude, incorporárase a declaración positiva de que a entidade solicitante non está incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiaria prevista no artigo 13 da Lei 38/2003.

6.- De conformidade coa normativa de datos, para a tramitación deste procedemento consultarase os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:

- Certificacións expedidas pola Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Xunta de Galicia, de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias.

- Certificación expedidas pola Tesourería da Seguridade Social, de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas coa Seguridade Social.

#### **Oitava.- DOCUMENTACIÓN A ACHEGAR COA SOLICITUDE.**

1.- Xunto coa instancia de solicitude deberá achegarse a seguinte documentación e información:

a.- Fotocopia do CIF da entidade e do NIF do/a seu representante legal.

b.- Acreditación da capacidade legal da persoa representante da entidade.

c.- Escritura de constitución e/ou dos estatutos sociais debidamente inscritos no rexistro público correspondente, ou acreditación de estar legalmente constituídas.

d.- Certificado da titularidade da conta bancaria para aqueles/as solicitantes que non recibiron nunca subvención municipal ou ningún outro pago por calquera concepto e que, polo tanto, non figuren inscritos no Rexistro de Acredores do Concello.

e.- As e os interesados non estarán obrigados a achegar documentos que foran elaborados por calquera administración, en cumprimento do establecido no artigo 28.2. da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Entenderase que a consulta ou obtención é autorizada polas e polos interesados salvo que conste no procedemento a súa oposición expresa o a lei especial aplicable requira consentimento expreso.





## Concello de Vigo

f.- Memoria de execución da actividade proposta: descrición da actividade, obxectivos perseguidos, tipoloxía organizativa, plan de campañas de difusión e/ou calquera outra información de interese.

g.- No caso de que a actividade xa fose realizada, aportarase copia da folla de billeteira que reflecta a totalidade de billetes vendidos.

h.- Memoria económica de ingresos e gastos da actividade proposta, detallados por conceptos:

- Previsión de gastos: relación de conceptos e contías adicadas a cada un dos elementos da actividade proposta.
- Previsión de ingresos: achegas de entidades públicas ou privadas, recursos propios da entidade, venda de entradas, cota de inscricións....

2.- Cando o/a solicitante propoña máis de unha actividade para subvencionar ao abeiro da presente convocatoria, só achegará para a segunda actividade e/ou sucesivas, a documentación correspondente aos apartados f), g) e h).

3.- No suposto de que o/a solicitante achegase anteriormente esta documentación, ou parte dela, ante calquera Administración pública, poderá acollerse ao establecido no artigo 28.3 da LPACAP, sempre que se faga constar o momento e o órgano ou dependencia no que foron presentados.

4.- De acordo co establecido neste mesmo precepto da LPACAP, nos supostos de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirirille á/ ao solicitante a súa presentación ou, no seu defecto, a acreditación por outros medios dos requisitos a que se refire o documento con anterioridade á formulación da proposta de resolución.

### **Novena.- DESESTIMACIÓN DE SOLICITUDES.**

Unha vez presentadas as solicitudes, desestimaranse directamente aquelas que presenten algún dos seguintes supostos:

a).- Aquelas que, para a mesma finalidade, foron solicitadas noutras áreas ou servizos do Concello de Vigo.

b).- Aquelas que teñan unha relación e canle máis específica de subvención con outras áreas do Concello de Vigo, ou que o obxecto da súa petición estea incluído nalgún convenio de colaboración ou contratación co Concello de Vigo.

c).- Aquelas nos que os gastos subvencionados leven asociados investimentos en bens de natureza inventariábel (infraestruturas e equipamentos) e o seu mantemento, sempre que supoña un incremento da vida útil dos bens; os gastos de carácter suntuario, liberalidades ou gastos financeiros.

d).- Aquelas de carácter político e doutrinal de signo partidario e/ou confesional.

e).- Aquelas que inclúan actividades de signo docente previstas nos programas de ensino.

f).- Aquelas que se presenten fóra do prazo estipulado na convocatoria, calquera que sexa a causa do atraso.

g) Aquelas que non presenten unha actividade específica.

h).- Aquelas entidades que conforme cos seus estatutos ou normas reguladoras, non teñan obxectivos e finalidades de carácter sociocultural.

i).- Aquelas que non sexan presentadas por medios electrónicos a través de sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica.

## **Décima.- COMISIÓN E CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

### **1.- Comisión de valoración:**

A comisión de avaliación das solicitudes presentadas ao abeiro da presente convocatoria estará formada polas seguintes persoas ou persoa en quen deleguen:

**\* Presidente: concelleiro-delegado da Área de Cultura e Emprego**

**\* Vogais:**

- Xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural
- Técnica media de actividades culturais e educativas do servizo da Área de Cultura

**\* Secretaria: a Xefa de Asesoramento da Asesoría Xurídica Municipal, con voz e sen voto.**

A Comisión de valoración analizará previamente cada solicitude para comprobar que cumpre os requisitos que se establecen na base anterior e que, en caso afirmativo, procede aplicar pos criterios de valoración que se relacionan a continuación. En caso contrario, a comisión proporán a súa desestimación xustificada.

### **2.- Criterios de valoración:**

A comisión de valoración citada no punto anterior terá en conta os criterios relacionados na base décima.

A contía da subvención virá determinada polo produto do total dos puntos obtidos pola actividade proposta e o valor do punto. Este valor obterase mediante o cociente entre o importe destinado á presente convocatoria e o número total de puntos obtidos polos posibles beneficiarios.

A contía da subvención, en ningún caso, poderá superar o importe solicitado e/ou o 50% do importe do custo total de gastos presentado para a execución da actividade proposta. Así mesmo, no caso de que un mesmo solicitante presente varias solicitudes de subvención para distintas actividades, o importe máximo total a subvencionar será de 200.000 €. En caso de superar este importe total, procederase a aplicar a redución proporcional que corresponda para cada actividade subvencionada.

### **Criterio 1: Viabilidade económica e financeira da actividade proposta: até 15 puntos.**

Puntuación valorada en base á porcentaxe económica solicitada con respecto ao custe da actividade proposta segundo consta no orzamento achegado na memoria económica (anexo IV) e segundo a seguinte táboa de puntuación:



**Concello de Vigo**

Viabilidade económica e financeira Importe solicitado respecto ao orzamento total				
<b>De 0 a 10%</b>	<b>De 11 a 20%</b>	<b>De 21 a 30%</b>	<b>De 31 a 40%</b>	<b>De 41 a 50%</b>
15 puntos	12 puntos	10 puntos	7 puntos	5 puntos

**Criterio 2: Traxectoria da entidade solicitante: até 25 puntos.**

Puntuación valorada con base nos datos relativos á antigüidade sinalados pola entidade na declaración responsábel (anexo II) e segundo a seguinte táboa de puntuación:

Traxectoria e antigüidade da entidade			
<b>De 0 a 8 anos</b>	<b>De 8 a 12 anos</b>	<b>De 12 a 15 anos</b>	<b>Máis de 15 anos</b>
10 puntos	15 puntos	20 puntos	25 puntos

**Criterio 3: Volume de gastos da actividade proposta: até 40 puntos.**

Puntuación valorada con base nos datos relativos ao importe total de gastos sinalados pola entidade na memoria económica achegada (anexo IV) e segundo a seguinte táboa de puntuación:

Volume de gastos da actividade proposta				
<b>De 1 a 9.000 euros</b>	<b>De 9.001 a 15.000 euros</b>	<b>De 15.001 a 20.000 euros</b>	<b>De 20.001 a 30.000 euros</b>	<b>Máis de 30.000 euros</b>
10 puntos	15 puntos	25 puntos	30 puntos	40 puntos

**Criterio 4: Prezo da entrada: até 20 puntos.**

Puntuación valorada con base nos datos relativos ao importe do prezo de venda de entradas para as actividades, según o indicado pola entidade no anexo III, e segundo a seguinte táboa de puntuación (de haber máis dun prezo, collerase como referencia o de menor importe):

Prezo da entrada				
<b>De 0 a 10 euros</b>	<b>De 11 a 15 euros</b>	<b>De 16 a 20 euros</b>	<b>De 21 a 25 euros</b>	<b>Máis de 25 euros</b>
20 puntos	15 puntos	10 puntos	7 puntos	5 puntos

Os datos para obter as puntuacións nas táboas dos catro criterios son datos obxectivos, facilitados polas propias entidades solicitantes nos anexos das presentes bases.

A xustificación das subvencións solicitadas e concedidas en convocatorias anteriores é un requisito para a concesión das subvencións.

### **Décimo primeira.- INSTRUCCIÓN DO PROCEDEMENTO.**

A instrución do procedemento de concesión da presente convocatoria correspóndelle ao Servizo da Área de Cultura, que comprobará os requisitos esixibles e a documentación acreditativa e, se fose necesario, requirirá para que no prazo de dez (10) días hábiles se corrixa a solicitude ou complete a documentación preceptiva. De non facelo así, teráselle por desistido/a da súa solicitude e arquivarase o expediente, logo da resolución que deberá ser ditada nos termos do artigo 21 e 68 da LPACAP.

### **Décimo segunda.- TRAMITACIÓN E RESOLUCIÓN DAS SOLICITUDES.**

1.- Rematada a instrución do procedemento, as solicitudes remitiranse á comisión de avaliación que as valorará de forma conxunta con base nos criterios previamente establecidos, en réxime de concorrencia competitiva.

2.- En cumprimento do disposto no art. 21.4 parágrafo 6 da Lei de subvencións de Galicia, e artigo 24.4 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o órgano instrutor acreditará na proposta que as e os beneficiarios cumpren todos os requisitos necesarios para acceder a estas, segundo a información que obra no seu poder.

3.- A valoración individual das subvencións determinarase coa exclusión, en primeiro lugar, das solicitudes ás que se refire a base novena, para seguir coa valoración das restantes solicitudes conforme co establecido na base décima.

4.- Prazo de resolución e notificación:

O prazo máximo de resolución das solicitudes e notificación ás entidades solicitantes é de seis meses contados a partir da publicación da convocatoria, e notificaranse tanto as subvencións concedidas como as denegadas. A resolución do procedemento será obxecto de publicación, para xeral coñecemento, na páxina web do Concello de Vigo ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)). Transcorrido o dito prazo sen que recaia resolución expresa, deberá entenderse desestimada. A dita resolución esgota a vía administrativa e contra ela poderá interpoñerse opcionalmente recurso de reposición ante o mesmo órgano que a ditase no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, se o acto fose expreso, ou no prazo de tres meses, contados a partir do día seguinte a aquel no que se produza o acto presunto. O acto poderá ser impugnado directamente ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de dous meses se o acto é expreso e de seis meses se o acto é presunto, a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, ao amparo do establecido nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015 e 8.1 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-administrativa.

As notificacións electrónicas realizaranse a través da sede electrónica do Concello de Vigo, segundo o artigo 14. 2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC). Remitiránselles aos/as interesados/as os avisos da posta a disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. A notificación entenderase rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta a disposición sen que se acceda ao seu contido.



## Concello de Vigo

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, notificarase polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

A resolución de solicitudes de subvención será competencia da Xunta de Goberno Local, por proposta do órgano instrutor.

5.- Conforme co disposto no artigo 94.1 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, as e os solicitantes/beneficiarios poderán desistir da súa solicitude ou, cando isto non estea prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar aos seus dereitos; neste caso o Concello de Vigo ditará resolución da súa aceptación e declarará concluído o procedemento conforme o artigo 63.2 do Real decreto 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

### **Décimo terceira.- OBRIGAS DAS ENTIDADES BENEFICIARIAS.**

a) Cumprir todas as estipulacións establecidas nestas bases e no marco xurídico definido na Lei de Galicia 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos, Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

#### **b) Solicitar e dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades subvencionadas.**

c) Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e todos os demais gastos derivados da realización das actividades para as que se solicita a subvención, incluído no seu caso todos os custos derivados da utilización das instalacións do Auditorio-Pazo de Congressos "Mar de Vigo".

d) A lingua empregada nos distintos soportes de difusión da actividade será o galego dentro do ámbito territorial de Galicia. En todo caso, actuaríase conforme coa Ordenanza de normalización lingüística do Concello de Vigo.

e) Comprometerse á utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión da actividade ou evento subvencionado. Igualmente comprométese ao emprego de imaxes non estereotipadas e que fagan visible a achega das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.

f) Cumprir coas obrigas fiscais, así como das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo.

g) Comunicarlle á Concellería-delegada da Área de Cultura as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen o financiamento, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, e en en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos, co obxecto de determinar a oportunidade da autorización da modificación correspondente, ou ben para reducir o importe da subvención concedida ou solicitar o reintegro.

A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art.17.3 da citada Lei).

h) A concesión da subvención á entidade implica a aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

i) Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do programa, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación co desenvolvemento do evento.

l) Dar cumprimento ao Plan de autoprotección do Auditorio-Pazo de Congressos “Mar de Vigo”, de acordo coas medidas de actuación en caso de emerxencia, así como ao cumprimento do establecido na Lei 31/1995 de prevención de riscos laborais.

m) Cumprimento estricto da normativa sanitaria de seguridade e hixiene dictada polas autoridades competentes en relación coa Covid19, vixentes no momento do desenvolvemento da actividade subvencionada.

#### **Décimo cuarta.- PRAZO, FORMA DE XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO.**

1.- Forma de presentación da documentación xustificativa: En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC), a entidade beneficiaria está obrigada a relacionarse electronicamente coas administracións públicas. Xa que logo, para xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concede a subvención que regula a presente convocatoria e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación nela admitido, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

A teor do disposto no art. 81 do Regulamento da lei xeral de subvencións establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación (para a xustificación) das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser realizados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). Para tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), e esixiráselle a achega de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

2.- Prazo de xustificación: o límite para presentar a documentación xustificativa será o 10 de novembro de 2022.

3.- Documentación para incluír na conta xustificativa:

a) Solicitude de pagamento da subvención.

b) Memoria de execución e avaliación da actividade realizada, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos.



- c) Memoria económica que contará co balance detallado da totalidade dos gastos e ingresos da actividade, con indicación dos acredores, conceptos facturados, datas de emisión e importe; Datos que han ser acreditados con documentos orixinais pola parte subvencionada.
- d) Aportarase copia da folla de billeteira que reflicta a totalidade de billetes vendidos.
- e) Facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas en papel.
- f) As facturas deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Os documentos xustificativos haberán de estar datados no período obxecto deste convenio. As facturas cumprirán os requisitos establecidos para súa expedición no R.D. 1619/2012, do 30 de novembro, que as obriga de facturación ou as normas sobre a facturación electrónica equivalentes. Nestas facturas computarase o gasto acreditado coa dedución do IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. As facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas e, de seren persoas físicas, conterán a correspondente retención fiscal.
- g) Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia, data de ingreso e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.
- h) Nestas facturas computarase o gasto acreditado, coa dedución do IVE.
- i) Nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do prazo de xustificación. Entenderase, baixo a responsabilidade da ou do beneficiario, que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.

4.- Pagamento da subvención: efectuarase mediante transferencia bancaria á conta corrente da entidade declarada xunto a solicitude.

O pagamento non se levará a cabo se a entidade beneficiaria tivese pendente de xustificar algunha subvención cun prazo de xustificación xa rematado.

5.- Procederá, por razóns xustificadas, o dereito ao cobro parcial e redución da subvención no caso da non execución dalgunha das actividades previstas no proxecto ou incumprimento dalgunha das obrigas do/da beneficiario/a. En caso de non xustificarse a totalidade do orzamento do proxecto, a subvención será minorada na mesma proporción.

A resolución da redución das axudas será competencia da Xunta de Goberno Local. Asemade, reducirase a subvención cando os gastos xustificados fosen inferiores aos subvencionados, ou se obtivesen ingresos superiores aos previstos.

#### **Décimo quinta.- OBRIGA DE INFORMACIÓN.**

A entidade beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida polo Servizo da Área de Cultura e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

**Décimo sexta.- PERDIDA DO DEREITO AO COBRO, REVOGACIÓN, RENUNCIA, NULIDADE E REINTEGRO DAS SUBVENCIÓNS. RÉXIME DE INFRACCIÓNS E SANCIÓN.**

1.- Revogación: Procede a revogación parcial ou total da subvención e a obriga do reintegro das cantidades percibidas, máis os correspondentes xuros de demora dende o momento do seu pago, sen menoscabo das sancións que, no seu caso, resulten esixíbeis no caso de:

a) Incumprimento por parte do/a beneficiario/a das subvencións de calquera das obrigas, requisitos, condicións e demais circunstancias que produciron o seu outorgamento. A variación da finalidade da actuación, a insuficiente xustificación do proxecto, ou obtención concorrente doutras axudas compatíbeis ou incompatíbeis dará lugar á revogación.

b) A non xustificación da subvención no prazo concedido.

2.- Renuncia: O/a beneficiario/a poderá renunciar voluntariamente á subvención, reintegrando, no seu caso, o importe percibido, nas condicións que establece a normativa legal de aplicación.

3.- Nulidade: En canto ás causas de nulidade e anulabilidade do acordo de concesión das axudas e de reintegro estarase ao disposto no artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

4.- Reintegro: Procederá o reintegro das cantidades percibidas, coa conseguinte esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro, nos casos do artigo 33 LSG.

5.- Infraccións e sancións: En canto ás infraccións e sancións en que poidan incorrer as e os beneficiarios destas axudas e procedemento para a súa imposición estarase ao disposto no IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

**Décimo sétima.- PUBLICIDADE DAS SUBVENCIÓNS CONCEDIDAS.**

1.- A Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade de subvencións, en cumprimento do establecido no artigo 18.1. da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Para tales efectos, as administracións concedentes deberán remitirle á Base de Datos Nacional de Subvencións información sobre as convocatorias e as resolucións de concesión recaídas nos termos establecidos no artigo 20 da antedita lei.

2.- De acordo co previsto na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso a información pública e bo goberno, a resolución do procedemento será obxecto de publicación para xeral coñecemento na páxina web do Concello de Vigo ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)).

3.- Os e as beneficiarias deberán dar publicidade das subvencións e axudas nos termos e condicións establecidos na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno. No caso de que se faga uso da previsión contida no artigo 5.4 da citada lei, a Base de Datos Nacional de Subvencións servirá de medio electrónico para o cumprimento das obrigas de publicidade.

Os e as beneficiarias deberán dar a adecuada publicidade do carácter público do financiamento de programas, actividades, investimentos ou actuacións de calquera tipo que sexan obxecto de subvención, nos termos regulamentariamente establecidos.





**Concello de Vigo**

#### **Décimo oitava.-SEGUIMIENTO, CONTROL E INSPECCIÓN.**

O persoal técnico do Servizo da Área de Cultura será o encargado do seguimento da execución da subvención. Tamén de certificar a adecuada xustificación da subvención, mediante a emisión dun informe que incorporará á conta xustificativa, no que se poña de manifesto expresamente o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

#### **Décimo novena.- TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL.**

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia, en orde á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais; será responsable do seu tratamento a Concellería-delegada da Área de Cultura do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería-delegada da Área de Cultura do Concello de Vigo.

#### **Vixésima.- NORMATIVA DE APLICACIÓN.**

A concesión da subvención rexeráse pola Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o R.D, 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D.L. 2/2004, do 5 de marzo, TRLRFL; Lei 7/1985, do 2 de abril, RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local. A Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do R.D. 887/2006; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real decreto-lexislativo 1/1996, do 12 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da lei de propiedade intelectual.

#### **Vixésimo primeira.- SOMETEMENTO Á PRESENTE CONVOCATORIA.**

A presentación de solicitudes farase de acordo co establecido nas presentes bases. A participación suporá a aceptación íntegra dos seus requisitos.

As incidencias non consideradas expresamente na convocatoria serán resoltas polo órgano instructor con sometemento ao disposto na lexislación aplicable previamente referida.

#### **Vixésimo segunda.- DISPOSICIÓN FINAL.**

O Concello de Vigo quedará exento de calquera responsabilidade civil, mercantil, laboral ou calquera outra derivada das actuacións ás que están obrigadas as entidades destinatarias das subvencións outorgadas.

CONVOCATORIA E BASES REGULADORAS DE SUBVENCIONS PARA FINANCIAMENTO DE ACTIVIDADES SOCIOCULTURAIS REALIZADAS POR EMPRESAS E/OU EMPRESARIOS/AS NO AUDITORIO-PAZO DE CONGRESOS "MAR DE VIGO", NO PERIODO COMPRENDIDO ENTRE O 1 DE NOVEMBRO DE 2021 E O 31 DE OUTUBRO DE 2022.

En virtude do establecido na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; e o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información e bo goberno; resolución do 10 de decembro de 2015 da Intervención Xeral da Administración do Estado polo que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publidade de Subvencións; Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; e ao amparo do recollido nos artigos 25.2.m da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, o xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural do Concello de Vigo redactou a convocatoria, bases reguladoras e o extracto para a convocatoria de subvencións para actividades socioculturais realizadas por empresas e/ou empresarios/as no Auditorio-Pazo de Congresos "Mar de Vigo" en réxime de concorrencia competitiva seguinte:

**Primeira.- OBXECTO**

O obxecto destas bases é a regulación da concesión, en réxime de concorrencia competitiva e de acordo cos principios de publicidade, transparencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, de axudas económicas destinadas á programación e organización de actividades socioculturais nos espazos do Auditorio-Pazo de Congresos "Mar de Vigo", ao amparo do establecido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, así como no R.D. 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o regulamento da Lei 38/2003, as bases de execución do orzamento municipal vixente e as restantes normas de dereito administrativo e privado aplicables.

**Segunda.- PARTIDA ECONÓMICA E CRÉDITOS**

A contía da presente convocatoria ascende a un importe máximo de 500.000 euros, con cargo á partida 3331.470.0002 do orzamento municipal vixente para o presente exercicio.

**Terceira.- PROCEDIMENTO**

O procedemento de concesión de subvencións tramitarase en réxime de concorrencia competitiva, segundo o establecido no artigo 22.1. da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; e artigo 19, puntos 1 e 2, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

**Cuarta.- PUBLICACIÓN, PRAZO E LUGAR DE SOLICITUDES**

As presentes bases reguladoras serán publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (en diante, BOPPO). Con posterioridade remitirase a convocatoria á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), que será quen lle dea traslado ao BOPPO do seu extracto, sen prexuízo da súa publicación na prensa local, e no taboleiro de anuncios municipal.



**Concello de Vigo**

O prazo para a presentación de solicitudes é de 20 días hábiles contados a partir do día seguinte da publicación do extracto da convocatoria no BOPPO, e que será comunicado desde a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións, nos termos do artigo 30 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14. 2.a) da LPAC establécese o emprego, de xeito exclusivo, de medios electrónicos para presentar e tramitar a solicitude desta subvención a través de sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

#### **Quinta.- SOLICITANTES**

Poderán solicitar subvención ao abeiro desta convocatoria as empresas, persoas xurídicas ou sociedades mercantís legalmente constituídas que reúnan os requisitos da convocatoria.

#### **Sexta.- LUGAR ONDE OBTER AS BASES REGULADORAS E FORMULARIOS.**

Toda a información relativa á convocatoria estará dispoñíbel no taboleiro de edictos electrónico no Concello de Vigo (<https://sede.vigo.org/expedientes/taboleiro/index.jsp?exp=1&lang=gal>), Servizo de información do Concello de Vigo, páxina web municipal ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)) e Servizo da Área de Cultura, dende o día seguinte ao da publicación no BOPPO, en cumprimento do establecido nos artigos 13.d) e 16 da Lei 39/2015, e **de acordo co previsto na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.**

#### **Sétima.- ÁMBITO TEMPORAL E DE APLICACIÓN DAS ACTIVIDADES E GASTOS A SUBVENCIONAR**

O período establecido para a execución das actividades socioculturais financiadas ao abeiro da presente convocatoria será dende o 1 de novembro de 2021 ao 31 de outubro de 2022, ambos inclusive.

O ámbito de aplicación da presente convocatoria serán as actividades socioculturais realizadas nos espazos do Auditorio-Pazo de Congressos “Mar de Vigo”, de conformidade coas normas de funcionamento e uso aprobadas polo acordo da Xunta de Goberno Local de data 21 de outubro de 2011.

#### **Oitava- CRITERIOS DE VALORACIÓN**

A contía da subvención, en ningún caso, poderá superar o importe solicitado e/ou o 50% do importe do custo total de gastos presentado para a execución da actividade proposta. Así mesmo, no caso de que un mesmo solicitante presente varias solicitudes de subvención para distintas actividades, o importe máximo total a subvencionar será de 200.000 €. En caso de superar este importe total, procederase a aplicar a redución proporcional que corresponda para cada actividade subvencionada.

**Criterio 1: Viabilidade económica e financeira da actividade proposta: até 15 puntos.**

Puntuación valorada en base á porcentaxe económica solicitada con respecto ao custe da actividade proposta segundo consta no orzamento achegado na memoria económica (anexo IV) e segundo a seguinte táboa de puntuación:

Viabilidade económica e financeira Importe solicitado respecto ao orzamento total				
De 0 a 10%	De 11 a 20%	De 21 a 30%	De 31 a 40%	De 41 a 50%
15 puntos	12 puntos	10 puntos	7 puntos	5 puntos

**Criterio 2: Traxectoria da entidade solicitante: até 25 puntos.**

Puntuación valorada con base nos datos relativos á antigüidade sinalados pola entidade na declaración responsábel (anexo II) e segundo a seguinte táboa de puntuación:

Traxectoria e antigüidade da entidade			
De 0 a 8 anos	De 8 a 12 anos	De 12 a 15 anos	Máis de 15 anos
10 puntos	15 puntos	20 puntos	25 puntos

**Criterio 3: Volume de gastos da actividade proposta: até 40 puntos.**

Puntuación valorada con base nos datos relativos ao importe total de gastos sinalados pola entidade na memoria económica achegada (anexo IV) e segundo a seguinte táboa de puntuación:

Volume de gastos da actividade proposta				
De 1 a 9.000 euros	De 9.001 a 15.000 euros	De 15.001 a 20.000 euros	De 20.001 a 30.000 euros	Máis de 30.000 euros
10 puntos	15 puntos	25 puntos	30 puntos	40 puntos

**Criterio 4: Prezo da entrada: até 20 puntos.**

Puntuación valorada con base nos datos relativos ao importe do prezo de venda de entradas para as actividades, según o indicado pola entidade no anexo III, e segundo a seguinte táboa de puntuación (de haber máis dun prezo, collerase como referencia o de menor importe):

Prezo da entrada				
De 0 a 10 euros	De 11 a 15 euros	De 16 a 20 euros	De 21 a 25 euros	Máis de 25 euros
20 puntos	15 puntos	10 puntos	7 puntos	5 puntos

Os datos para obter as puntuacións nas táboas dos catro criterios son datos obxectivos, facilitados polas propias entidades solicitantes nos anexos das presentes bases.



**Concello de Vigo**

EXTRACTO PARA SUBVENCIÓNS PARA FINANCIAMENTO DE ACTIVIDADES SOCIOCULTURAS REALIZADAS POR EMPRESAS E/OU EMPRESARIOS/AS NO AUDITORIO-PAZO DE CONGRESOS “MAR DE VIGO”, NO PERIODO COMPRENDIDO ENTRE O 1 DE NOVEMBRO DE 2021 E O 31 DE OUTUBRO DE 2022.

**TÍTULO.**

Extracto do acordo de data XX de XXXX de 2022 da Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo polo que se aproba a convocatoria, bases reguladoras e extracto para subvencións para actividades socioculturais realizadas por empresas e/ou empresarios/as no Auditorio-Pazo de Congressos “Mar de Vigo”, no periodo comprendido entre o 1 de novembro de 2021 e o 31 de outubro de 2022, ambos inclusive, en réxime de concorrencia competitiva.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b). e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo pode consultarse na Base de Datos Nacional de Subvencións (en diante, BDNS) (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>), e que deberá conter, como mínimo a seguinte información:

**Primeira.- BENEFECIARIOS/AS**

Poderán solicitar subvención, ao abeiro desta convocatoria, as empresas, persoas xurídicas ou sociedades mercantís legalmente constituídas que reúnan os requisitos recollidos na convocatoria e bases reguladoras de subvencións para actividades socioculturais realizadas por empresas e/ou empresarios/as nos espazos do Auditorio-Pazo de Congressos “Mar de Vigo”, no periodo comprendido entre o 1 de novembro de 2021 e o 31 de outubro de 2022, ambos inclusive.

**Segunda.- OBXECTO**

O obxecto das presentes bases é a regulación da concesión, en réxime de concorrencia competitiva e de acordo cos principios de publicidade, transparencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, de axudas económicas destinadas á programación e organización de actividades socioculturais nos espazos do Auditorio-Pazo de Congressos “Mar de Vigo”, ao amparo do establecido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, así como no R.D. 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o regulamento da Lei 38/2003, as bases de execución do orzamento municipal vixente e as restantes normas de dereito administrativo e privado aplicables.

**Terceira.- BASES REGULADORAS**

As presentes bases reguladoras serán publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (en diante, BOPPO). Estarán a disposición das e dos interesados no taboleiro de edictos electrónico no Concello de Vigo (<https://sede.vigo.org/expedientes/taboleiro/index.jsp?exp=1&lang=gal>), no Servizo de Información do Concello de Vigo, páxina web municipal ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)), e Servizo da Área de Cultura, dende o día seguinte da publicación no BOPPO.

S.ord. 26/05/2022

#### **Cuarta.- CONTÍA**

A contía da presente convocatoria ascende a un importe máximo de 500.000 euros, con cargo á partida 3331.470.0002 do orzamento municipal vixente para o presente exercicio. O procedemento de concesión de subvencións tramitarase en réxime de concorrencia competitiva, segundo o establecido no artigo 22.1. da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; e artigo 19, puntos 1 e 2, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

#### **Quinta.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES**

O prazo para a presentación de solicitudes é de 20 días hábiles contados a partir do día seguinte da publicación do extracto da convocatoria no BOPPO, e que será comunicado desde a BDNS que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións, nos termos do artigo 30 da LPAC.

#### **Sexta.- LUGAR DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES**

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14. 2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, da LPAC, establécese o emprego, de xeito exclusivo, de medios electrónicos para presentar e tramitar a solicitude desta subvención a través de sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

As solicitudes de subvención achegaranse debidamente cubertas, mediante os modelos oficiais aprobados con estas bases, que estarán dispoñibles na páxina web municipal ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)).

### **ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

- .- Nomeamento de 5 policía locais como funcionarios de carreira, con cargo ás prazas vacantes da Oferta de Emprego Público 2017-18-19 (1º Fase). Expte. 39742/220.

Antes do tratamento de ditos asuntos para a súa aprobación (no seu caso, fora da orde do día) pola Secretaría do Goberno Local recóllese declaración expresa dos membros da Xunta de Goberno Local presentes na sesión de non incorrer en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación,



**Concello de Vigo**

aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

**16(399).- NOMEAMENTO DE 5 POLICÍAS LOCAIS COMO FUNCIONARIOS DE CARREIRA, CON CARGO ÁS PRAZAS VACANTES OFERTADAS NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO 2017-18-19 (1ª FASE). Expte. 39742/220.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe de fiscalización do 24/05/2022, dáse conta do informe-proposta do 12/05/2022, asinado pola técnica de Admón. Xeral, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e a concelleira-delegada de Xestión Municipal, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES:**

I.- O Órgano de Selección encargado de xulgar as probas selectivas para prover en propiedade corenta e seis prazas de policía local en réxime funcional, subgrupo C1 de titulación, pola quenda libre, vacantes no Cadro de Persoal Municipal e incluídas nas Ofertas de Emprego Público correspondentes aos anos 2017, 2018, 2019 (1ª fase) na súa sesión de 28/04/2022, acordou propoñer o órgano competente o nomeamento dos aspirantes que tiñan superados todos os exercicios da oposición coa maior puntuación.

II.- O correspondente anuncio publicouse no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello de Vigo en data 28/04/2022.

III.- Por acordo de Xunta de Goberno local de data 03/05/2022, foron nomeados funcionarios en prácticas corenta e un aspirantes segundo o acordo do órgano de selección, quedando pendentes da achega da documentación os cinco aspirantes que manifestaron verbalmente ser policías locais de carreira e que polo tanto tiñan superado o curso e as prácticas da AGASP.

IV.- Segundo consta no informe de verificación administrativa obrante no expediente, os aspirantes que manifestaron ser policías locais e que se relacionan a continuación, presentaron dentro do prazo establecido ao efecto, xustificación de ter superado o curso e as prácticas da AGASP, polo que están en condicións de ser propostos para o seu nomeamento como policías de carreira:

NÚMERO	APELIDOS	NOME	DNI
1	JUSTEL IGLESIAS	R.	***3749**
7	HERNÁNDEZ MARÍN	F.	***3040**
19	ACEVEDO POSSE	J.	***7655**
23	PÉREZ NOGUEIRA	I.	***8767**
36	SANTOME SANTOS	A.	***1397**

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

### I.- Normativa de aplicación

A) -Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

- O artigo 128 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:

*“1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas.”*

- O artigo 133 do mesmo Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que *“el procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas.”*

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, dictada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

*“FD CUARTO.- (...) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: 1º) cabe una interpretación integradora de la normativa básica es-*





*tatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública.” A citada sentenza foi declarada firme por Providencia do Tribunal Supremo 08/03/2018 (R. Casación 3105/2017).*

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** establece que:

*“.....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) “El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución.”*

**B)** No ámbito da **Policía local** a Constitución española recolle no título VIII, artigo 148.1º.22, como unha das competencias que poderán asumir as comunidades autónomas, a coordinación e demais facultades relacionadas cas policía locais, nos términos que estableza unha ley orgánica. Neste marco, a Lei orgánica 2/1986, de 13 de marzo, regula no seu artigo 39 as competencias das comunidades autónomas.

De conformidade coas mencionadas disposicións, e no ámbito das competencias asumidas pola Comunidad Autónoma de Galicia, se promulgou a Lei 4/2007, de 20 de abril, de coordinación de policía locais. Ase mesmo é de aplicación o Decreto 243/2008, de 16 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 4/2007, de 20 de abril, de coordinación de policía locais.

O artigo 16 do referido Decreto, dispón que: “1. La superación del curso selectivo resulta obligatoria para acceder a la condición de personal funcionario de carrera en la categoría correspondiente. Sólo estarán dispensadas de realizar dicho curso aquellas personas que ya lo hubieran superado con anterioridad en la Academia Gallega de Seguridad Pública y los funcionarios que accediesen por movilidad desde la misma categoría desde otros cuerpos de policía local.

2. En el caso de la no incorporación al curso, o abandono del mismo sin terminarlo, excepto por causas excepcionales, se considerará que el aspirante no superó el proceso selectivo.

3. El alumnado que no supere el curso teórico-práctico en la academia, incluidas las pruebas de carácter extraordinario, perderá todos los derechos conseguidos en el proceso selectivo.”

Segundo consta no informe de verificación administrativa obrante no expediente, os aspirantes que manifestaron ser policías locais e que se relacionan a continuación, presentaron dentro do prazo establecido ao efecto, xustificación de ter superado o curso e as prácticas da AGASP, polo que están en condicións de ser propostos para o seu nomeamento como policías de carreira:

NÚMERO	APELIDOS	NOME	DNI
1	JUSTEL IGLESIAS	R.	***3749**
7	HERNÁNDEZ MARÍN	F.	***3040**
19	ACEVEDO POSSE	J.	***7655**
23	PÉREZ NOGUEIRA	I.	***8767**
36	SANTOME SANTOS	A.	***1397**

**C)** Consideracións sobre o nomeamento de funcionarios de carreira en atención ao marco normativo vixente.

O artigo 9 do citado TREBEP contempla expresamente que *“son funcionarios de carrera quienes, en virtud de nombramiento legal, están vinculados a una Administración Pública por una relación estatutaria regulada por el Derecho Administrativo para el desempeño de servicios profesionales retribuidos de carácter permanente”*, establecendo que *“en todo caso, el ejercicio de las funciones que impliquen la participación directa o indirecta en el ejercicio de las potestades públicas o en la salvaguardia de los intereses generales del Estado y de las Administraciones Públicas corresponden exclusivamente a los funcionarios públicos, en los términos que en la ley de desarrollo de cada Administración Pública se establezca.”*

Respecto da adquisición de tal condición, é no artigo 62 da mesma norma onde se contempla que:

“1. La condición de funcionario de carrera se adquiere por el cumplimiento sucesivo de los siguientes requisitos:

- a) Superación del proceso selectivo.
- b) Nombramiento por el órgano o autoridad competente, que será publicado en el Diario Oficial correspondiente.
- c) Acto de acatamiento de la Constitución y, en su caso, del Estatuto de Autonomía correspondiente y del resto del Ordenamiento Jurídico.
- d) Toma de posesión dentro del plazo que se establezca.



2. A efectos de lo dispuesto en el apartado 1.b) anterior, no podrán ser funcionarios y quedarán sin efecto las actuaciones relativas a quienes no acrediten, una vez superado el proceso selectivo, que reúnen los requisitos y condiciones exigidos en la convocatoria.”

Os prazos establecidos para a toma de posesión contéplase expresamente nas bases xerais rectoras dos procesos selectivos para a provisión das prazas incluídas na Oferta de Emprego Público 2017, 2018, 2019, dispoñibles para pública consulta na web municipal [www.vigo.org](http://www.vigo.org) e nos diarios e boletíns oficiais de publicación.

## **II.- Observacións respecto da xornada e horario.**

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase segundo estableza a xefatura da área ou servizo de destino, consonte ás necesidades obxectivas que se deriven da debida prestación dos servizos públicos e do servizo aos intereses xerais, podendo desenvolverse en horario de mañá ou tarde, ou en xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso normativamente contemplados, dacordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013 e modificacións posteriores, e concordantes, debendo considerar as peculiaridades que na prestación do servizo se deriven en cada caso.

## **III.- Sometemento a fiscalización previa e preceptiva**

O presente expediente debe ser sometido á preceptiva fiscalización previa á súa aprobación con carácter preceptivo, consonte ao establecido nos artigos 213 a 223 do RD lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais; concretamente, o artigo 214, que contempla que:

“1. La función interventora tendrá por objeto fiscalizar todos los actos de las entidades locales y de sus organismos autónomos que den lugar al reconocimiento y liquidación de derechos y obligaciones o gastos de contenido económico, los ingresos y pagos que de aquéllos se deriven, y la recaudación, inversión y aplicación, en general, de los caudales públicos administrados, con el fin de que la gestión se ajuste a las disposiciones aplicables en cada caso.

2. El ejercicio de la expresada función comprenderá:

- a) La intervención crítica o previa de todo acto, documento o expediente susceptible de producir derechos u obligaciones de contenido económico o movimiento de fondos de valores.
- b) La intervención formal de la ordenación del pago.
- c) La intervención material del pago.
- d) La intervención y comprobación material de las inversiones y de la aplicación de las subvenciones.”

## **IV.- Órgano municipal competente.**

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e da xestión económica do mesmo contemplado no artigo 127, letras g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora

das Bases do Réxime Local, resulta competente a Xunta de Goberno Local para a aprobación do presente expediente.

Adicionalmente, resulta preceptiva a previa conformidade da Concellería-delegada da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas por Decreto da Excm. Alcaldía de 16/04/2021 e por acordo da Xunta de Goberno Local de data 22/04/2021.

#### **V.- PROPOSTA DE ACORDO:**

**"PRIMEIRO.-** Nomear como persoal funcionario de carreira, con cargo ás prazas vacantes ofertadas na Oferta de Emprego Público 2017, 2018, 2019 (1ª fase) de Policía local, pola quenda libre, aos aspirantes propostos polo órgano de selección que superaron a totalidade dos exercicios do proceso selectivo e presentaron dentro do prazo establecido ao efecto, xustificación de ter superado o curso e as prácticas da AGASP, de acordo co previsión contida no artigo 16.1 do decreto 243/2008, do 16 de outubro, polo que se desenvolve a lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policías locais:

NÚMERO	APELIDOS	NOME	DNI
1	JUSTEL IGLESIAS	R.	***3749**
7	HERNÁNDEZ MARÍN	F.	***3040**
19	ACEVEDO POSSE	J.	***7655**
23	PÉREZ NOGUEIRA	I.	***8767**
36	SANTOME SANTOS	A.	***1397**

**SEGUNDO.-** Dispoñer que as persoas nomeadas deberán tomar posesión como funcionarios/as de carreira nas ditas prazas no prazo de 1 mes contado a partir da publicación do nomeamento no Diario Oficial de Galicia, de conformidade co previsto nas bases xerais reitoras da convocatoria.

**TERCEIRO.-** Notificar o presente acordo ás persoas interesadas, á Intervención Xeral Municipal, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente."



**Concello de Vigo**

**ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**17(400).- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás nove horas e quince minuto. Como secretaria dou fe.

SGF/me.

A CONCELEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,  
Yolanda Aguiar Castro.

O ALCALDE  
Abel Caballero Álvarez